



Memoria de Responsabilidade Social 2005



01

Carta de presentación do reitor





Carta de presentación do reitor

Na Universidade de Santiago estamos convencidos de que a análise das universidades, do seu obxectivo e cometidos, e dos recursos necesarios para desenvolvelos adecuadamente, non pode facerse unicamente desde a introspección. Entendemos que a autonomía universitaria debe ser, ante todo, unha autonomía responsable, o que supón cumprir coa docencia, a investigación e a prestación de servizos con calidade, asumindo o rendemento de contas perante a comunidade universitaria, os poderes públicos e o conxunto da sociedade. Esta ten que coñecer a actividade universitaria, cunha profundidade suficiente como para poder valorala. Por iso, desde o ano 2003, elaboramos e presentamos a nosa Memoria de Responsabilidade Social, para informar á sociedade como entendemos e executamos a nosa misión, definida no noso plan estratéxico como “coñecemento ao servizo da sociedade”.

Coa publicación da terceira Memoria de Responsabilidade Social a Universidade de Santiago afianza o seu compromiso e a súa vontade de ser unha universidade socialmente responsable. Nesta Memoria daremos conta da nosa actividade ao longo do 2005, as novas accións que puxemos en marcha, os novos compromisos que adquirimos, os novos retos que trazamos sen abandonar o que xa estaba camiñando. O curso 2004-05 é o último do mandato do equipo de goberno que iniciou este modelo de rendemento de contas, polo que se pecha unha etapa na construción dun modelo de universidade responsable e comprometida co desenvolvemento social, económico e medioambiental. Por iso nesta Memoria faremos un esforzo especial por explicar os nosos avances neste camiño, pero tamén falaremos dos retos non cumpridos, das metas prefixadas e aínda non acadadas.

Quero rematar agradecendo a toda a comunidade universitaria, e moi especialmente a quen asumiron a responsabilidade de gobernar conmigo, o traballo desenvolto, a súa participación e axuda, pois sen elas nada do que aquí se conta sería posible. Pero un equipo de Goberno non abonda para levar adiante un proxecto. A universidade é un proxecto de todos e de todas, por iso pido ás persoas comprometidas con nós, que traballemos para desenvolver este modelo de universidade socialmente responsable, construído conxuntamente desde a autonomía e a responsabilidade.

Senén Barro Ameneiro
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

02

O compromiso social da USC: misión, visión e valores



O modelo de Universidade responsable

O lema “coñecemento ao servizo da sociedade”, co que a USC define a súa misión, reflicte de maneira clara e inequívoca o compromiso da nosa Universidade coa sociedade. A USC asume a súa responsabilidade perante a sociedade comprometéndose coa calidade na docencia, na investigación e nos servizos que presta. Calidade, modernidade, intelixencia da organización e diálogo son as bases nas que descansa o noso modelo de universidade responsable.

CALIDADE

Apostar pola cultura da calidade é precisamente asumir unha responsabilidade de mellora continua, nun escenario de recursos públicos sempre limitados. A calidade non se presupón, hai que demostrala e, ao longo deste ano, a USC deu mostras moi claras dun compromiso irrenunciante neste sentido: a posta en marcha do Programa de Formación e Innovación Docente, o Plan de Calidade e as Accións de Mellora son algunhas das ferramentas que a nosa universidade puxo en marcha para o aseguramento da calidade da actividade universitaria.

MODERNIDADE

A USC ten que ser unha Universidade moderna, do século XXI, que non viva de costas ás tecnoloxías, capaz de liderar e universalizar a sociedade da información, e impregnarse dela para mellorar a súa docencia, investigación e xestión. O noso obxectivo é converter á nosa Universidade na máis moderna das universidades históricas e na Universidade moderna con máis historia dentro do Estado español. A USC debe ser unha universidade que aproveite o seu longo percorrido histórico, preservando aqueles elementos distintivos que a caracterizan como institución educativa comprometida coa creación e transmisión do coñecemento e cos resultados innovadores derivados da investigación, ao tempo que se superan aqueles

que as transformacións sociais, económicas, culturais e tecnolóxicas deixaron obsoletos, coa aspiración de seguir sendo un motor da sociedade que contribúa ao seu desenvolvemento sostible.

INTELIXENCIA

A organización intelixente crea e recrea continuamente o seu futuro. Asume que a aprendizaxe é unha actividade continua e creativa das persoas que a integran, e se transforma continuamente como resposta ás necesidades das persoas que a compoñen e tamén ás das empresas, organizacións e individuos cós que se relaciona (clientes, provedores, grupos sociais, etc.). A universidade intelixente é capaz de fixarse obxectivos e poñer os medios precisos para acadalos, anticipase aos cambios ou, incluso, os xera, aprende da experiencia, crea e opera de xeito descentralizado, distribuíndo responsabilidades de maneira cooperativa e competitiva, segundo o caso. Tamén posúe certa tolerancia a fallos dun sistema que lle permite actuar sobre os mesmos por medio de mecanismos de avaliación e corrección, aprendendo a actuar cada vez mellor. Queremos ser unha universidade intelixente, capaz de lograr a participación de todos, inventar grandes metas e planificar a súa consecución.

DIÁLOGO

Temos unha universidade aberta, en diálogo permanente e cada vez máis intenso coa sociedade. Na USC entendemos que as universidades non deben supeditar a calidade e a excelencia académicas e científico-técnicas en beneficio de criterios economicistas e curtopracistas. Pero tampouco deben escudarse nunca na identificación, sen discusión, entre universidade e libre albedrío docente e investigador. Temos que ser sensibles aos intereses e demandas dos estudantes, do noso contorno económico e social, dos empregadores, en definitiva, de todos os axentes implicados coas actividades e responsabilidades da universidade. Queremos ser unha universidade inserida plenamente na sociedade, unha universidade de portas abertas, sensible e comprometida con todo o que é importante para a sociedade.



OS NOSOS COMPROMISOS

ENCARARMOS DEFINITIVAMENTE A IMPLANTACIÓN DO DENOMINADO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR (EEES).

As reformas que este proceso carrexará no ámbito da educación superior son as máis relevantes desde hai décadas. Correspóndenos afrontar a reorganización e ampliación dos actuais títulos, que xuntamente cos programas de posgrao, deben conformar unha oferta docente ampla, atractiva e de calidade. Temos que mudar as dinámicas do proceso de ensino-aprendizaxe; reformar, ampliar e mellorar as nosas infraestruturas docentes...

Na USC, ao tempo que afrontamos este proceso, empezamos xa a construír un novo camiño, que poderá levarnos no futuro a un espazo iberoamericano de educación superior e, a través del, a un espazo Unión Europea-América Latina-Caribe (UEALC) de ensinanza superior. Esta idea elaborouse na Declaración de Compostela (febreiro de 2004), na que, ademais de reflectirse un diagnóstico institucional ante os complexos cambios das nosas sociedades, se establecen una serie de recomendacións dirixidas aos poderes públicos e aos axentes sociais, económicos, institucionais..., co fin de plasmar na práctica uns obxectivos que, como culmina a mencionada Declaración, “contribuirán ao desenvolvemento harmónico e sostible das nosas sociedades”.

REVALIDAR A POSICIÓN INVESTIGADORA DA USC NO ESPAZO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN.

O EEES é, sen dúbida, o principal reto, pero non é o único gran obxectivo que temos por diante. A condición da USC como unha das principais universidades investigadoras de España, debe revalidarse nun novo escenario, máis esixente, como será o Espazo Europeo de Investigación.


Será necesario mellorar a organización dos recursos, incrementar as infraestruturas e servizos de apoio á I+D+i e a súa dispoñibilidade, así como mellorar a súa xestión, dar estímulo e axuda aos investigadores, ás investigadoras e aos grupos de investigación, así como acentuar a transferencia dos resultados da investigación.

INTERNACIONALIZAR A USC

Temos que proxectarnos cada vez máis nun mundo, tamén cada vez máis próximo e internacionalizado, e iso vai alén de recibir un número crecente de estudantes do estranxeiro, aumentar a mobilidade do estudiantado propio e do noso persoal ou intensificar os acordos e convenios con institucións externas. A internacionalización esixe levar o selo “internacional” a todas as nosas actividades e unidades estruturais.

A GLOBALIZACIÓN EN REDE

Unha universidade responsable tampouco pode obviar a globalización cos seus aspectos positivos como a dispoñibilidade –potencial, polo menos– de novos produtos e servizos, a mobilidade, o estímulo á mellora permanente, e negativos como a imposición dunha homoxeneización de pensamento, cultural e ideolóxica. Na USC cremos que co traballo e implicación de todos e todas (administracións, universidades, empresas...), podemos facer unha globalización en rede que sirva tamén para xerar novas oportunidades nos países máis atrasados, sen que estes se teñan que pregar ás circunstancias, intereses, valores e xeitos de vida externos.



A UNIVERSIDADE DAS PERSOAS: A UNIVERSIDADE UN PROXECTO DE TODOS.

Na USC queremos facer unha universidade que pense, sobre todo, nas persoas. Por iso o noso plan estratéxico considera á persoa como elemento central da actividade universitaria. Queremos mellorar a súa situación, as súas condicións de estudo e de traballo, a súa formación e a súa promoción. Ser sensibles aos intereses e demandas dos estudantes, do noso contorno económico e social. Como docentes temos que “ensinar a aprender o que se debe saber”, “a seleccionar o que se debe coñecer” e “a comunicar o que se debe dicir”. Como institución de educación superior temos unha gran responsabilidade como formadores de persoas, non só con coñecementos teóricos e prácticos que lles permitan un axeitado exercicio profesional, senón tamén con suficiente capacidade crítica e con valores éticos que integren o compromiso social, o respecto polos dereitos humanos, o desenvolvemento sostible, etc.

SER UNHA INSTITUCIÓN DOCENTE E INVESTIGADORA E Á SÚA VEZ COMPROMETIDA SOCIALMENTE E EMPRENDEDORA.

A Universidade de Santiago quere estar preto da sociedade comprometida co investimento eficiente, eficaz e transparente dos fondos públicos, co futuro dos seus titulados e coa sustentabilidade. De aí o noso compromiso co bo goberno, a transparencia, o rendemento de contas, a responsabilidade social, a aposta pola calidade, a xustiza social, a igualdade, e un longo etcétera de liñas de acción coas que a nosa Universidade está xa comprometida, tal como reflicten os numerosos pasos que levamos dado nun camiño nunca completo.

OS NOSOS VALORES

A construción dunha universidade responsable supón a asunción dunha serie de valores que conforman un código ético, que aínda que non está especificado formalmente, se reflicte na nosa actividade:

- No compromiso ambiental
- No compromiso co desenvolvemento sostible
- Na preservación e potenciación dos nosos propios sinais de identidade cultural
- Na defensa da paz, do respecto aos dereitos das persoas en xeral, e dos noso estudantado e traballadores e traballadoras en particular
- No noso camiño pola transparencia, o rendemento de contas e o bo goberno
- Na defensa da ética na investigación e no respecto á propiedade intelectual
- Na nosa implicación coa transferencia á sociedade do coñecemento e os resultados do noso esforzo investigador
- No respecto pola diversidade e liberdade individual
- Na implicación coa formación en valores

03

O alcance da Memória de Responsabilidade Social 2005



O alcance da Memoria de Responsabilidade Social 2005

A UNESCO definiu o concepto de pertinencia, sinónimo de compromiso social e responsabilidade social, como a relación que existe entre o traballo realizado por unha institución ou organismo e o que a sociedade espera del. O exercicio da responsabilidade social das universidades vai intimamente ligado ao rendemento de contas perante a sociedade, informándoa de forma clara, completa e intelixible, da actividade, dando a coñecer o volume de recursos dispoñibles e como se xestionan, e a relación entre os recursos investidos e os resultados acadados. Por iso, o Claustro da Universidade de Santiago de Compostela acordou, no ano 2001, incluír a Memoria de Responsabilidade Social no seu rendemento anual de contas.

Recollendo este mandato do Claustro, un ano máis, e por terceiro ano consecutivo, a Universidade presenta a Memoria de Responsabilidade Social co obxectivo de informar á sociedade do noso desempeño nos eidos económico, social, laboral e medioambiental ao longo do ano 2005. Consideramos que a publicación da Memoria, non só é un esforzo de transparencia, senón que se trata dun exercicio de responsabilidade. Informamos á comunidade universitaria, ás empresas e ás institucións que empregarán aos graduados ou que aplicarán a investigación, ás autoridades educativas reguladoras, ao sistema universitario e aos distintos provedores de fondos e recursos públicos ou privados, facendo un esforzo singular para a comprensibilidade e a claridade. Por iso combinamos datos, reflexións, actuacións e compromisos.

A Universidade de Santiago, segue a ser a única que publica unha memoria deste tipo e temos que dicir que cada vez son máis as universidades que queren coñecer a nosa experiencia. No ano 2005 comezan os primeiros contactos para a constitución da Rede Universale (Universidades e Responsabilidade Social en América Latina e Europa), integrada polas universidades de Mid Sweden, Santiago de Compostela, Barcelona, Minho, Tecnolóxico de Monterrey, Chile, La Frontera, Concepción, Bos Aires e Hong Kong, que pretende establecer un modelo de xestión que incorpore criterios de responsabilidade social no ámbito universitario, recollendo os compromisos adquiridos no Global Compact e de acordo cos criterios do Global Reporting Initiative (GRI).

Desde o punto de vista metodolóxico, mantivéronse os criterios establecidos na Guía GRI do 2002, principal referente internacional na elaboración de memorias de sustentabilidade, así como os criterios establecidos polo noso equipo de cara ás singularidades propias das universidades que o GRI non recolle. O mesmo que as memorias anteriores, contempláronse datos e informacións do curso académico 2004-05 (de outubro de 2004 a setembro de 2005, ambos os dous inclusive), establecéndose, no caso de tratar informacións relacionadas coa xestión económica ou orzamentaria, o exercicio 2005 coma referente (de xaneiro a decembro inclusive).

O curso 2004-05 é o último do mandato do equipo de goberno actual, de aí que se fixera un esforzo especial por recoller indicadores que permitan facerse unha idea atinada do grao de cumprimento ou non dos proxectos acometidos establecendo, en algúns casos, períodos de comparabilidade que van alén do exercicio anterior. No resto dos casos faise a comparación cos datos dos exercicios anteriores, facilitando unha análise que mostre a evolución interanual. Un ano máis, para a selección e presentación de indicadores, tivéronse en conta en todo momento os criterios de: transparencia, globalidade, auditabilidade, exhaustividade, relevancia,


contexto de sustentabilidade, precisión, neutralidade, comparabilidade, claridade e periodicidade. Tamén incorporamos as opinións e suxestións dos diferentes grupos de interese da USC, tanto internos coma externos, así como todos os comentarios recibidos sobre a segunda Memoria, conseguindo deste xeito unha maior representatividade dos colectivos que participan na vida institucional e académica da Universidade. Así, este ano incluimos por vez primeira indicadores desglosados por sexo.

En definitiva, a publicación da nosa terceira Memoria de Responsabilidade Social constitúe unha presentación equilibrada e razoable do desenvolvemento económico, social, laboral e ambiental da nosa Universidade ao longo do ano 2005, ou do curso 2004/2005 segundo as cuestións consideradas. Afiázase así o compromiso da Universidade de Santiago coa sociedade. É preciso seguir afondando nesta relación, instando á colaboración de todas as partes interesadas, facilitando a súa participación no desenvolvemento do compromiso social da USC.



04

O noso perfil



O noso perfil

A Universidade de Santiago de Compostela é unha das institucións universitarias de maior tradición en Europa. Fundada en 1495 por Lope Gómez de Marzoa, ten a súa sede nas cidades históricas de Santiago e Lugo, onde ocupa unha superficie próxima a un millón de metros cadrados e posúe 82 edificios.

No curso 2004-2005 impartíronse na USC 69 titulacións, 159 cursos de posgrao, (41 másters, 40 cursos de especialización e 78 de formación continua) e 67 programas de doutoramento (24 con mención de calidade), aos que asistiron algo mais de trinta e oito mil estudantes, dos que dous terzos son mulleres.

No eido da investigación defendéronse 203 teses de doutoramento; asináronse 479 contratos, convenios ou servizos con empresas e institucións; e se obtiveron 573 proxectos de investigación que permitiron a captación de algo máis de 35,6 millóns de euros.

Desde o punto de vista dos recursos, a USC conta cun cadro de persoal de 2.151 profesores dedicados á docencia e á investigación, dos que algo máis do 63% son homes, e de 1.162 traballadores de administración e servizos no que a porcentaxe de mulleres acada o 56,2%. No ano 2005 dispuxo dun orzamento de 248,9 millóns de euros, dos que preto do 34% proceden de actividades de captación froito da iniciativa da nosa universidade. A rede sen fíos da Universidade de Santiago de Compostela é a primeira de Galicia e unha das primeiras de todo o Estado atendendo ao seu número de usuarios rexistrados. Foi recoñecida co Premio á Tecnoloxía da Información na Comunidade galega, na modalidade de institucións.

Por primeira vez incluímos datos relativos á presenza da muller na Universidade de Santiago, que no curso 2004-2005 colocan á USC como a segunda universidade do Estado en porcentaxe de mulleres matriculadas, cun 64,8%, só superado nunha décima pola *Universitat de Barcelona*, cifra que se eleva a algo máis do 67% entre as tituladas. Porén, cando analizamos os datos relativos ao cadro de persoal da USC, as maiorías se invirten e vemos que no ano 2005 só o 37% do persoal docente e investigador da USC está formado por mulleres, situación que mellora no persoal de administración e servizos (PAS), formado por mulleres nun 56,2%. Ao ser a primeira vez, intentamos amosar series que arrancan do curso 2001-02, aínda que a non dispoñibilidade de estatísticas anteriores desagregadas por xéneros fai que ás veces non sexa posible arrancar desde esta data; en tal caso, sempre partimos da máis antiga posible.

Todas estas cifras, xunto con outras que explicamos neste capítulo, conforman o noso perfil e son un elemento necesario para comprender a nosa actividade. Ao respecto, pódense atopar máis datos na nosa Web:

<http://www.usc.es>

04.1 Localización xeográfica



SANTIAGO DE COMPOSTELA



LUGO

04.2 Campus universitarios

04.2 A / CAMPUS DE SANTIAGO

En Santiago de Compostela o número de estudantes matriculados só en titulacións de primeiro e segundo ciclo ascende a 24.215, dos que o 54,29% procede da provincia da Coruña, o 26,71% da de Pontevedra e as de Lugo e Ourense achegan a este campus o 10,24% e o 7,11% dos estudantes, respectivamente.

Só o 13% dos universitarios de Santiago ten a súa residencia familiar na capital de Galicia. Algo máis de vinte mil, pertence ás outras cidades e concellos da Comunidade Autónoma e, preto do 2% do total, son de fóra.

04.2 B / CAMPUS DE LUGO

Dos 7.647 estudantes de primeiro e segundo ciclo matriculados neste campus, algo máis do 20% teñen a súa residencia familiar na cidade ou no seu contorno, mentres que os restantes proceden de todas as provincias galegas e das limítrofes Asturias e León, sen contar aos estranxeiros ou doutras provincias españolas que son aproximadamente o 3%.

Dos alumnos galegos que estudan no campus lugués, a metade procede da provincia de Lugo, o 30,6 % da Coruña, algo máis do 4% vén de Ourense e a porcentaxe restante corresponde á provincia de Pontevedra.



04.3 O Goberno da USC

04.3 A / O PRINCIPIO DE AUTONOMÍA UNIVERSITARIA

Para comprender o funcionamento das universidades é indispensable partir do principio de autonomía universitaria. Aplicando este principio, as universidades gozarían de autonomía económica, académica e de goberno. Este principio foi recollido pola Constitución española, xunto cas liberdades de cátedra, de estudo e de investigación, e pola Lei orgánica de universidades (LOU) que introduce a responsabilidade e a rendición de contas como elementos indispensables para o pleno exercicio desta autonomía:

"A autonomía universitaria esixe e fai posible que docentes, investigadores e estudantes cumpran coas súas respectivas responsabilidades, para satisfacción das necesidades educativas, científicas e profesionais da sociedade, así como que as universidades rendan contas do uso dos seus medios e recursos á sociedade".

No momento actual a autonomía universitaria ten máis que ver co grao de regulamentación que o Estado aplica á universidade. Realmente o principio de autonomía actúa como referente do goberno universitario, lexitimando á universidade como interlocutora perante os poderes públicos á hora de negociar e, sobre todo defender a liberdade de ensino e investigación e defender o carácter libre do saber universitario.

No Sistema Universitario Español:

As universidades son financiadas maioritariamente pola administración, gozando de autonomía para a xestión e administración dos seus recursos.

As universidades, en exercicio da súa autonomía, seleccionan ao seu persoal, e fixan os criterios de admisión de alumnos.

A autonomía académica permite ás universidades deseñar a súa oferta sendo o Estado o que garante a validez académica e profesional dos títulos universitarios de carácter oficial, aínda que as universidades poden ofrecer títulos propios. Nas universidades públicas a capacidade de autorregularse está sometida ás normas do Dereito Administrativo, aínda que gocen de autonomía organizativa, orzamentaria, etc.

As universidades autogobérganse. Os seus órganos colexiados teñen funcións de consulta, elección, xestión e control. Son numerosos, participativos e están abertos a todos os estamentos universitarios e a representantes dos intereses sociais no caso do Consello Social.

04.3 B / O GOBERNO DA USC

O autogoberno da universidade e a elixibilidade dos órganos de decisión é un elemento indisociable da autonomía universitaria, xa que realmente esta comeza co recoñecemento da lexitimidade dos membros da comunidade universitaria como axentes de decisión política na vida institucional universitaria. No exercicio desa autonomía as universidades elaboran as súas normas reguladoras e elixen aos seus órganos de goberno.

A Universidade de Santiago defínese nos seus estatutos: "A Real Universidade de Santiago de Compostela é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia e a investigación; actividades para as que goza de autonomía".

O Artigo 2º.1 establece os principios que han de inspirar o exercicio do autogoberno "A Universidade de Santiago de Compostela organizarase de xeito democrático e asegurará a participación dos diferentes sectores da comunidade universitaria no seu goberno, levará unha decidida defensa da igualdade entre homes e mulleres coa promoción da súa participación igualitaria na toma de decisións, segundo as recomendacións da Unión Europea, e asumirá os principios de liberdade, igualdade, xustiza e pluralismo como inspiradores da vida universitaria".

ORGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

XERAIS

Colexiados:

Consello Social. É o órgano de participación da sociedade na Universidade de Santiago de Compostela. A súa composición e funcións están regulamentadas pola Comunidade Autónoma.

Claustro. É o máximo órgano representativo da comunidade universitaria.

Consello de Goberno. Órgano ordinario de goberno da universidade.

Consello de Dirección. É un órgano de asistencia ao reitor integrado polos vicerreitores, o secretario xeral e o xerente.

Unipersoais:

Reitor/a. Máxima autoridade académica da universidade e ten a representación desta, exerce a dirección, goberno e xestión da universidade.

Vicerreitores/as. Correspóndelles coordinar e dirixir as actividades no ámbito de competencia que o reitor lles delegue:

Vicerreitor/a de Calidade e Planificación Estratéxica

Vicerreitor/a de Coordinación do Campus de Lugo

Vicerreitor/a de Economía e Financiamento

Vicerreitor/a de Estudantes e Relacións Institucionais

Vicerreitor/a de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade Universitaria

Vicerreitor/a de Investigación e Innovación

Vicerreitor/a de Organización Académica e Profesorado

Vicerreitor/a de Terceiro Ciclo e Extensión Docente

Vicerreitores/as adxuntos. A súa función é auxiliar ao/á reitor/a e/ou a un ou varios vicerreitores/as, no seu labor de goberno universitario.

- Vicerreitor/a adxunto/a de Economía e Infraestruturas

- Vicerreitor/a adxunto/a de Investigación, Terceiro Ciclo e Extensión Docente

- Vicerreitor/a adxunto/a de Organización Académica e Servizos á Comunidade Universitaria

Adxuntos/as aos/ás vicerreitores/as. Nomeados para auxiliar aos/ás vicerreitores/as no seu labor de goberno universitario.



Adxunto/a ao/á vicerreitor/a de Calidade e Planificación Estratéxica
 Secretario/a xeral. Encargarase de dar fe de todos os actos e acordos dos órganos de representación, goberno e administración xeral da universidade.
 Xerente/a. Ocúpase, baixo a dependencia do/a reitor/a, da xestión dos servizos administrativos e económicos da universidade.

FACULTADES OU ESCOLAS UNIVERSITARIAS

Órganos colexiados:

Xunta de Facultade ou Escola. Aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade ou Escola e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

Unipersonais:

Decano/a ou director/a. Representa á Facultade ou Escola, exerce a súa dirección e a xestión ordinaria, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

Vicedecano/a ou subdirector/a. Coordina ou dirixe, baixo a autoridade do/a decano/a ou director/a, a área ou áreas de competencias que este lles asigne.

Secretario/a. Dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do centro.

DEPARTAMENTOS

Órganos colexiados:

Consello de Departamento. É o máximo órgano de goberno e representación. A el corresponden a planificación e coordinación da docencia e a coordinación da actividade investigadora do departamento, a validación de programas docentes e sistemas de avaliación das materias das que sexa responsable.

Unipersonais:

Director/a. Representa ao Departamento, exerce a súa dirección, preside a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

Secretario/a. Dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Departamento.



INSTITUTOS UNIVERSITARIOS DE INVESTIGACIÓN:

Órganos Colexiados:

Xunta de Goberno. Aproba as liñas xerais de actuación no ámbito do Instituto. A ela corresponde, entre outros, a promoción do financiamento e a dotación do Instituto así como a elaboración da programación do mesmo e dos seus orzamentos para a súa aprobación no Consello de Goberno.

Consello científico. Ocúpase fundamentalmente da programación das actividades científicas, docentes e de asesoramento técnico do Instituto.

Unipersonais:

Director/a. Representa ao Instituto, exerce a súa dirección, preside a actuación dos seus órganos Colexiados e executa os seus acordos.

Secretario/a. Dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Instituto.

04.4 Oferta de titulacións da USC Curso académico 2004-05

04.4 A / TITULACIÓNS OFICIAIS POR ÁREAS



Ciencias da Saúde

Diplomatura en Enfermaría
Diplomatura en Enfermaría (Lugo) adscrita
Licenciatura en Farmacia
Licenciatura en Medicina e Cirurxía
Licenciatura en Odontoloxía
Licenciatura en Veterinaria (Lugo)

Ciencias Experimentais

Diplomatura en Óptica e Optometría
Licenciatura en Bioloxía
Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (2º ciclo) (Lugo)
Licenciatura en Física
Licenciatura en Matemáticas
Licenciatura en Química
Licenciatura en Química (2º ciclo) (Lugo)

Ensinanzas Técnicas

Enxeñaría Agrónoma (2º ciclo) (Lugo)
Enxeñaría de Montes (2º ciclo) (Lugo)
Enxeñaría Química
Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Explotacións Agropecuarias (Lugo)
Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Hortofruticultura e Xardinería (Lugo)
Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias (Lugo)
Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Mecanización e Construcións Rurais (Lugo)
Enxeñaría Técnica Forestal, especialidade en Explotacións Forestais (Lugo)
Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Química Industrial (Lugo)
Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas
Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, especialidade en Transportes e Servizos Urbanos (Lugo)
Enxeñaría Técnica en Topografía (Lugo)



Ciencias Xurídicas e Sociais

Diplomatura en Ciencias Empresariais (Lugo)
 Diplomatura en Educación Social
 Diplomatura en Relacións Laborais
 Diplomatura en Relacións Laborais (Lugo) adscrita
 Diplomatura en Traballo Social adscrita
 Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (2º ciclo) (Lugo)
 Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas
 Licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración
 Licenciatura en Comunicación Audiovisual
 Licenciatura en Dereito
 Licenciatura en Economía
 Licenciatura en Pedagogía
 Licenciatura en Psicoloxía
 Licenciatura en Psicopedagogía (2º ciclo)
 Mestre, especialidade en Educación Física (Lugo)
 Mestre, especialidade en Educación Infantil
 Mestre, especialidade en Educación Infantil (Lugo)
 Mestre, especialidade en Educación Musical
 Mestre, especialidade en Educación Primaria
 Mestre, especialidade en Educación Primaria (Lugo)
 Mestre, especialidade en Lingua Estranxeira
 Mestre, especialidade en Lingua Estranxeira (Lugo)
 Licenciatura en Xornalismo

Humanidades

Licenciatura en Filoloxía Alemá
 Licenciatura en Filoloxía Clásica
 Licenciatura en Filoloxía Francesa
 Licenciatura en Filoloxía Galega
 Licenciatura en Filoloxía Hispánica
 Licenciatura en Filoloxía Hispánica (Lugo)
 Licenciatura en Filoloxía Inglesa
 Licenciatura en Filoloxía Italiana
 Licenciatura en Filoloxía Portuguesa
 Licenciatura en Filoloxía Románica
 Licenciatura en Filosofía
 Licenciatura en Historia
 Licenciatura en Historia da Arte
 Licenciatura en Humanidades (Lugo)
 Licenciatura en Xeografía

04.4 B / TITULACIÓNS PROPIAS



1º CICLO

Diploma en Criminoloxía
Diploma en Xestión de Empresas Hostaleiras

2º CICLO

Gran Diploma de Xestión e Dirección de Empresas Hostaleiras
Graduado Superior en Biotecnoloxía
Graduado Superior en Enxeñaría Ambiental
Graduado Superior en Xerontoloxía

04.5 Organización da Universidade

04.5 A / FACULTADES E ESCOLAS UNIVERSITARIAS

As facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores e escolas universitarias son os órganos encargados da organización e xestión dos estudos conducentes á obtención de títulos académicos oficiais. Tamén poderán impartir ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.

As titulacións universitarias de grao superior ou segundo ciclo corresponderanlles sempre ás facultades e escolas técnicas ou politécnicas superiores.



Campus de Santiago

- Facultade de Bioloxía
- Facultade de Ciencias da Comunicación
- Facultade de Ciencias da Educación
- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
- Facultade de Dereito
- Facultade de Farmacia
- Facultade de Filoloxía
- Facultade de Filosofía
- Facultade de Física
- Facultade de Matemáticas
- Facultade de Medicina e Odontoloxía
- Facultade de Psicoloxía
- Facultade de Química
- Facultade de Xeografía e Historia
- Escola Técnica Superior de Enxeñaría
- Escola Universitaria de Enfermería
- Escola Universitaria de Óptica e Optometría
- Escola Universitaria de Relacións Laborais

Campus de Lugo

- Facultade de Administración e Dirección de Empresas
- Facultade de Ciencias
- Facultade de Humanidades
- Facultade de Veterinaria
- Escola Politécnica Superior
- Escola Universitaria de Formación do Profesorado

04.5 B / ESCOLAS DE ESPECIALIZACIÓN PROFESIONAL, HOSPITAIS UNIVERSITARIOS E ASOCIADOS E OUTROS CENTROS

As escolas de especialización profesional son centros universitarios orientados á formación e ao perfeccionamento profesional dos titulados universitarios ou, de ser o caso, de estudantes de cursos avanzados dos estudos universitarios.

Os hospitais universitarios terán como obxectivo fundamental o desenvolvemento, no máximo nivel científico-técnico, do labor asistencial e a realización das funcións docentes e investigadoras propias dos departamentos, centros e escolas profesionais vinculados ás áreas das ciencias da saúde.

Son centros docentes adscritos ou vinculados á USC os que dependen de institucións públicas ou privadas que impartan ensino universitario ou equivalente de nivel superior, coa autorización da universidade e baixo o seu control. A adscrición destes centros e a súa desvinculación será acordada pola Xunta de Galicia.

Ademais a USC conta con outros centros, entre os que se atopan o Centro de Estudos Avanzados (CEA), a Casa de Europa, ou o Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua (CPTF).

Escola de especialización profesional

Escola de Práctica Xurídica

Hospitais universitarios e asociados

Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS)

Hospital Clínico Veterinario Rof-Codina (HCV-RC)

Centros adscritos e vinculados

Centro Superior de Hostalaría de Galicia (Santiago)

Escola Universitaria de Enfermaría (Lugo)

Escola Universitaria de Relacións Laborais (Lugo)

Escola Universitaria de Traballo Social (Santiago)

04.5 C / DEPARTAMENTOS

Os Departamentos son os órganos básicos encargados da programación e do desenvolvemento do ensino e do apoio da investigación da área ou áreas de coñecemento que o integran.



DEPARTAMENTOS POR GRANDES ÁREAS

Área de Ciencias da Saúde

Anatomía e Produción Animal
 Anatomía Patolóxica e Ciencias Forenses
 Bioquímica e Bioloxía Molecular
 Ciencias Clínicas Veterinarias
 Ciencias Morfolóxicas
 Cirurxía
 Dermatoloxía e Otorrinolaringoloxía
 Enfermaría
 Estomatoloxía
 Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica
 Farmacoloxía
 Fisioloxía
 Medicina
 Microbioloxía e Parasitoloxía
 Obstetricia e Xinecoloxía
 Patoloxía Animal
 Pediatría
 Psiquiatría, Radioloxía e Saúde Pública

Área de Ciencias Experimentais

Álgebra
 Análise Matemática
 Bioloxía Animal
 Bioloxía Celular e Ecoloxía
 Botánica
 Edafoloxía e Química Agrícola
 Electrónica e Computación
 Estatística e Investigación Operativa
 Física Aplicada
 Física da Materia Condensada
 Física de Partículas
 Fisioloxía Vexetal
 Matemática Aplicada
 Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía
 Química Física
 Química Inorgánica
 Química Orgánica
 Xenética
 Xeometría e Topoloxía



Área de Ciencias Sociais e Xurídicas

Ciencias da Comunicación
 Ciencia Política e da Administración
 Dereito Común
 Dereito Mercantil e do Traballo
 Dereito Público e Teoría do Estado
 Dereito Público Especial
 Didáctica da Expresión Musical, Plástica e Corporal
 Didáctica das Ciencias Experimentais
 Didáctica da Lingua e a Literatura e das Ciencias Sociais
 Didáctica e Organización Escolar
 Economía Aplicada
 Economía Financeira e Contabilidade
 Fundamentos da Análise Económica
 Historia e Institucións Económicas
 Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa
 Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
 Organización de Empresas e Comercialización
 Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía
 Psicoloxía Evolutiva e da Educación
 Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía
 Socioloxía
 Teoría da Educación, Historia da Educación e Pedagogía Social

Área de Ensinanzas Técnicas

Enxeñaría Agroforestal
 Enxeñaría Química
 Producción Vexetal

Área de Humanidades

Filoloxía Alemá
 Filoloxía Francesa e Italiana
 Filoloxía Galega
 Filoloxía Inglesa
 Filosofía e Antropoloxía Social
 Historia Contemporánea e de América
 Historia da Arte
 Historia I
 Historia Medieval e Moderna
 Latín e Grego
 Lingua Española
 Literatura Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral
 Lóxica e Filosofía Moral
 Xeografía

04.5.D / INSTITUTOS E CENTROS DE INVESTIGACIÓN

Os institutos universitarios son centros destinados á investigación científica e técnica ou á creación artística.



Por acordo de Consello de Goberno de 17 de febreiro de 2005 foi creado o Centro Interdisciplinario de Estudos Americanistas "Gumersindo Busto". Este centro nace, por unha banda, con vontade de xuntar todos aqueles membros da comunidade universitaria de interese americanista, e por outra, dedícase á figura de quen se considerou o impulsor do americanismo na USC, Gumersindo Busto.

Institutos

Instituto da Lingua Galega (ILG)
 Instituto de Acuicultura
 Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)
 Instituto de Cerámica
 Instituto de Ciencias da Educación (ICE)
 Instituto de Ciencias Neurolóxicas "Pedro Barrié de la Maza"
 Instituto de Criminoloxía
 Instituto de Dereito Industrial
 Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)
 Instituto de Farmacia Industrial
 Instituto de Informática
 Instituto de Investigación e Análises Alimentarias
 Instituto de Investigacións Tecnolóxicas
 Instituto de Matemáticas
 Instituto de Medicina Legal
 Instituto de Ortopedia e Banco de Tecidos Musculoesqueléticos
 Instituto Galego de Física de Altas Enerxías

Centros propios de investigación

Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP)
 Centro de Estudos de Historia da Cidade
 Centro de Estudos e Investigacións Turísticas (CETUR)
 Centro de Estudos Fílmicos (CEFILMUS)
 Centro Interdisciplinario de Estudos Americanistas "Gumersindo Busto"

04.5 E / BIBLIOTECA UNIVERSITARIA (BUSC)

A Biblioteca Universitaria constitúe unha unidade funcional concibida como un centro de recursos para a docencia, a investigación, o estudo e a aprendizaxe. Como servizo básico ten a misión de facilitar o acceso e a difusión dos recursos de información e colaborar nos procesos de creación de coñecemento. A Biblioteca Universitaria estrutúrase nunha biblioteca xeral, once bibliotecas de facultade ou escolas universitarias e catro bibliotecas intercentros repartidas nos campus de Santiago de Compostela e Lugo.



Biblioteca Xeral

Bibliotecas Intercentros

Física e Óptica
Filosofía, Psicoloxía e Ciencias da Educación
Biblioteca Xurídica Concepción Arenal
Biblioteca Intercentros (Lugo)

Bibliotecas de Centros

Medicina e Odontoloxía
Xeografía e Historia
Ciencias Económicas e Empresariais
Filoloxía
Enfermaría
Ciencias da Comunicación
Bioloxía
Farmacia
Matemáticas
Química
Maxisterio (Lugo)

Bibliotecas adscritas

Instituto de Ciencias da educación (ICE) adscrita á biblioteca intercentros de Filosofía, Psicoloxía e Ciencias da Educación
Observatorio Astronómico Ramon M^º Aller adscrita á biblioteca de Matemáticas

Punto de servizo adscrito

Escola Técnica Superior de Enxeñaría Química ETSE adscrita á biblioteca de Química

Indicadores de actividade

A BUSC segue a ter unha posición destacada entre as bibliotecas universitarias nos indicadores de :

- Préstamo por usuario
- Préstamo interbibliotecario
- Gasto en recursos electrónicos sobre o total

Ocupando unha posición baixa:

- Gasto de monografías sobre o total
- Incremento de monogramas en papel por usuario

04.6 As cifras da USC

04.6 A / INDICADORES FÍSICOS



04.6 B / ESTUDANTES MATRICULADOS



04.6 C / TITULADOS



04.6 D / RECURSOS HUMANOS

	2004	2005
Campus universitarios	2	2
Metros cadrados construídos	465.172	491.999
Superficie ocupada pola USC	68 hectáreas	98 hectáreas

ESTUDANTES MATRICULADOS	2003/04	2004/05
En titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo	33.191	31.730
En titulacións propias	179	132
Terceiro ciclo	3.547	3.652
Másters	825	739
Cursos de especialización	613	551
Cursos de formación continua	649	1.123
IV Ciclo	158	185

TITULADOS	2003/04	2004/05
Titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo	4.450	4.530
Titulacións propias	24	42
Estudantes que acadaron o DEA	489	519
IV Ciclo (graduado senior)	18	23
IV Ciclo (graduado superior senior)	20	14

	2004	2005
Persoal Docente e Investigador	2.172	2.151
Persoal de Administración e Servizos	1.151	1.162
Persoal con cargo a actividades I+D	828	826

04.6 E / A PRESENZA DA MULLER NA USC



ESTUDANTES MATRICULADOS:

PORCENTAXE DE MULLERES SOBRE O TOTAL	2001/02	2002/03	2003/04	2004/05
Titulacións de 1º e 2º Ciclo (oficiais e propias)	63,5	63,7	64,4	64,8
Terceiro Ciclo (etapas de formación e de tese)	52,9	52,3	52,5	53,2
Másters, cursos de especialización e formación continua	64,1	64,9	62,5	67,1
IV Ciclo				66,5

TITULADOS:

PORCENTAXE DE MULLERES SOBRE O TOTAL	2001/02	2002/03	2003/04	2004/05
Titulacións de 1º e 2º Ciclo (oficiais e propias)	68,7	68,6	68,8	70,4
Estudantes que acadaron o DEA	52,1	54,1	55,9	56,7

RECURSOS HUMANOS:

PORCENTAXE DE MULLERES SOBRE O TOTAL	2002	2003	2004	2005
Persoal Docente e Investigador	37,4	37,4	37,2	37,0
Persoal de Administración e Servizos	55,7	55,2	55,7	56,2
Persoal con cargo a actividades I+D (contratadas proxectos)	50,8	50,7	53,4	52,8

04.7 Infraestrutura e servizos

INDICADORES FÍSICOS: INFRAESTRUTURA E SERVIZOS	2004	2005
Postos de lectura en bibliotecas	6.680	6.781
Ordenadores en aulas de informática	1.621	1.818
Rede con fíos: Puntos de rede cableada rexistrados	8.442	9.378
Rede sen fíos: Número de conexións	4.437	1.098
Rede sen fíos: Puntos de acceso instalados		590
Prazas ofertadas no Servizo Universitario de Residencias (2004-05)	1.660	1.400(*)

(*) O curso 2003-04 foi o último no cal se ofertou a R.U. "Elisa e Jimena Fernández de la Vega" (Monte do Gozo)

Estruturas de apoio á investigación

- Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT)
- Rede de Infraestruturas de apoio á investigación e ao desenvolvemento tecnolóxico (RIAIDT)
- Biblioteca Universitaria
- Arquivo Histórico Universitario
- Outros servizos: (Museo de Historia Natural "Luis Iglesias", Observatorio Astronómico Ramón M^º Aller, Estación de Bioloxía Mariña da Graña, Estación de Hidroloxía "Encoro do Con" e Herbario de Santiago)

Estruturas de transferencia da Investigación

- Centro de Innovación e Transferencia de Tecnolóxica (CITT)

Estruturas de Emprendemento

- UNIEMPRENDE
- UNINOVA
- UNIRISCO
- UNIBAN
- ÁREA DE AUTOEMPREGO

04.8 Orzamento

ORZAMENTO POR CAPÍTULOS (2005)	INGRESOS	GASTOS
I. Gastos de persoal	---	117.815.892,63
II. Gastos en bens correntes e servizos	---	32.002.692,11
III. Prezos públicos e outros ingresos	42.187.438,96	1.077.085,01
IV. Transferencias correntes	120.148.346,32	4.787.641,11
V. Ingresos patrimoniais	542.327,53	---
VI. Investimentos reais	---	93.063.503,77
VII. Transferencias de capital	39.286.289,30	83.190,00
VIII. Variación activos financeiros (remanente de tesouraría)	39.819.692,52	---
IX. Variación de pasivos financeiros	7.000.000,00	154.090,00
TOTAL	248.984.094,63	248.984.094,63

05

Docencia e oferta académica





Docencia e oferta académica

A mellora da calidade docente constitúe un obxectivo prioritario da Universidade de Santiago de Compostela. Acadalo esixe o traballo continuado, reflexivo e comprometido das distintas unidades encargadas da docencia e o liderado permanente de quen ten a responsabilidade de gobernar a universidade. De aí que as iniciativas emprendidas neste ámbito recollan o compromiso e contén coa participación das distintas unidades xa que este é o elemento imprescindible, non só para o seu éxito, senón tamén para a súa sostibilidade.

Os plans estratéxicos dos departamentos elaborados ao longo do 2005 constitúen, sen dúbida, un fito importantísimo nesta andaina cotiá, que é a mellora continuada da calidade. Dos 76 departamentos da USC, 70 entregaron os seus plans. Neles consta a implicación dos profesores universitarios na mellora da docencia, con prazos e compromisos na coordinación de materias, na preparación de materiais didácticos, no campus virtual, na análise periódica dos resultados da docencia, así como no proceso de harmonización co Espazo Europeo de Educación Superior. Terminada esta primeira etapa é preciso axustar compromisos, prazos e recursos para asinar os acordos que permitan aos departamentos da USC, en colaboración directa cos centros nos que imparten docencia, converterse nos motores da renovación docente.

Tamén, nesta liña de mellora, é imprescindible falar do primeiro Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) que, enmarcado no Plan de Calidade da USC, busca consolidar unha cultura da mellora e innovación da docencia. O plan ten en conta, como non podería ser doutra maneira,

as oportunidades derivadas da implantación do Espazo Europeo de Educación Superior que require un cambio dos métodos de ensino, para centralos na aprendizaxe dos estudantes. Artellouse coa colaboración directa dos decanatos e direccións dos centros da USC, participación que facilitou a presentación integrada dos procesos de innovación docente que se están aplicando na USC, favorecendo a transferencia horizontal de información, fundamental para a mellora da actividade de calquera organización. O nivel de participación acadado con máis de 1.917 asistentes e o grao de satisfacción amosado polos participantes son bos indicadores da oportunidade desta iniciativa.

Un ano máis avalíouse a calidade da docencia na USC, medindo a satisfacción do estudante e a valoración do profesor respecto da docencia que imparte. Por segundo ano consecutivo, mediuse a satisfacción dos estudantes matriculados en cursos de posgrao, e por vez primeira, a dos estudantes matriculados en programas de doutoramento. Ambas as dúas amosan un estudante altamente satisfeito, non só coa docencia recibida, senón tamén co funcionamento dos cursos e co traballo do profesor na aula. Así, o 84,7% dos estudantes de cursos de doutoramento manifesta que, dispoñendo da información que ten hoxe, volvería a matricularse no mesmo curso e o 75,5 % dos estudantes dos cursos de posgrao recomendaría o seu curso a outras persoas.

No referente á satisfacción do profesorado coa docencia en primeiro e segundo ciclo, a baixa participación non permite pechar conclusións pero sí perfilar tendencias que permitirían debuxar un perfil de docente moi motivado para impartir as súas materias (79,4%) e satisfeito da relación establecida co alumno (69,3%). O noso docente coñece o nivel de comprensión do estudante (64,3%), e considera que responde positivamente ao seu traballo (59,6%), pero non se amosa satisfeito coa actitude do estudante na clase nin co seu interese pola materia. Este profesor utiliza os servizos de apoio á docencia, dos que está satisfeito, e ten un grande interese por recibir formación (85,3%), preferentemente

no ámbito das TIC aplicadas á docencia.

Algunhas das cifras do campus virtual, amosan un crecemento dun 63% do número de profesores usuarios e un 32% de incremento no total de materias presentes. Así, no curso 2004-05, son 52 as titulacións viventes no campus virtual da USC fronte ás 45 do curso anterior.

Na USC somos unha universidade comprometida co noso contorno. Creamos a Comisión de Avaliación de Estudos da USC, que funcionará como observatorio de demanda e avaliará a calidade e impacto das ensinanzas impartidas, sendo a responsable de definir a oferta anual. Tamén nesta liña inscríbese a posta en marcha dunha experiencia piloto para o acceso dos titulados técnicos superiores da formación profesional aos estudos universitarios de primeiro ciclo, recoñecendo a correspondencia académica entre ciclos formativos superiores de FP e materias de estudos universitarios de 1º Ciclo. Con esta iniciativa a USC continúa a liña de cooperación e coordinación con outros niveis de ensino na procura de acadar o obxectivo final de mellorar o sistema educativo no seu conxunto para o que tamén se organizaron distintas actividades nas que participaron docentes de ensino medio e autoridades educativas.

Por último, é preciso salientar a obtención por parte da Universidade de Santiago de dúas certificacións outorgadas pola *Asociación Española de Normalización y Certificación* (AENOR) para o Sistema de Xestión de Calidade da Área Académica, que abrangue ao Servizo de Xestión Académica e o Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, segundo a norma UNE-EN-ISO 9001.

05.1 Capacidade docente e oferta académica

Unha das novidades máis salientables este curso é o recoñecemento, con carácter experimental, da correspondencia entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional específica e materias dos estudos universitarios de primeiro ciclo. Trátase dunha experiencia piloto cunha vixencia inicial de dous anos que pretende facilitar o acceso dos titulados técnicos superiores da formación profesional específica aos estudos universitarios de primeiro ciclo e recoñecerlles a formación adquirida no ciclo formativo superior que cursaran.

Oferta académica por áreas

	Nº titulacións (Campus Santiago)	Nº titulacións (Campus Lugo)	Total
Ciencias da Saúde	4	2	6
Ciencias Experimentais	5	2	7
Ciencias Xurídicas e Sociais	16	7	23
Ensinanzas Técnicas	2	10	12
Humanidades	13	2	15
Total	40	23	63

Ao abeiro desta experiencia piloto validaranse créditos de materias troncais, obrigatorias, de libre elección ou optativas de oito titulacións universitarias de primeiro ciclo, con titulacións de tres familias profesionais diferentes.

As materias obxecto de validación nos estudos universitarios concéntranse nas:

- Diplomatura en Enfermaría (Lugo)
- Diplomatura en Enfermaría (Santiago)
- Diplomatura Educación Social
- Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias
- Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Mecanización e Construcións Rurais
- Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Hortofruticultura e Xardinería
- Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Explotacións Agropecuarias
- Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Explotacións Forestais

05.1 A / A USC continúa a manter un alto potencial docente que se reflicte na cualificación do persoal dedicado á docencia.



	Ciencias da Saúde	Ciencias Experimentais	Ciencias Xurídicas e Sociais	Ensinanzas Técnicas	Humanidades	Total
Catedráticos/as de Universidade	51	120	66	14	58	309
Profesores/as titulares de Universidade	165	327	202	68	200	962
Catedráticos/as de Escola Universitaria	9	5	4	2	18	38
Profesores/as titulares de Escola Universitaria	19	29	24	21	41	134

% Mulleres sobre o Total

	Ciencias da Saúde	Ciencias Experimentais	Ciencias Xurídicas e Sociais	Ensinanzas Técnicas	Humanidades	Total
Catedráticas de Universidade	16%	8%	14%	7%	19%	12%
Profesoras titulares de Universidade	39%	47%	44%	26%	49%	44%
Catedráticas de Escola Universitaria	22%	40%	25%	0%	56%	39%
Profesoras titulares de Escola Universitaria	63%	45%	42%	10%	63%	47%

05.2 Avaliación da docencia

05.2 A / SATISFACCIÓN DOS ESTUDANTES COA DOCENCIA RECIBIDA

5.2 A 1 / TITULACIÓNS DE 1º E 2º CICLO

No curso 2004-05 a valoración media é superior á dos dous últimos anos en todos os cursos e se mantén a tendencia a incrementar a valoración en cursos superiores (máis acusada entre o cuarto e o quinto ano).

En canto ás valoracións por grandes áreas, apréciase unha melloría en todas as áreas agás ciencias da saúde, que baixa lixeiramente. As áreas de ciencias experimentais e ensinanzas técnicas son as que rexistran unha maior suba.


A atención recibida no horario de titorías é o aspecto mellor valorado, igual que en anos anteriores, manténdose tamén nos mesmos valores a porcentaxe de estudantes que utilizan o servizo de titorías, 35,6 %. Tamén se mantén como aspecto peor valorado o relativo ao estímulo do traballo persoal dos estudantes por parte do profesor.

Satisfacción dos estudantes coa docencia recibida

	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	5º curso
Media 2004-05	3,31	3,33	3,39	3,39	3,53
Media 2003-04	3,29	3,32	3,37	3,37	3,47
Media 2002-03	3,29	3,34	3,37	3,32	3,49

Escala de valoración desde 1 (moi en desacordo) ata 5 (moi de acordo)

Valoración por grandes áreas



5.2 A 2 / SATISFACCIÓN DO ESTUDANTADO COS CURSOS DE POSGRAO

Respecto ao curso 2003-04 (primeiro no que se realizou a avaliación) obsérvase un aumento xeralizado na satisfacción dos estudantes, e así no curso 2004-05 o 75,5 % destes recomendaríano a outras persoas, fronte ao 67,5 % do curso anterior.



O primeiro dato a salientar é as altas valoracións acadadas, dato aínda máis relevante tendo en conta que respondeu ao cuestionario o 75 % dos estudantes matriculados. Respecto ás valoracións:

Organización dos cursos:

Os aspectos mellor valorados son: o grao de cumprimento por parte dos profesores das cuestións relacionadas coa organización e desenvolvemento do curso, o control de asistencia e os métodos de avaliación.

O 67,9% (6 de cada 10) considera que o profesorado se implica no desenvolvemento do curso e o 64,4% está de acordo en que os horarios se cumpren segundo o previsto.

Só o 12,0% dos enquisados amosan a súa insatisfacción co desenvolvemento dos contidos do curso.

Satisfacción do estudantado nos aspectos relacionados coa docencia:

O aspecto máis valorado é o dominio da materia por parte do profesorado (máis de sete de cada dez enquisados están satisfeitos) ao que hai que engadir a adecuación dos contidos do curso, o fomento da participación nas clases e o material empregado.

Oito de cada dez estudantes están satisfeitos cos métodos de avaliación empregados e o 76,4 % cree que as prácticas son un bo complemento dos contidos teóricos.

O aspecto peor valorado é a coordinación entre os distintos módulos, no que catro de cada dez enquisados están satisfeitos.

5.2 A 3 / PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

Profundizando na cultura da avaliación para a mellora contínua ampliouse a avaliación dos cursos de doutoramento. Os resultados obtidos amosan altos niveis de satisfacción entre o estudiantado, especialmente no bloque referente á actividade docente, así o 84,7 % dos enquisados volvería a elixir novamente o programa no que está matriculado. Os ítems mellor valorados son os relacionados coa actividade docente.



PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

MEDIA CURSO 2004/05

Obxectivos do programa

Existe información previa suficiente	3,16
Están formulados de forma clara	3,22

Contidos do programa

Existe información previa suficiente	3,02
Están formulados de forma clara	3,21
Son axeitados de acordo co tema fundamental do programa	3,51
Están actualizados	3,81
O seu desenvolvemento realízase coa profundidade requirida	3,39

Actividade docente

Realízase un número suficiente de traballos académicos	3,83
O profesorado fomenta a actividade investigadora	3,71
O profesorado fomenta a crítica científica	3,59
O profesorado fomenta a participación dos estudantes	3,86
Os recursos utilizados na clase permitiron unha mellor comprensión dos conceptos	3,61

Coa información que teño hoxe, volvería a elixir novamente este programa para realizar os estudos de doutoramento? 84,7% SI

Escala de valoración desde 1 (nada satisfeito) ata 5 (moi satisfeito)

05.2 B / OPINIÓN DO PROFESORADO SOBRE A DOCENCIA

Con esta enquisa preténdense coñecer aspectos relativos á relación dos profesores cos estudantes, motivación para dar unha materia específica, os medios cos que se conta e tamén detectar se é preciso algún tipo de formación complementaria cara ao futuro.

05.2 B 1 / SATISFACCIÓN DO PROFESORADO COA DOCENCIA QUE DESENVOLVE


Os resultados amosan unha lixeira melloría mantendo os aspectos mellor e peor valorados. Un ano máis, a valoración máis alta corresponde á motivación que amosan os docentes para impartir as súas materias e a máis baixa o nivel inicial dos estudantes. Pola súa banda, sete de cada dez profesores (69,3%), están satisfeitos coa relación creada cos estudantes, pero non coa actitude do estudante na clase nin co seu interese pola materia.

05.2 B 2 / SATISFACCIÓN DO PROFESORADO COS SERVIZOS DE APOIO Á DOCENCIA


Este apartado presenta un lixeiro incremento fronte ao ano pasado, confirmando a tendencia a valorar positivamente estes recursos por parte daqueles docentes que os utilizan. Seis de cada dez profesores (59,2%) fixeron uso destes servizos para a docencia da súa materia, e deles, a metade manifesta estar satisfeito. No referente aos recursos existentes nos centros, máis de seis de cada dez profesores (62,3%) din que están satisfeitos ou moi satisfeitos.

Valoración por grandes áreas


Opinión do profesorado sobre a docencia



Satisfacción do profesorado cos servizos de apoio á docencia



Satisfacción do profesorado coa formación para a mellora da docencia



*Interese en recibir formación de apoio para a mellora da docencia (SI / NON) **SI 85,3 %**

05.2 B 3 / SATISFACCIÓN DO PROFESORADO COA FORMACIÓN PARA A MELLORA DA DOCENCIA

Máis de oito de cada dez profesores (85,3%) están interesados en recibir formación de apoio, sendo a formación nas TIC aplicadas á docencia a máis demandada, seguida do apoio didáctico específico por áreas de coñecemento. A medida que avanzamos nos cursos increméntase a demanda de formación didáctica xeral, sendo os profesores de 3º e 5º curso os que máis a demandan.

05.3

Cultura da calidade e mellora continua

05.3 A / TITULACIÓNS CON AVALIACIÓN REMATADA NO ANO 2005

No ano 2005 a USC tiña avaliadas o 90% das titulacións oficiais que oferta e que reúnen as condicións para ser sometidas ao proceso de avaliación.

Das titulacións pendentes de avaliar comezaron o proceso no 2005:

- Filoloxía Hispánica (Santiago e Lugo)
- Dereito

Por último, non se inclúe a Facultade de Veterinaria, incurso nun proceso de avaliación europeo distinto ao resto de titulacións da USC.



05.3 B / CONVOCATORIA ACCIÓNS DE MELLORA 2004-05

O obxectivo principal que considerou a USC nos procesos de mellora da calidade desenvoltos nos últimos anos foi tomar conciencia dos puntos fortes, das debilidades e deseñar accións concretas e realistas que contribúan a mellorar a calidade, contemplando a actividade universitaria no seu conxunto (docencia, investigación, xestión, infraestruturas, instalacións, etc.).

No que se refire especificamente ás titulacións, realizáronse procesos de avaliación e acreditación, establecendo, por primeira vez o curso pasado, unha liña de financiamento para implementar accións de mellora. Neste segundo período, a USC continúa estimulando as actividades de mellora con axudas que van destinadas a sufragar, en parte, os gastos ocasionados con motivo da introdución de melloras docentes contempladas no respectivo plan de mellora de cada titulación.



Líñas para a adxudicación de accións de mellora:

- Impulsar a avaliación institucional, ou procedemento equivalente, de titulacións.
- Ofrecer mecanismos de apoio e aseguramento de calidade.
- Actuación: Establecer medidas para a mellora de resultados académicos.

ACCIÓNS DE MELLORA 2004-2005	
IMPORTE E DISTRIBUCIÓN POR CENTROS	
Facultade de Bioloxía	9.000 €
Facultade de Ciencias da Comunicación	9.000 €
Facultade de Ciencias da Educación	28.500 €
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	18.000 €
Facultade de Ciencias Políticas e Sociais	10.000 €
Facultade de Farmacia	10.000 €
Facultade de Filoloxía	12.000 €
Facultade de Filosofía	12.000 €
Facultade de Física	9.000 €
Facultade de Matemáticas	10.200 €
Facultade de Psicoloxía	15.000 €
Facultade de Química	15.000 €
Facultade de Xeografía e Historia	18.000 €
Escola Técnica Superior de Enxeñaría	12.000 €
Escola Universitaria de Enfermaría	9.000 €
Escola Universitaria de Óptica e Optometría	9.000 €
Escola Universitaria de Relacións Laborais	9.200 €
Facultade de Administración e Dirección de Empresas	12.000 €
Facultade de Ciencias	9.500 €
Facultade de Humanidades	9.000 €
Facultade de Veterinaria	10.000 €
Escola Politécnica Superior	12.000 €
Escola Universitaria de Formación do Profesorado	12.000 €
	279.400 €

05.3 C / RECURSOS ACADÉMICOS PARA MELLORAR A ACCIÓN DOCENTE (PLAN DE CALIDADE DA DOCENCIA):

Materias Ponte

Por cuarto curso consecutivo a USC ofertou unha serie de materias destinadas a todos aqueles estudantes que acceden por primeira vez á universidade e queren reforzar as súas aptitudes para cursar de forma satisfactoria as materias do primeiro curso. Por vez primeira estas materias se impartiron antes do inicio do curso, co obxectivo de evitar unha “sobrecarga” de horas lectivas, ao ter que compaxinar estas coas materias convencionais, e conseguir que os novos estudantes comecen o curso cun nivel axeitado de coñecementos respecto aos esixidos na titulación que inician.

Tamén por primeira vez os estudantes que se matricularon nestas materias tiveron a ocasión de aloxarse nunha residencia universitaria.

Inclusión dos programas das materias na rede:

Continúase coa iniciativa posta en marcha no curso pasado sendo 5.431 o total de materias que teñen os seus programas na rede en idioma castelán, galego, inglés, francés, alemán, italiano, ou portugués.

Programa de apoio tutorial extraordinario

A USC continúa con esta iniciativa dirixida aos estudantes cun máximo de dúas asignaturas pendentes e catro convocatorias esgotadas en cada unha. No curso 2004-05 solicitaron este programa 29 estudantes, dos que 12 aprobaron en convocatoria fin de carreira, 15 en xuño e 1 en setembro.

AS CIFRAS DAS MATERIAS PONTE

O 93 % dos estudantes que cursaron materias ponte recomendarían a outros compañeiros que cursasen estas materias.


Estudantes matriculados: 606 que representan o 37,4 % do total de alumnos matriculados en 1º ano das titulacións que ofertan materias ponte (1.618) e o 12% do total de estudantes de novo ingreso da USC (3.905).

Perfil do estudiantado: a maioría superou a selectividade na convocatoria de xuño e está matriculado en máis dunha asignatura.

Nº de materias ofertadas : 11 (7 en Santiago e 4 en Lugo).

Nº de titulacións con materias ponte: 23 (17 en Santiago e 6 en Lugo).

Materias con programa na rede en % do total



05.3 E / PREMIOS Á INNOVACIÓN EDUCATIVA

Estes premios, que no ano 2005 acadan a súa V edición, creáronse coa finalidade de fomentar a innovación no ensino superior para dar pulo aos procesos de mellora do ensino-aprendizaxe nos centros e departamentos da Universidade de Santiago, e contribuír á colaboración institucional na construción do Espazo Europeo de Educación Superior.

O contido debía tratar sobre unha experiencia educativa innovadora realizada no ámbito da USC nos últimos tres anos e que supoña algún tipo de práctica docente susceptible de ser ampliada, e mesmo xeralizada, a outros contextos do ensino superior, tanto dentro como fóra da USC. A experiencia terá sempre relacións con algún tipo de actividade con posibilidade de incidir na mellora do ensino e da aprendizaxe na universidade.

Nesta V edición as propostas presentadas debían estar referidas a algunhas das seguintes temáticas:

- Titoría universitaria.
- Novas tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Prácticum das diferentes titulacións.
- Metodoloxías docentes innovadoras e avaliacións da aprendizaxe.
- Experiencias que vinculen as aprendizaxes do estudiantado con marcos de extensión universitaria.



05.3 F / PROGRAMA DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN DOCENTE (PFID)

Este programa impartíuse por primeira vez no curso 2004-05, dirixido a todos os docentes da USC. Enmárcase especificamente no Plan de Calidade da USC e pretende consolidar unha cultura da mellora e innovación da docencia na Universidade de Santiago.

Avaliación do programa:

O nivel de asistencia foi moi alto, xa que asistiron 1.917 alumnos todos eles profesores da USC, que fan unha valoración moi positiva das actividades desenvolvidas, xa que 8 de cada 10 recomendarían a outros compañeiros inscribirse nelas.



Asistentes por tipo de actividades

Temática	Asistentes
Guías docentes (1ª Fase)	362
Guías docentes (2ª Fase)	241
Metodoloxía e avaliación	162
Orientación e tutoría universitaria	12
TIC aplicadas á docencia	362
EEES. Rol docente	281
EEES. Xornadas	124
Prácticas docentes innovadoras na USC	139
Prácticas docentes innovadoras-Grupos de mellora	80
Habilidades docentes. Educación da voz	83
Habilidades docentes. Expresión oral e escrita	33
Habilidades docentes. Falar en público	38
Total Xeral	1917

Valoración global (escala desde 1=nada satisfeito ata 5=moi satisfeito) **3,99**

Cobertura das expectativas dos participantes (escala desde 1 a 5) **3,86**

05.3 G / NOVAS TECNOLOXÍAS NO ENSINO

O CENTRO DE TECNOLOXÍAS PARA A APRENDIZAXE (CETA)

As tarefas relacionadas coa formación e a incentivación do uso do campus virtual seguiron sendo a actividade fundamental do CETA. No curso 2004-05 increméntase notablemente o uso do campus virtual cunha suba do 63% no número de profesores usuarios e do 32% no total de materias presentes, sendo 52 as titulacións presentes no mesmo.

As actuacións formativas encadráronse no Programa de formación e innovación docente. Tanto a boa resposta obtida na asistencia aos cursos, cun índice de asistencia do 97,2 %, como o feito de que nestes cursos participaran docentes pertencentes a 72 dos 76 departamentos existentes na USC, pódese considerar como un bo indicativo do interese que esperta o emprego das TIC nos docentes da Universidade de Santiago.

Campus virtual	Curso 2003-04	Curso 2004-05
Usuarios PDI	297	799
Número de materias activas (1º e 2º ciclo, 3º ciclo, Posgrao e Formación Continua)	223	349
Titulacións presentes no campus virtual	45	52

Distribucion das materias presentes no campus virtual por titulación e grande área		CAMPUS DE SANTIAGO
Ciencias da Saúde	Lic. Farmacia	16,20%
	Lic. Medicina	2,80%
	Lic. Odontoloxía	1,80%
Ciencias Experimentais	Lic. Bioloxía	13,30%
	Lic. Física	16,30%
	Lic. Matemáticas	17,20%
	Lic. Química	7,80%
Ciencias Xurídicas e Sociais	Dip. Relacións Laborais	5,90%
	Lic. Administración e Dirección de Empresas	21,30%
	Lic. CC. Políticas e da Administración	1,40%
	Lic. Comunicación Audiovisual	1,40%
	Lic. Dereito	5,10%
	Lic. Economía	8,30%
	Lic. Psicoloxía	6,50%
	Lic. Psicopedagogía	4,70%
	Lic. Xornalismo	1,80%
	Mestre, esp. Educación Infantil	3,10%
	Mestre, esp. Educación Musical	5,40%
Mestre, esp. Educación Primaria	6,80%	
Mestre, esp. Lingua Estranx.	2,60%	
Ensinanzas Técnicas	Enx. Química	14,70%
	Enx. Téc. Informática Sistemas	11,40%
Humanidades	Lic. Filoloxía Galega	0,50%
	Lic. Filoloxía Hispánica	0,90%
	Lic. Filoloxía Italiana	0,50%
	Lic. Historia	1,20%
	Lic. Historia da Arte	9,70%
	Lic. Xeografía	5,80%
Titulacións propias	GS Biotecnoloxía	10,80%
	GS Enx. Ambiental	2,80%
	GS Xerontoloxía	88,20%



Distribucion das materias presentes no campus virtual por titulación e grande área		CAMPUS DE LUGO
Ciencias da Saúde	Lic. Veterinaria	23,8%
Ciencias Experimentais	Lic. Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	6,5%
	Lic. Química	10,5%
Ciencias Xurídicas e Sociais	Dip. Ciencias Empresariais	25,5%
	Dip. Relacións Laborais (adscriita)	2,9%
	Lic. ADE	40,9%
	Mestre, espec. Educación Física	4,2%
	Mestre, espec. Educación Infantil	6,1%
	Mestre, espec. Educación Primaria	2,6%
	Mestre, espec. Lingua Estranxeira	2,7%
Ensinanzas Técnicas	Enx. Agrónoma	11,5%
	Enx. Montes	14,5%
	ETA (materias comúns)	33,3%
	ET OOPP	42,1%
	ET Topografía	35,3%
	ETF, Expl. Forestais	26,2%
	ETI Química Industrial	7,6%
	ETA Expl. Agropecuarias	20%
	ETA Hortofructic. e Xard.	28,6%
	ETA Ind. Agrarias e Alimentarias	20%
ETA Mecanización e Construcións Rurais	17,6%	

Un ano máis o CETA promoveu a “Convocatoria de proxectos de innovación educativa por medio de USC virtual” que este ano acada a súa IV Edición. Esta convocatoria foi creada co obxectivo de impulsar a posta en marcha de proxectos orientados á mellora da calidade da docencia por medio da integración das TIC. O orzamento deste ano foi de 63.344,17€ e os criterios de selección priorizaban aquelas iniciativas do profesorado que fomentasen a innovación nos métodos docentes, promovesen propostas didácticas centradas na aprendizaxe autónoma do alumno ou a creación de materiais didácticos que fixeran uso das TIC.

Os proxectos subvencionados supuxeron a implicación de 354 materias pertencentes a 36 titulacións e a 5 grandes áreas de coñecemento.

As cifras da IV convocatoria amosan unha importante suba respecto á convocatoria anterior. No curso 2003-04 presentáronse 19 proxectos que implicaban a 128 profesores de 130, no 2004-05 entre todos os proxectos concedidos implicáronse 224 profesores e 354 materias de 36 titulacións, estando representadas todas as áreas de coñecemento

Liñas de actuación	Proxectos presentados	Proxectos subvencionados	Profesores implicados
1º “Formación regrada: primeiro e segundo ciclo e materias de nivelación”	48	34	189
2º “Formación regrada: terceiro ciclo”	4	2	35
TOTAL	52	36	224



05.3 H / CERTIFICACIÓN DE SISTEMAS DE XESTIÓN DA CALIDADE NA ÁREA ACADÉMICA

Neste apartado convén salientar a obtención por parte da Universidade de Santiago de dúas certificacións outorgadas pola *Asociación Española de Normalización y Certificación* (AENOR) para o Sistema de Xestión de Calidade da Área Académica, que abrangue ao Servizo de Xestión Académica e o Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, segundo a norma UNE-EN-ISO 9001. Ambas as dúas certificacións teñen validez ata marzo do ano 2008.

05.4 Espazo Europeo de Educación Superior

- Programa piloto de adaptación ao EEES (Espazo Europeo de Educación Superior) promovida pola ACSUG. Continúa a experiencia nas titulacións de Bioloxía, Dereito, Enfermaría e Filoloxía, ás que se engaden Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas, Mestre: especialidade Educación Infantil, Psicoloxía e Matemáticas. Para as novas titulacións que participen na experiencia seguirase o plan de traballo realizado polas anteriores.
- Programa de Competencias Profesionais Básicas
É unha iniciativa para a implantación anticipada de créditos ECTS dentro do marco legal e institucional do que será o futuro Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) na Escola Universitaria de Formación de Profesorado do Campus de Lugo.
- Posta en marcha do espazo web da USC dedicado ó EEES e que se pode consultar no seguinte enderezo: <http://www.usc.es/eees/>



05.5 Cooperación para a mellora

A USC entende que a mellora debe producirse en todas as fases do sistema educativo, por eso desenvolve accións de divulgación e aprendizaxe conxunto con autoridades e axentes educativos de distintos niveis do ensino durante o curso 2004-2005.

- I PREMIOS A ARTIGOS SOBRE EDUCACIÓN convocados pola Universidade de Santiago, e a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria. Coa convocatoria trátase de dar pulo á deliberación e análise das cuestións que afectan á mellora do sistema educativo galego á vez que se pretende reforzar o necesario protagonismo do profesorado. As dúas institucións convocantes coinciden en salientar a importancia de prestar atención ás visións e perspectivas que manifesta o profesorado dos diferentes niveis do ensino sobre a calidade e mellora dos procesos educativos.
- XORNADA DE ANÁLISE, REFLEXIÓN E DEBATE SOBRE O INFORME 2003 DO PROGRAMA PARA A AVALIACIÓN INTERNACIONAL DOS ALUMNOS (PISA), organizada pola Facultade de Ciencias da Educación. O impacto social da publicación deste informe levou á USC a organizar esta xuntanza, á que foron convocados os directores de todos os centros galegos con ESO e a inspección educativa, entre outros.
- XORNADA DESENVOLVIDA EN TORNO AO FRACASO ESCOLAR IMPARTIDA POLO PROFESOR ANDRÉ ANTIBI, autor da teoría da “constante macabra” na que se analizaron, perante profesores universitarios e do ensino medio, ferramentas para combatir esta situación a partir de experiencias realizadas en Francia por máis de 200 docentes de diferentes materias.
- XORNADAS DE DIVULGACIÓN DO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR dirixida ao ensino medio que contou coa asistencia de 60 directores e orientadores de centros de ensino medio.



06

Fomento da Investigación e novas Tecnoloxías



Fomento da Investigación e novas Tecnoloxías

A USC xestionou no ano 2005 un total de 35,59 millóns de euros para o financiamento de actividades de I+D, consolidándose a evolución rexistrada nos últimos anos, que presenta un crecemento continuado no volume de recursos externos que a sitúan coma a sexta universidade de España en contratación de I+D. Do total xestionado, máis de 12 millóns de euros se corresponden con actividades de I+D realizadas mediante contratos e convenios coas Administracións, empresas e servizos técnicos e de asesoramento, destacando os proxectos en xenómica, tanto humana como acuícola, así como con actividades desenvolvidas con empresas da industria farmacéutica.

O resto dos recursos externos captados procederon das convocatorias de proxectos estatais, no que a USC é a oitava universidade española en competencia e participación, dobrando a participación conxunta das outras dúas universidades galegas; de proxectos autonómicos, onde a USC acada un 55 % dos proxectos universitarios do Plan Galego de I+D; das accións institucionais de I+D; convocatorias de recursos humanos de I+D e convocatorias de proxectos europeos, onde a USC se atopa entre as 15 primeiras universidades españolas.

O carácter de universidade completa da USC tamén se manifesta na actividade investigadora. Así no ano 2005 a USC presenta proxectos competitivos e contratos con sectores sociais e económicos en todas as áreas de coñecemento. A área de ciencias experimentais concentra algo máis do 47 % do total dos recursos xestionados, seguida da de ciencias da saúde co 22,66 %, mentres que ciencias xurídicas e sociais, ensinanzas técnicas e humanidades achegan aproximadamente o 30 % destes recursos. Se atendemos á área socioeconómica á que se refiren os proxectos, as actividades cun maior volume de recursos foron as relativas

a biomedicina e farmacia, o medio, economía e estudos sociais, tecnoloxía de alimentos, TIC, produción agraria e agroindustria, produción industrial, materiais e, finalmente, xestión do patrimonio histórico e recursos mariños e acuicultura.

No período comprendido entre os anos 1991 e 2005, a USC solicitou un total de 125 patentes, das que 48 se tramitaron no bienio 2003-05, supoñendo este dato preto do 40% das solicitudes dos últimos quince anos. Ademais de cursar estas peticións, a USC obtivo nove licencias entre 2003 e 2005, destacando no campo da biomedicina a patente de sistemas de liberación de medicamentos, base para a alianza con ADVANCELL e o seu establecemento en Galicia. Salientables son tamén as patentes de vacinas para peixes, xa no mercado e usadas por toda a industria acuícola, as de materiais cerámicos e biomateriais, de metodoloxías de tratamento e xestión de refugallos e software.

No eido da produción científica, a institución docente compostelá é a que publica máis do 60 por cento dos artigos internacionais xerados en Galicia, a que ademais é a quinta Comunidade Autónoma de España neste apartado. A USC é a quinta universidade pública española con máis profesorado funcionario con actividade investigadora avaliada. O 61,38% dos profesores da USC ten a actividade investigadora avaliada, porcentaxe só superada pola Autónoma de Madrid, a Carlos III, a Pompeu Fabra e a Autónoma de Barcelona.

A Universidade de Santiago continuou durante o exercicio 2005 facendo unha forte aposta polo emprendemento universitario, co fortalecemento das estruturas e servizos de apoio a este, ou o asesoramento para a creación de empresas que redundaron na difusión da cultura emprendedora e na detección de proxectos empresariais. Fito importante en 2005 foi a constitución da Sociedade de Capital Risco Uninvest, participada por 16 universidades, incluídas as tres galegas, e nove inversores do sector financeiro, empresarial e de entidades públicas, que comezou xestionando un fondo de 18,5 millóns de euros.

A USC converteuse nos últimos anos nun referente entre as universidades españolas na aplicación das tecnoloxías da información e das comunicacións nos seus distintos ámbitos de actuación como a docencia, a investigación ou a prestación de servizos. No ano 2005 completou a rede sen fíos, dando cobertura á totalidade dos edificios dos Campus de Santiago de Compostela e Lugo, o que supón un grao de despregue das tecnoloxías wi-fi sen precedentes no resto de universidades do Estado, o que a fixo acreedora do Premio á Tecnoloxía da Información na Comunidade Galega, na modalidade de institucións. Tamén resultou finalista na terceira edición dos Premios Eganet, convocados pola Asociación de Empresas Galegas Dedicadas a Internet, na categoría de mellor uso de tecnoloxías de Código Aberto, pola ferramenta e-Sicus, aplicación de xestión económica baseada en tecnoloxía de *Open Source*. Ademais, a Universidade de Santiago de Compostela obtivo o Premio Galicia de Comunicación 2005 da Xunta de Galicia na modalidade de “mellor empresa ou institución que destaca por un singular esforzo no campo da comunicación polo seu xornal electrónico, proxecto pioneiro en Europa e que tivo unha grande acollida entre a comunidade universitaria”.

O 25 de outubro, con motivo da celebración do día de Internet, a USC subscribiu a *Declaración de Principios para construír la Sociedad de la Información*, que recolle os principios expresados na *Cumbre Mundial sobre la Sociedad de la Información* de Xenebra, ratificados por mandatarios de 120 países. Con esta adhesión a USC reafirma o desexo e o compromiso común das entidades asinantes a prol da construción dunha “sociedade da información centrada na persoa, integradora e orientada ao desenvolvemento, en que todos poidan crear, consultar, utilizar e compartir a información e o coñecemento, para que as persoas, as comunidades e os pobos poidan empregar plenamente a súas posibilidades na promoción do seu desenvolvemento sostible e na mellora da súa calidade de vida, sobre a base dos propósitos e principios da Carta das Nacións Unidas e respectando plenamente e defendendo a Declaración Universal de Dereitos Humanos”.



06.1 Recursos para a investigación

06.1 A / No ano 2005 a USC segue sendo o principal recurso tecnolóxico de Galicia, cun alto potencial investigador, incrementándose con respecto o ano 2004 o número de docentes titulares de proxectos e contratos de investigación.



	2004		2005	
	Número	% sobre o total do PDI da USC	Número	% sobre o total do PDI da USC
PDI con proxectos e/ou contratos de investigación	575	26%	662	31%
PDI con produción científica e/ou contratos/proxectos de investigación	1.650	76%	1.596	74%

06.1 B / A USC continúa a desempeñar un labor formativo importante de capital humano no eido da investigación, cun importante labor de captación en programas nacionais coma o “Ramón y Cajal”.



06.1 C / Mantense o compromiso da USC coa carreira investigadora, priorizando a contratación laboral sobre a concesión de bolsas de colaboración en traballos de investigación. No ano 2005 formalízanse 826 contratos laborais e continúa a liña descendente na contratación de bolseiros para tarefas de investigación.

Distribución do persoal contratado e bolseiros/as con cargo a actividades de investigación	2004	2005
Convocatorias nacionais		
MEC-FPI/FPU	61	54
Ramón y Cajal	9	7
Juan de la Cierva	4	4
Total	73	65
% mulleres	75,7%	45,1%
Convocatorias autonómicas		
Xunta-Terceiro Ciclo	63	62
Xunta-Predoutorais	147	89
Xunta-FP2	18	20
Parga Pondal	18	20
Técnicos RIAIDT	21	21
Total	267	212
% mulleres (*non inclúe RIAIDT)	41,4%	45,6%
Convocatorias propias da USC		
USC-Predoutorais	19	20
USC-Posdoutorais	11	10
Bolsas concedidas	453	428
Contratos formalizados	828	826
Total	1311	1284
% mulleres	60,8%	55,3%



06.1 D / No ano 2005 a USC achega ao Sistema Universitario de Galicia o 58,5% dos seus novos doutores. Mantense o crecemento do potencial investigador da USC, medrando a porcentaxe de doutores sobre o total de profesorado e o número de investigadores inscritos no rexistro de investigadores en formación e perfeccionamento da USC.

	2004	2005
Doutores/as (% sobre o total do PDI)	78,3%	78,6%
Doutores/as (% mulleres sobre o total do PDI)	37,8%	37,6%
Investigadores/as inscritos/as no rexistro de investigadores en formación e perfeccionamento da USC	1050	1070
% Investigadoras inscritas no rexistro de investigadores en formación e perfeccionamento da USC		53%
Número de teses defendidas	199	196

06.1 E / GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

No ano 2005 apróbase o novo catálogo grupos de investigación da USC.



Co catálogo de grupos de investigación a Universidade de Santiago pon ao servizo da sociedade as capacidades e o coñecemento de máis de trescentos grupos de investigación, que abranguen todas as áreas socioeconómicas. Nel recóllese información básica e actualizada sobre a denominación, composición, servizos e liñas de investigación que desenvolven os grupos de investigación, así como as actividades desenvolvidas nos últimos anos.

06.1 F / RECURSOS MATERIAIS

No período 2001-05 a USC captou, en convocatorias competitivas destinadas ao financiamento de infraestruturas, preto de 35 millóns de euros, dos cales 18.882.936,80 corresponden ao 2005. Na última convocatoria do FEDER a USC captou a maior parte dos fondos destinados á Comunidade Autónoma de Galicia.



Financiamento para infraestruturas Convocatorias competitivas 2001-2005	Subvencións FEDER 2002-2004	Anticipos reembolsables		TOTAL
		Parque científico 2002-04-05	Anticipos MEC 2005	
Construción de edificios	12.519.202	1.532.234	10.164.606	24.216.042
Rede de comunicacións	432.764		874.524	1.307.288
Grandes equipamentos	2.920.799	5.103.867	643.788	8.668.454
TOTAL	15.872.765	6.636.101	11.682.918	34.191.784

FINANCIAMENTO PARA INFRAESTRUTURAS: CONVOCATORIAS COMPETITIVAS ANO 2005

Anticipos reembolsables

MEC Proxectos concedidos

Centro de Investigacións Químicas <i>CIQUS</i>	3.591.000,00
Centro de Investigacións Biomédicas	5.091.000,00
Laboratorios I+D Facultade de Ciencias Lugo	1.234.333,00
Melloras da rede da USC (estabilidade e securización) e incorporación de novos edificios	874.542,16
Laboratorio de irradiación	248.273,00
Plataforma para ensaio, validación e difusión de equipos de tecnoloxía ambiental	250.700,00
Plataforma de biotecnoloxía en acuicultura	225.000,00
Equipo de cromatografía líquida / espectrometría de masas (LC/MS) para a determinación de biomoléculas e neurotoxinas en matrices biolóxicas	168.088,64
Total anticipos reembolsables MEC	11.682.936,80
Consortio Parque Científico-Tecnolóxico Universitario de Galicia	
Edificio CACTUS Lugo	1.532.234,00
Total Parque Científico	1.532.234,00
Total anticipos reembolsables	13.215.170,80
Convocatorias FEDER	
Laboratorio de investigación da Facultade de Ciencias	700.000,00
Centro de Investigacións Químicas <i>CIQUS</i>	4.000.000,00
Centro de Investigacións Biomédicas <i>CIMUS</i>	2.500.000,00
Total convocatorias FEDER	7.200.000,00

06.1 G / RECURSOS EXTERNOS

A Universidade xestionou durante o ano 2005 un total de 35.598.000 euros, un volume de recursos que pon de manifesto a competencia da actividade investigadora da USC.

Actividades de I+D Distribución por fontes de financiamento	2004 (millóns de euros)	2005 (millóns de euros)
Convocatorias proxectos nacionais	9.043	9.510
Convocatorias proxectos autonómicos	6.384	7.559
Convocatorias proxectos europeos	1.678	2.343
Infraestrutura tecn. (Financ. Xunta) (*)	1.625	420
Accións institucionais do I+D	3.358	1.010
Convocatorias recursos humanos de I+D	2.766	2.500
I+D baixo contrato	11.335	12.256
Total	36.189	35.598

(*) Non houbo convocatoria de infraestrutura de grupos de investigación

06.1 H / BIBLIOTECA DA USC

Un ano máis a BUSC ocupa unha posición destacada entre as bibliotecas universitarias españolas no referente a espazo, postos de lectura e gasto en recursos electrónicos. A posición da BUSC é lixeiramente inferior no relativo a revistas vivas en papel por investigador, ratio que debe ser matizado tendo en conta o crecemento de revistas a tempo completo en soporte electrónico, onde nos tres últimos anos pasamos de 1.401 títulos a tempo completo no 2002 a 13.675 no 2005.

Indicadores de actividade bibliotecaria	Ano 2004	Ano 2004 REBIUN	Ano 2005	Ano 2005 REBIUN
m2 construídos por usuario de biblioteca	0,95	0,52	0,92	0,62
Estudantes por posto de lectura	5,25	10,13	5,3	11,9
Revistas vivas en papel por investigador	1,35	1,25	1,2	1,5
Volumes informatizados	100%		100%	
		% sobre o SUG 2004		% sobre o SUG 2005
Investimento total en fondos bibliográficos	2.811.675 €	37,71%	3.277.189 €	40,15%

Mantense o acceso a través do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

Libros electrónicos: a través do servizo SAFARI Tech Books Online do Consorcio, os investigadores da USC teñen acceso a 103 libros electrónicos. As consultas realizadas polos usuarios da USC supoñen o 23,5% do total de consultas do SUG.

Revistas electrónicas: a BUSC puxo a disposición dos seus investigadores 13.675 títulos de revistas a tempo completo, cifra que incrementa considerablemente a do ano anterior. Ademais, continuou ofertando o Servizo SweetWise.


Acceso a bases de datos: a continuidade no 2005 do servizo de bases de datos de BUGALICIA permitiu á USC por a disposición dos usuarios 77 bases de datos (13 da USC e 64 de BUGALICIA).

En todo caso é importante salientar o elevado nivel de uso deste servizo na USC. No ano 2005 o 41,16% das sesións desenvolvidas sobre as bases de datos de BUGALICIA foi realizada polos investigadores da USC, que tamén realizaron o 58,28% das consultas.

Recursos electrónicos: cifras de uso

Libros electrónicos	2004	2005
Libros electrónicos dispoñibles para consultas	103	102
Consultas realizadas por usuarios/as da USC a textos completos	1.245	3.469
Revistas electrónicas servizo SweetWise		
Títulos diferentes consultados	1.146	1.943
Acceso aos sumarios das revistas	13.028	21.521
Consultas de abstracts	390	649
Accesos ao texto completo de artigos	5.320	6.119
Descargas de artigos a tempo completo	348.014	

Revistas electrónicas: títulos a tempo completo



Acceso á base de datos Cifras de uso

	Universidade de A Coruña	Universidade de Santiago	Universidade de Vigo
Número de sesións	41.924	60.456	44.518
Número de consultas	65.035	266.167	125.529

06.1 I / ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO

No ano 2005 mantense a tendencia dos anos anteriores, no referente ao incremento, tanto dos fondos do arquivo, como das consultas realizadas por persoal investigador.

06.1 J / SERVIZO DE PUBLICACIÓNS E INTERCAMBIO CIENTÍFICO

Da actividade editorial do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico hai que salientar, ademais do crecemento do número de teses publicadas, a obtención do premio “Mellor Libro do Ano 2005”, outorgado pola Federación de Libreiros de Galicia na XV edición dos premios “Irmandade do Libro”. Foi galardoado o libro “Nova Enciclopedia de Bioética”, tradución ao galego da *Nouvelle Encyclopédie de Bioéthique*, orixinariamente editada en lingua francesa en 2001 e non traducida a ningunha outra lingua do Estado.

Arquivo histórico da Universidade de Santiago (AHUSC)

	2004	2005
Consultas realizadas	11.729	14.778
FONDOS		
Cartafoles e atados	43.629	45.176
Libros de consulta	11.641	11.644
Pergameos	1.753	1.753
Protocolos	40.000	40.000
Mapas e planos	4.872	4.872
Expedientes	255.432	255.432
Microfilmes	2.917	2.917
Imaxes dixitais	1.000.000	1.111.080
Cintas seguridade	0	20
CD-ROM	0	12

Servizo de publicacións e intercambio científico	2004	2005
Teses publicadas	92	125
Revistas publicadas	20	18
Monografías publicadas	45	44

06.2 Actividade Investigadora


06.2 A / OFERTA INVESTIGADORA

A presenza de proxectos competitivos e contratos con sectores sociais e económicos en todas as áreas de coñecemento pon de manifesto que a USC é unha universidade completa, cunha resposta activa de todos os colectivos investigadores ás políticas de I+D na USC.

A análise das actividades de I+D por áreas socioeconómicas proba a forte vinculación e compromiso con sectores estratéxicos da economía de Galicia, como serían a acuicultura na súa vertente alimentaria, o medio e o liderado en biomedicina.



Proxectos



Actividades I+D por área temática 2005	Ano 2004	% sobre o total	Ano 2005	% sobre o total
Economía	1.069.317,34	4%	1.061.687,94	3%
Estudos sociais	2.283.204,34	8%	3.065.077,14	9%
Farmacoxímica e tecnoloxía farmacéutica	1.201.230,76	4%	1.385.058,68	4%
Materiais	1.814.447,58	6%	1.647.586,19	5%
Medio	4.144.591,75	14%	4.435.786,28	13%
Promoción xeral do coñecemento	6.544.868,93	22%	5.222.717,64	15%
Produción agraria e agroindustria	1.339.784,18	4%	1.378.939,01	4%
Produción industrial	659.510,65	2%	1.147.836,02	3%
Recursos mariños e acuicultura	2.092.545,92	7%	934.606,20	3%
Saúde	4.272.231,31	14%	5.795.654,63	17%
Tecnoloxía de alimentos	1.960.603,11	6%	2.815.895,68	8%
Tecnoloxías da información, automatización e comunicacións	754.489,82	2%	2.517.716,90	7%
Xestión do patrimonio histórico	764.808,23	3%	686.547,43	2%
Sen clasificar	1.452.860,91		2.533.772,72	7%
Total	30.354.494,83		34.628.882,46	

06.2 B / No ano 2005 incrementábase considerablemente o volume de recursos captados para reunións científicas, así como o número de reunións realizadas.

06.2 C / NOVAS INFRAESTRUTURAS PARA A INVESTIGACIÓN

Centro de Ciencias e Tecnoloxías da Vida (CiTeV)

A Universidade de Santiago de Compostela e o *Consejo Superior de Investigaciones Científicas* (CSIC) estableceron no ano 2005 as bases para a creación do Centro de Ciencias e Tecnoloxías da Vida (CiTeV). Este centro nace co obxectivo de contribuír a desenvolver novas formas en diagnóstico de enfermidades e aspira a ser un centro de referencia a nivel nacional e internacional.

Instituto Ibérico de I+D

A USC tivo unha activa participación na posta en marcha deste centro, cuxa creación foi aprobada no Cume Hispano-Portugués de Évora. O Instituto é o primeiro cuxa creación apoian conxuntamente España e Portugal, emprazarase en Braga e aspira a ser un referente mundial en nanotecnoloxía e tecnoloxías avanzadas.


O Instituto terá un orzamento inicial de 30 millóns de euros anuais e contará con máis de 200 científicos internacionais de diversas áreas, desde a física e a química ata a medicina e a farmacia, dado o carácter multidisciplinar da nanotecnoloxía.

Centro de Investigacións Médicas (CIMUS)

Dentro do programa Feder prevese a construción deste centro de investigación.

Centro de Investigacións Químicas (CIQUS)

Ao igual que o anterior, prevese a súa construción no Campus de Santiago.



06.3

Resultados da Actividade Investigadora

A actividade investigadora e os seus resultados mídense a través de:

- A participación das universidades en proxectos de I+D competitivos, tanto de carácter autonómico (Plan Galego de I+D), como nacional (Programa Nacional de I+D), como da Unión Europea (Programa Marco de I+D da UE). Estes fondos concédense só aos proxectos de maior calidade e aos equipos de investigación mellor formados e con mellores resultados
- Solicitud de patentes
- A produción científica



Ultimamente adoitase incluír como medida de actividade investigadora a concesión de tramos de investigación aos profesores universitarios, polo que este ano incorporaremos este apartado.

06.3 A / PARTICIPACIÓN EN CONVOCATORIAS DE PROXECTOS DE I + D

No ano 2005 a USC incrementou a súa actividade de captación de recursos en convocatorias públicas, tanto en número de proxectos acadados, como en volume de recursos obtidos:

- A USC acada o 55 % dos proxectos universitarios do Plan galego de I+D
- A USC ocupa o oitavo lugar entre as universidades españolas en canto a participación de recursos no Plan nacional
- A USC é a 15 universidade española en canto a captación e participación no Programa marco da Unión Europea

Actividades de I+D 2004-05 investigación competitiva e/ou convocatorias públicas



A medida da excelencia en I+D nas universidades ven dada por dous índices:

- Esfuerzo investigador, que mide a propensión dos profesores a presentar proxectos.
- Competitividade investigadora, entendida como proporción de proxectos aprobados sobre os presentados


06.3 B / SOLICITUDE DE PATENTES

A Universidade de Santiago é a sexta universidade española en solicitude de patentes á oficina europea e a sétima á española. Os datos do Atlas da Ciencia Española, elaborado polo Grupo Scimago- radicado na Universidade de Granada e dirixido polo seu vicerreitor, Félix de Moya- sitúan á Universidade de Santiago no sexto posto no ránking de investigación universitaria, no que figuran 69 institucións públicas de educación superior.

06.3 C / PRODUCCIÓN CIENTÍFICA

A Universidade de Santiago publica máis do 60 por cento dos artigos internacionais xerados en Galicia. Esta cifra hai que situala no ámbito nacional tendo en conta que Galicia é a quinta comunidade autónoma en publicación de artigos internacionais.

Excelencia en I+D no SUG	Competitividade investigadora		Esfuerzo investigador	
	Posición no conxunto das universidades españolas	Proxectos de I+D aprobados en porcentaxe de presentados	Posición no conxunto das universidades españolas	Porcentaxe de proxectos de I+D aprobados por profesor de cadro de persoal
Universidade da Coruña	37	45 %	44	23,8 %
Universidade de Santiago	23	50,9%	38	27,4 %
Universidade de Vigo	38	44,9%	36	28,5%



Producción científica	2004	2005
Teses defendidas	199	198
Capítulos en libros de investigación	932	753
Libros de investigación	278	304
Artigos de revistas	1.672	1.656
Publicacións de investigación derivadas de congresos	2.186	2.445

06.3 D / TRAMOS DE INVESTIGACIÓN

A CNEAI (*Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora*) concede ata un máximo de 6 tramos a aqueles docentes universitarios que acreditan ter obtido uns determinados resultados investigadores nun período mínimo de seis anos consecutivos (sexenios).


A USC é a quinta universidade pública española con máis profesorado funcionario con actividade investigadora avaliada. O 61,38% dos profesores da USC teñen a actividade investigadora avaliada, porcentaxe só superada pola Autónoma de Madrid, a Carlos III, a Pompeu Fabra e a Autónoma de Barcelona.

06.4 Proxección Social e Económica da Actividade de Investigación. Servizos e Innovación

06.4 A / TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO

06.4 A 1 / Continúa o incremento da actividade de investigación e servizos de innovación, consolidándose a posición da USC como primeiro recurso tecnolóxico e xerador de coñecemento de Galicia. A experiencia en investigación, como base da colaboración coa empresa, supón máis de 1.000 clientes empresariais en actividades de investigación e apoio tecnolóxico, o que constitúe un valioso recurso para o desenvolvemento das estratexias de innovación da empresa.

- Un 83,77% dos/as catedráticos/as da USC ten dous ou máis sexenios
 - Un 62,86% de profesores/as titulares de universidade ten dous ou máis sexenios
 - Un 51,2% de catedráticos/as de escola universitaria e un 5,07% de titulares de escola universitaria ten un ou máis dun sexenio.
- (Fonte: “Informe do profesorado funcionario das universidades públicas españolas e a actividade investigadora avaliada”, datos de xuño de 2003)



Accións de transferencia de coñecemento. Servizos de I+D de apoio tecnolóxico	2003		2004		2005	
	Número	Importe (euros)	Número	Importe (euros)	Número	Importe (euros)
Contratos con empresas	137	3.001.653	134	3.652.228	111	2.417.584
Contratos con entidades públicas	101	4.209.874	141	5.297.334	128	6.661.175
Contratos co plan galego de IDT	29	1.318.589	19	735.727	38	1.510.888
Informes	206	1.500.348	221	1.361.202	199	1.827.308
Servizos xerais	13	0	2	18.579	0	0
Total	486	10.030.465	517	11.065.071	476	12.416.955


06.4 A 2 / As patentes son un dos indicadores máis relevantes da capacidade de transferencia. No período comprendido entre os anos 1991 e 2005 a USC solicitou un total de 125 patentes, das que 48 se tramitaron no bienio 2003-05, supoñendo este dato preto do 40% das solicitudes dos últimos quince anos.

ANO 2005

Patentes aprobadas: 16

Patentes en carteira: 82

Patentes licenciadas: 2 (ZEU Inmunotec SL e CZ Veterinaria)




06.5

TRANSPARENCIA ACTIVA: EMPRENDIMIENTO

06.5 A / O Programa para a Creación de Empresas da Universidade de Santiago de Compostela (UNIEMPRENDE).

Para a consecución dos seus obxectivos, Uniemprende está configurado en torno a unha estrutura na que estarán implicados a sociedade de capital risco Unirisco, a incubadora de empresas Uninova, os centros de orientación e promoción do emprego (OSIX), a Escola de Negocios, Uniban Business Angels Network, o sistema de garantías Uniguarantees, ou a entidade Uni-Micro para a concesión de microcréditos para o emprendedor universitario, entre outros. Todo iso coordinado desde o Centro de Innovación e Transferencia de Tecnoloxía (CITT) da USC. Estas estruturas de apoio refórzanse no ano 2005 coa creación de UNINVEST.

06.5 B / Uniemprende abarca desde a divulgación da cultura emprendedora e a captación e formación de emprendedores ata o asesoramento e financiamento dos proxectos empresariais. Ao abeiro de UNIEMPRENDE préstanse servizos de apoio ao emprendedor e desenvólvense actividades de difusión da cultura emprendedora. Neste ano hai que destacar a coordinación por parte do CITT de Uniemprendia 2005, concurso para a promoción de empresas de base tecnolóxica da Rede OTRI de universidades españolas.



06.5 C / No ano 2005 constitúese na USC a sociedade de capital risco Uninvest para o financiamento de empresas de base tecnolóxica. Uninvest é unha sociedade de capital risco constituída por dezaseis universidades españolas, Unirisco Galicia (integrada polas tres universidades galegas e Caixa Galicia, Caixanova, Banco Pastor, Banco Portugués de Investimento, Consorcio da Zona Franca de Vigo, Fundación ‘R’, Grupo San José e Inditex) e a Empresa Nacional de Innovación que, de maneira pioneira e con carácter universitario, xestionará o Fondo nacional de capital risco I+D Unifondo para financiar as empresas de base tecnolóxica. Os socios participantes desta sociedade representan máis do 40 por cento da capacidade científica do contorno académico do Estado, porcentaxe que podería incrementarse nun futuro próximo ata o 60 por cento, coa probable incorporación doutras universidades e institucións investigadoras como o *Consejo Superior de Investigaciones Científicas*.

Uninvest é a estrutura financeira máis importante de Europa creada por universidades, tanto polo número e calidade dos socios participantes como polo alcance e envergadura do investimento en I+D. Uninvest xestionará un fondo inicial de 18,5 millóns de euros orientado ao investimento en empresas de base científica e tecnolóxica de nova creación ou desenvolvemento incipiente, xurdidas no contorno da universidade e doutros centros de investigación e innovación. O seu obxectivo será o de realizar entre 6 e 8 investimentos anuais, que se corresponderían con outros tantos proxectos empresariais, centrándose en cinco sectores socioeconómicos estratéxicos, como son: ciencias da vida, o medio, novos materiais, TIC e biotecnoloxía.

Programa Uniemprende. Resultados de xestión		2001-2005
Indicadores de actividade	Emprendedores atendidos	732
	Proxectos asesorados	278
	Nº de empresas promovidas	106
	Nº total de empresas incubadas	19
	Nº de empresas domiciliadas	11
	Espazo da incubadora ocupado	100%
	Número de empregos promovidos	253
Indicadores de financiamento	Nº de candidaturas a proxectos europeos	17
	Nº proxectos europeos nos que participou Uniemprende	9
	Busca de novos patrocinios	11
Indicadores de comunicación	Nº de accións de difusión da cultura emprendedora	20
	Taller de xeración e maduración de ideas	150 asistentes
		200 proxectos
	Concurso de proxectos empresariais	90.500 € en premios
	Concurso de ideas empresariais	847 ideas presentadas 54.600 € en premios

06.5 D / Uninova é unha incubadora de empresas innovadoras e de base tecnolóxica, creada en 1999 co obxectivo de promover a creación de empresas no ámbito universitario. Uninova é froito dunha cultura empresarial innovadora que se nutre da investigación máis punteira para levar adiante proxectos de base tecnolóxica. É socia de importantes asociacións internacionais que actúan como foro de debate onde se perfilan as máis importantes liñas de actuación en avances científicos e tecnolóxicos:

- IASP (International Association of Science Parks)
- TII (Technology Information Innovation)

Empresas activas instaladas/incubadas ano 2005

- 1) Bionova, S.L.
- 2) LBS Telecomunicaciones, S.L.
- 3) Eganet, Empresas Galegas Adicadas a Internet
- 4) Neoker, S.L.
- 5) AVA Soluciones Tecnológicas, S.L.
- 6) Galician Marine Aquaculture, S.L.
- 7) Grupo Código Cero Comunicación, S.L.
- 8) Código Televisión, S.L.
- 9) Etnoga Xestión do patrimonio cultural, S.L.
- 10) Galexport nueva organización y valor añadido, S.L.
- 11) Salbia, S.C.
- 12) Estudio Adumbro, S.C.



06.6

Pulo á Sociedade da Información

06.6 A / XORNADAS E REUNIÓNS TÉCNICAS

“*V TechBusiness Week*”, antes denominada Semana Internacional das TIC, é unha actividade de carácter anual promovida pola Fundación Sabiria e organizada polo Foro e-Gallaecia, entidade da que a USC é socia fundadora, cuxa finalidade é o desenvolvemento da Sociedade da Información. Ao longo das pasadas edicións, os contidos da TechBusiness Week foron incrementando o interese e a asistencia de tecnólogos, tanto directivos como técnicos, convertendo este foro tecnolóxico no punto de encontro máis prestixioso para a actualización anual de coñecementos neste eido.

Na comisión técnica do Foro participan a USC, en calidade de socio fundador do Foro, as Universidades da Coruña e Vigo, as Consellarías de Presidencia, Innovación e Cultura, Sergas, Microsoft, IBM, Oracle, Softtek, Softgal, R, 3Com, Vodafone, Telefónica, PSA Peugeot-Citröen, ITE Caixa Galicia, Professional Training, Televisión de Galicia e Corporación Voz de Galicia.

27 edición da Conferencia Europea en Investigación da Recuperación da Información, organizada polo grupo especialista en recuperación da información da British Computer Society. A conferencia é o maior foro europeo para a presentación dos resultados das novas investigacións neste eido, a maioría inéditos.

XI Conferencia da Asociación Española para a Intelixencia Artificial (CAEPIA), foro bial no que a comunidade de investigadores se reúne para presentar e discutir os últimos avances científicos e tecnolóxicos.



06.6 B / XORNADAS DE DIVULGACIÓN

Xornadas Universitarias sobre Tecnoloxías da Información organizadas pola USC e Microsoft-TechNet dedicadas ao tema: “despregamento e implantación dos servizos básicos para a infraestrutura da túa empresa”.

Xornada sobre e-Ciencia en España. Xuntanza do grupo de traballo da e-Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT).

Xornada sobre accesibilidade web, organizada pola USC con motivo da celebración do Día de Internet. Esta iniciativa pretende lanzar á sociedade unha mensaxe en favor do uso intelixente de internet.

06.6 C / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

“SINDUR. Sociedade da información e desenvolvemento urbano e rexional. Fundamentos teóricos e valoración de impactos en rexións periféricas”. Este proxecto pretende facilitar aos xestores urbanos e rexionais unha ferramenta técnica de auditoría territorial da sociedade da información e propoñer unha intervención fronte á exclusión social provocada pola sociedade da información.

Proxecto europeo “e-hospital”: oportunidades de aprendizaxe electrónica para pacientes adultos durante a súa estadía en hospitais.



06.7

Tecnoloxías da Información e das Comunicacións

06.7 A / O grupo de traballo en tecnoloxías da información e as comunicacións da Conferencia de Reitores de Universidades Españolas (CRUE), baixo a presidencia do reitor da USC, continúa a desenvolver a súa actividade acadando diversos acordos con empresas e institucións para a implantación das TIC no ámbito universitario.

06.7 B / PLAN ESTRATÉXICO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (PETIC)

Algunhas das iniciativas máis salientables desenvolvidas durante o curso 2004-2005 para o afianzamento do uso das novas tecnoloxías entre os membros da comunidade universitaria, como son a rede sen fíos, a campaña para adquisición de portátiles, o desenvolvemento da web institucional, o envío de mensaxes SMS mediante telefonía móbil e o campus virtual, responden ao cumprimento dos obxectivos marcados no Plan Estratéxico das TIC (PETIC). Este documento foi aprobado polo Consello de Goberno e nel se recollen 100 accións a desenvolver neste eido durante o período 2004-2006.

- Acordo entre a CRUE e a *Fábrica Nacional de Moneda y Timbre* para a prestación de servizos de sinatura electrónica
- Acordo con Microsoft para o desenvolvemento de accións de soporte ou formación, entre outros
- Xornadas sobre accesibilidade aos sitios web das universidades españolas
- Día de Internet
- Acordo entre a CRUE e Red.es para o despregue de campus sen fíos
- Inclusión no Plan de converxencia nacional da sociedade da información de medidas que impulsen a mesma nos espazos universitarios



06.7 C / PROGRAMA UNIWIFI NA USC

A rede sen fíos da USC permite o acceso dos usuarios rexistrados á rede de datos e a Internet, sen necesidade de conexión física a unha roseta. Abonda para iso cun ordenador portátil con conectividade Wi-fi e a autorización de acceso que achegue a necesaria seguridade ao proceso.

As cifras do programa Uniwifi poñen de manifesto un grao de despreague das tecnoloxías wi-fi sen precedentes no resto de universidades do Estado.

06.7 D / UNIPORTA

Ao longo das distintas campañas de Uniporta, a USC tense posicionado como a universidade española que máis ordenadores facilitou aos seus universitarios, xestionando preto da metade dos equipos que se distribuíron en Galicia, por medio da campaña, e o 16 por cento dos de todo o Estado.

Na última campaña deste programa, que facilita aos universitarios a adquisición de portátiles con conectividade sen fíos a prezos máis baixos, a USC concedeu un desconto de 50 euros, aos que se lle sumaban os 150 achegados pola Xunta de Galicia.

Programa Uniwifi ano 2005: datos da rede sen fíos da USC


Puntos de acceso instalados: 353 en Santiago e 104 en Lugo

Número de conexións existentes a 31-12-2005: 4.437

Superficie con cobertura: entre o 80 e a 90% da superficie útil

O proxecto de conectividade sen fíos da Universidade de Santiago foi recoñecido co Premio á Tecnoloxía da Información na Comunidade Galega, na modalidade de institucións. Este premio, convocado polo seminario especializado de Tecnoloxías da Información Computing e PriceWaterHouseCoopers, coa colaboración de Sun Microsistem Ibérica, está destinado a “galardoar ás institucións e empresas de Galicia que teñan destacado polo seu desenvolvemento tecnolóxico nos seus servizos, xestión interna ou servizo ao usuario”.

Campañas Uniporta 2005







06.7 E / Consolídase o uso da web institucional coma canle de servizos.

O sitio web da USC rexistrou 4.619.704 visitas, sendo consultadas 27.927.244 páxinas. O xornal electrónico, os perfís de acceso e a adaptación da web para discapacitados foron os servizos que contaron coa maior atención dos internautas, ademais da dedicada ao proceso de matrícula. A maior parte dos visitantes da web da USC procede de España, aínda que un volume importante, o 25%, o fai desde o dominio internacional para a educación e o 13% desde empresas e entidades comerciais.

Visitas á web da USC ano 2005



Matriculas realizadas a través de internet



A Universidade de Santiago de Compostela obtivo o Premio Galicia de Comunicación 2005 da Xunta de Galicia, na modalidade de “mellor empresa ou institución que destaca por un singular esforzo no campo da comunicación”. O galardón foille concedido polo seu Xornal Electrónico, “proxecto pioneiro en Europa e que tivo unha grande acollida entre a comunidade universitaria”.

O diario dixital da USC é unha ferramenta de grande importancia para os distintos sectores que integran a comunidade universitaria, para os propios medios de comunicación e aqueles outros que buscan na xestión pública a transparencia informativa.

06.7 F / Durante o curso 2004-2005 acolléronse ao sistema de información a través da telefonía móbil aproximadamente un 50 por cento dos estudantes da USC, que recibiron información puntual nos seus móbiles relativa a cualificacións, campañas de doazón de sangue, comunicación de xornadas, cursos de informática ou sobre o programa Uniporta.

06.7 G / CAMPUS VIRTUAL

Ao longo do curso académico 2004-2005 asistimos a un incremento moi significativo no uso do campus virtual na USC, feito que se pode explicar, tanto desde a perspectiva do interese que as ferramentas de apoio á actividade docente está a ter na comunidade universitaria, como dos resultados dos esforzos de formación realizados en anos precedentes.

A USC resultou finalista dos Premios Eganet, na categoría de “mellor aplicación de mobilidade”, polo seu proxecto de envío de mensaxes SMS aos móbiles dos seus estudantes. Os Premios Eganet pretenden estimular o labor de creación dos empresarios e profesionais que, sentíndose comprometidos coa expansión da sociedade da información en Galicia, deseñan, programan e desenvolven produtos e servizos que teñen en internet e nas novas tecnoloxías da información a súa razón de ser.

SMS enviados no 2005:

Cualificacións: 104.391

Doazón de sangue: 26.531

Programa “A Ponte entre o ensino medio e a USC”: 10.088

Resto notificacións: 72.270

Datos de uso do campus virtual

Curso académico	Aulas virtuais activas	Incremento
2001-2002	104	
2002-2003	174	67,3%
2003-2004	230	32,2%
2004-2005	372	61,7%

Campus virtual en cifras	Curso 2003-04	Curso 2004-05	Variación %
Usuarios activos			
Estudantes	6.052	9.436	36%
Usuarios PDI	297	799	63%
Total	6.349	10.235	38%
Aulas activas			
Cursos 1º e 2º Ciclo	202	319	37%
Cursos terceiro ciclo, posgrado, formación continua, CAP...	21	40	48%
Cursos formación profesorado	7	13	46%
Total aulas activas	230	372	38%
Número de materias activas (1º e 2º ciclo, 3º ciclo, posgrao e formación continua)			
Posgrao e formación continua	223	349	56,50%

07

Un contorno para facilitar a aprendizaxe





Un contorno para facilitar a aprendizaxe

O Espazo Europeo de Educación Superior (EESS) introduce un novo enfoque da formación entendida como un proceso de perfeccionamento persoal que se estenderá durante toda a vida.

Na USC cremos no valor da aprendizaxe. Un modelo centrado na aprendizaxe obriga a poñer en primeiro plano ao alumno, considerando como tal, non só os que comezan unha titulación universitaria, senón tamén os profesionais que demandan servizos de formación continua, así como os nosos maiores que volvan á universidade despois de ter rematada a súa vida laboral.

A USC é unha universidade completa na que se poden cursar máis da metade das titulacións que conforman o catálogo oficial de títulos do Sistema Universitario Español. Conta tamén cunha oferta de programas de doutoramento con 14 mencións de calidade que a sitúan no noveno posto entre todas as universidades españolas. Dispón dun amplo abano de cursos de posgrao, sen esquecer tampouco os programas para maiores cos que nos comprometemos, non só na nosa universidade, senón tamén desde a Asociación Estatal de Programas Universitarios para Maiores (AEPUM), da que somos socios fundadores. A esta oferta hai que engadir os recursos destinados á aprendizaxe das linguas, o manexo de novas tecnoloxías, o fomento da mobilidade -considerada pola USC como un recurso formativo de primeira orde-, a capacitación para o emprego e a transmisión de valores de cidadanía e responsabilidade social. Na USC estamos convencidos de que esta oferta ten que ir acompañada do compromiso institucional co estudiantado, que favoreza o aproveitamento curricular e extracurricular, así como a busca da calidade e a excelencia. A atención ao estudante ao longo da súa vida comeza no

ensino medio. A Universidade de Santiago de Compostela ten, desde hai varios anos, o Programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC”, a través do cal se pretende facilitar o acceso á universidade, orientando e informando aos máis de 10.000 estudantes que participaron na edición deste ano.

Para estes estudantes, e co obxectivo de facilitar a súa entrada na universidade, reducindo os niveis de fracaso, desenvólvese o Programa de Materias Ponte, no que antes do comezo do curso académico se tratan aqueles temas considerados mínimos necesarios para comezar a correspondente titulación.

A taxa de éxito dos estudantes da USC é superior ao 75% nas cinco grandes áreas de coñecemento e a taxa global de abandono no ensino de ciclo longo está por debaixo da media nacional. Tamén está por debaixo o abandono en todas as titulacións de ciclo curto pertencentes ás áreas de ensinanzas técnicas, a de humanidades e a de ciencias sociais e xurídicas, que supoñen o 57% da matrícula total da USC. A USC é a terceira universidade de todo o Estado en canto ao número de graduados premiados nos Premios Nacionais Fin de Carreira de Educación Universitaria do MEC, así como a primeira universidade do SUG en número de graduados premiados cos Premios Fin de Carreira da Comunidade Autónoma de Galicia.



Na USC tratamos de facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades, especialmente relevante se temos en conta que o estudiantado de primeiro e segundo ciclo da USC representa o 2% do total de estudantes do Sistema Universitario Español, e acada o 4% das bolsas do MEC. Entendemos que a igualdade implica a total integración na actividade universitaria das persoas con necesidades especiais ás que ofrecemos programas de apoio para facilitarlles a participación na vida universitaria.

A nosa relación co estudante non remata cando este obtén un título, senón que a partir de aí comeza unha realidade nova, a inserción profesional. Unha das mellores ferramentas neste ámbito son as prácticas en empresas que comezan antes de rematar os estudos posibilitando que o titulado os poida finalizar con, aproximadamente, dez meses de experiencia pre-profesional. A estas practicas hai que engadir as que se ofertan para titulados a través dos distintos convenios asinados con empresas ou a través de FEUGA. A USC é unha das universidades españolas que fai unha maior oferta de prácticas remuneradas en empresas da Unión Europea a través do Programa Europracticum. O 40% dos titulados que realizou este programa acadou un posto de traballo.

07.1

Orientación preuniversitaria

07.1 A / PROGRAMA A PONTE ENTRE O ENSINO MEDIO E A USC

Un ano máis a USC continuou co programa "A Ponte entre o ensino medio e a Universidade de Santiago de Compostela" que ten como obxectivos fundamentais facilitar aos estudantes de Ensino Medio o acceso a Universidade. Na edición deste ano participaron preto de 10.000 estudantes, que valoran moi positivamente as actividades do programa. De tal xeito, nunha escala de 1 a 5, puntuán con 4,25 a importancia da información recibida, cualificando cun 4,13 o interese da mesma. Pola súa banda, os orientadores e directores dos centros cualifican cun 4,73 o interese das charlas de orientación e un 4,38 as xornadas de encontro.

Da incidencia que ten o programa na captación de alumnos dá idea a cifra do 47,7% de alumnos de primeiro ano que declaran ter coñecido a USC a través das charlas do Programa A Ponte.

Como novidade, este ano iniciáronse actividades de orientación dirixidas ao colectivo de estudantes que acceden a Universidade tras superar a proba de maiores de 25 anos.

Programa A Ponte entre o ensino medio e USC	2004	2005
Charlas de presentación		
Centros de ensino medio da Comunidade Autónoma galega nos que se impartiron	176	147
Estudantes que asistiron	8.104	8.511
Xornada de "Encontros do ensino medio e a USC: Adiante"		
Centros participantes	35	30
Estudantes que asistiron	1.872	1.273
Xuntanza cos directores e orientadores dos centros de ensino medio de Galicia		
Centros da comunidade representados	87	88
Asistentes	109	108
Reunión coas asociacións de nais e pais de Galicia na USC		
Centros representados	13	14
Concurso: Como te imaxinas a USC?		
Páxina web	18	9
Relatos	7	8
Bandas deseñadas	23	2
Acto homenaxe de recoñecemento aos mellores estudantes do bacharelato		
Estudantes convocados á homenaxe cunha media superior a 9	158	202
Estudantes asistentes	138	159
Total de centros de ensino medio representados polos estudantes e equipos de dirección	90	116
Acto homenaxe de recoñecemento e presentación da USC aos maiores de 25 anos que superaron as probas de acceso a universidade		
Estudantes asistentes		30
Total estudantes que participaron no programa A Ponte	10.162	9.962

07.1 B / MATERIAS PONTE

O programa docente das materias ponte ten como obxectivo acadar unha mellor integración dos estudantes que inician estudos universitarios para facilitar o tránsito gradual do novo estudiantado, reducindo o seu nivel de insatisfacción e fracaso nos primeiros cursos das titulacións universitarias. Coas materias ponte os alumnos poden cursar unha serie de materias, previas ao inicio do curso académico e validables posteriormente por tres créditos de libre configuración, que tratan aqueles temas que os centros universitarios consideran mínimos necesarios para comezar a correspondente titulación.



Valoración do grao de interese e importancia que lle dan os directores e orientadores ás actividades que oferta o programa "a Ponte entre o ensino medio e a USC"

Valoración media
(escala de 1 a 5)

Actividades	Interese	Importancia
Charlas de orientación nos centros de ensino	4.73	4.78
Charlas de carácter académico	4.53	4.58
Xornadas de encontro	4.38	4.34

07.2 Formación regradada (Primeiro e segundo ciclo)

07.2 A /No curso 2004-05 a USC incrementa o seu peso no SUG xa que absorbe o 39,4% de estudantes universitarios do Sistema e achega o 41,1% dos graduados de primeiro e segundo ciclo.

07.2 B / A USC é unha universidade completa que oferta titulacións en todas as grandes áreas de coñecemento. Na USC pódense cursar máis da metade das titulacións do catálogo oficial presentes nas universidades públicas e privadas do Sistema Universitario Español (agás nas ensinanzas técnicas, nas que a porcentaxe é do 20,7%).

No curso 2004-05 a oferta de titulacións da USC representa o 37,06 % do total do Sistema Universitario de Galicia.

	2004	2005
Porcentaxe de estudiantado matriculado sobre o total do SUG	38,9%	39,4%
Porcentaxe dos graduados de primeiro e segundo ciclo sobre o total do SUG	38,4%	41,1%

Distribución da oferta titulacións oficiais de primeiro e segundo ciclo da USC	TOTAL	% sobre o total do catálogo oficial	Titulacións de ciclo curto (3 anos)	Titulacións de ciclo longo (5 anos)	Titulacións de só segundo ciclo
Ciencias da Saúde	6	66,7%	2	4	0
Ciencias Experimentais	7	46,7%	1	4	2
Ciencias Xurídicas e Sociais	23	76,7%	14	7	2
Ensinanzas Técnicas	12	20,7%	9	1	2
Humanidades	15	57,7%	0	15	0
Totais	63		26	31	6

Porcentaxe da oferta de titulacións oficiais de primeiro e segundo ciclo de cada universidade no total do Sistema Universitario de Galicia

	2003-04	2004-05
Universidade de Santiago de Compostela	37,50%	37,06%
Universidade da Coruña	29,76%	29,41%
Universidade de Vigo	32,74%	33,53%
Total titulacións do SUG	168	170



07.2 C / O estudantado da USC é maioritariamente feminino, cunha porcentaxe de mulleres igual ou superior á media nacional en todas as áreas, agás na de ciencias experimentais, cunha diferenza inferior a unha décima.

A distribución do estudantado por áreas reflicte un maior peso na de ciencias sociais e xurídicas (igual que no Sistema Universitario Español), seguida de ciencias da saúde (onde o peso da matrícula é máis do dobre da media nacional), de experimentais e da área de ensinanzas técnicas (a porcentaxe dos estudantes matriculados sobre o total da USC é a metade da media do Estado).

Distribución do estudantado por áreas

	% Estudiantes matriculados sobre a matrícula total		% Mulleres matriculadas sobre o total da área	
	USC	Sistema Universitario Español	USC	Sistema Universitario Español
Área de Ciencias da Saúde	17,2%	8,0%	73,5%	73,5%
Área de Ciencias Experimentais	11,3%	7,2%	58,1%	59,3%
Área de Ciencias Xurídicas e Sociais	47,6%	49,2 %	67,8%	62,6%
Área de Ensinanzas Técnicas	13,3%	26,4%	47,8%	27,1%
Área de Humanidades	10,6%	9,2 %	65,6%	64,6%

07.2 D / RESULTADOS ACADÉMICOS

07.2 D 1 / TAXAS DE ÉXITO E DE RENDEMENTO

A taxa de éxito dos estudantes da USC é superior ao 75% nas cinco grandes áreas de coñecemento. En xeral, respecto ao curso anterior, melloran lixeiramente as taxas globais de éxito e rendemento, aínda que a súa distribución por área de coñecemento é desigual.

A taxa global de abandono nas ensinanzas de ciclo longo está por debaixo da media nacional. Por rama de ensinanza, o abandono na Universidade de Santiago é inferior á media nacional en todas as titulacións pertencentes ás áreas de ensinanzas técnicas, á de humanidades e á de ciencias sociais e xurídicas, ambas as dúas de ciclo curto, que supoñen o 57% da matrícula total da USC.



Taxa de éxito= Número de créditos aprobados sobre o total de examinados

Taxa de rendemento= Número de créditos aprobados sobre o total de matriculados

Taxa de abandono= Porcentaxe de estudantes que están dous cursos consecutivos sen matrícula

Taxas de éxito e rendemento: global e por áreas	Éxito 03-04	Éxito 04-05	Rendemento 03-04	Rendemento 04-05
Ciencias Experimentais	78,61	78,52	56,35	56,80
Ciencias da Saúde	85,31	86,51	69,61	71,25
Humanidades	87,82	84,55	66,12	61,20
Ensinanzas Técnicas	75,37	76,37	51,84	52,36
Ciencias Xurídicas e Sociais	80,96	81,56	60,28	60,96
Global USC	81,76	82,01	61,07	61,47

Estrutura porcentual de alumnos matriculados en titulacións oficiais de primeiro e segundo ciclo que abandonan os seus estudos	Tipo de ensinanza	Universidade de Santiago de Compostela	Media universidades públicas españolas
Humanidades		13,89	16,05
	Ciclo curto	19,96	15,07
Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciclo longo	30,04	38,14
	Ciclo curto	0,8	0,32
Ciencias Experimentais	Ciclo longo	10,28	6,63
	Ciclo curto	1,1	0,56
Ciencias da Saúde	Ciclo longo	6,93	1,66
	Ciclo curto	11,46	14,56
Ensinanzas Técnicas	Ciclo longo	5,54	7,01
	Ciclo curto	33,32	30,51
	Ciclo longo	66,68	69,49
Total abandonos	Total	3.376	147.452

07.2 D 2 / PREMIOS FIN DE CARREIRA

Premios Nacionais Fin de Carreira de Educación Universitaria do Ministerio de Educación e Ciencia. O obxecto desta convocatoria do Ministerio de Educación é distinguir aos estudantes que teñan cursado con maior brillantez os seus estudos universitarios.

Premios Fin de Carreira da Comunidade Autónoma de Galicia. Teñen como finalidade distinguir aos mellores expedientes académicos das titulacións impartidas no Sistema Universitario de Galicia.

A Facultade de Psicoloxía da USC é a que obtivo os mellores resultados entre todas as facultades españolas no exame de Psicólogos Internos Residentes (PIR) correspondente á convocatoria 2005, o mesmo que acontecera nas de 2004 e 2002.

A USC é a terceira universidade de todo o Estado atendendo ao número de graduados premiados nos Premios Nacionais Fin de Carreira de Educación Universitaria do MEC. Os 13 premiados da USC só son superados pola Universidade de Granada con 20 premios e a Complutense de Madrid con 14.

A USC é a primeira universidade do SUG atendendo ao número de graduados premiados nos Premios Fin de Carreira da Comunidade Autónoma de Galicia. Os 24 titulados da Universidade de Santiago supoñen o 55 % destes galardóns, nos que a Universidade da Coruña acadou 13 premios e a de Vigo 7.

No exame de Psicólogos Internos Residentes (PIR) os licenciados en Psicoloxía na Universidade de Santiago- que representan menos do 4% de toda España- conseguiron máis dun 12% das prazas ofertadas, que supón unha proporción de éxito tres veces superior á que lles correspondería por cota de licenciados.



07.3 Doutoramento (Terceiro ciclo)

O doutoramento é o grao académico máis alto que pode conferir unha universidade. Coa obtención do doutoramento, culminan os estudos de terceiro ciclo e queda oficialmente recoñecido que o novo doutor foi capaz de aumentar os coñecementos da disciplina á que se dedica, facendo unha contribución orixinal e relevante, é dicir, resolveu un problema mediante a demostración dunha hipótese que aínda non fora proposta nos mesmos termos ou para a que aínda non se atopara unha solución plausible.

A USC oferta neste curso 67 programas de doutoramento, que supoñen o 2,96% da oferta do Sistema Universitario Español. Esta oferta inclúe cinco programas novos:

- Biotecnoloxía
- Avances en cirurxía, anestesia e oftalmoloxía
- Programa interuniversitario en estudos filolóxicos interdisciplinares (Filoloxía catalá e afíns)
- Medicina molecular (Mención de calidade)
- Programa interuniversitario en ciencia e tecnoloxía de coloides e interfaces (Mención de calidade)

Son 14 o número de programas de terceiro ciclo da USC que acadaron a mención de calidade do Ministerio de Educación, dos que 7 foron de nova adxudicación e 7 de renovación. Esta cifra coloca á USC no noveno posto entre as universidades de todo o Estado atendendo ao número total de programas de doutoramento que acadaron unha mención de calidade. Este listado está encabezado pola Universidade Complutense de Madrid, seguido polas universidades de Barcelona, Autónoma de Barcelona, Granada, Politécnica de Catalunya, Autónoma de Madrid, Valencia, Zaragoza e a USC.

	2003-04	2004-05
Total programas doutoramento	64	67
Programas de doutoramento con mención de calidade	7	14
Estudantes en etapa de formación	1.568	1.676
Peso no Sistema Universitario de Galicia	43,7%	43,3%
Peso no total das universidades públicas españolas	2,3%	2,3%
Estudantes realizando teses	1.979	1.976
Diplomas de Estudos Avanzados (DEA) acadados	489	519
Teses presentadas	199	196
Doutoramentos europeos	24	26
Doutoramentos interuniversitarios	6	12

Oferta de Programas de Doutoramento	Número	% sobre o total da oferta na USC
Ciencias da Saúde	13	17%
Ciencias Experimentais	17	22%
Ciencias Xurídicas e Sociais	18	24%
Ensinanzas Técnicas	4	5%
Humanidades	15	20%
Totais	67	
Peso da oferta da USC sobre o total das universidades públicas españolas		2,96 %

A mención de calidade, concedida polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, é un recoñecemento á solvencia científico-técnica e formadora do programa de doutoramento. Concédese aos programas de doutoramento das universidades españolas, mediante a avaliación previa do seu nivel científico-técnico, así como dos seus contidos, estrutura e obxectivos.

O perfil do alumno de doutoramento da USC recolle unha presenza maioritaria de mulleres, que supón o 53,2% dos 3.562 matriculados no ano 2005. Trátase de alumnos que terminaron os seus estudos nos dous cursos inmediatamente anteriores (3,5% no 2004 e 31% no 2003) e que compatibilizan estes estudos cunha actividade laboral (37,7%) ou con outros estudos (16%). Só un 32% se dedica en exclusiva. O grao de satisfacción que se amosa coa formación recibida é moi alto, xa que o 84,7% manifesta que, dispoñendo da información que ten hoxe, volvería a matricularse no mesmo curso.



Programas de doutoramento con mención de calidade

CIENCIAS DA SAÚDE

31% do total da oferta da área

- Neurociencia
- Medicina molecular
- Endocrinoloxía
- Investigación e desenvolvemento de medicamentos

CIENCIAS EXPERIMENTAIS

29% do total da oferta da área

- Química
- Química orgánica
- Química teórica e computacional
- Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas
- Programa interuniversitario en ciencia e tecnoloxía de coloides e interfases

ENSINAZAS TÉCNICAS

50% do total da oferta da área

- Enxeñaría química e ambiental
- Tecnoloxías da información

HUMANIDADES

20% do total da oferta da área

- Lingüística
- Teoría da literatura e literatura comparada
- Edición e anotación de textos literarios españois e hispanoamericanos

07.4 Recursos para a aprendizaxe

07.4 A / BIBLIOTECA UNIVERSITARIA (BUSC)

07.4 A 1 / INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

No ano 2005 realizáronse as obras de acondicionamento da nova biblioteca de Filosofía que se abrirá no ano 2.006 cunha superficie total de 1.010 m², 88 postos de lectura, 2.290 metros lineais de estanterías, 33.000 volumes de monografías e 530 títulos de publicacións periódicas. Tamén se incrementou o espazo da biblioteca da Facultade de Farmacia co acondicionamento dunha nova sala con 160 postos de lectura.

No referente ás coleccións da BUSC, débese salientar o incremento do 12,27% no ingreso das monografías e a incorporación aos fondos da Biblioteca Xeral de trinta volumes da biblioteca particular do xurista Alfredo Brañas doados pola familia Díaz de Rábago.

07.4 A 2 / SERVIZOS

Mantense o mesmo réxime de apertura e horario que en anos anteriores, incluíndo a apertura extraordinaria de noites e fins de semana en época de exames.

	2004	2005
Novos postos de lectura	147	101
Postos de lectura totais	6.680	6.781
Novos metros cadrados de bibliotecas universitarias	995	-70(*)
Total metros cadrados de bibliotecas universitarias	36.514	36.444
Novos metros de andeis de libre acceso	-868(**)	634
Número total de andeis de libre acceso	25.378	26.012
Novas monografías	26.382	31.954
Total monografías	1.085.690	1.126.327
Investimento total en adquisición de novos fondos	2.811.675	3.277.189

(*) Non se contabiliza a nova biblioteca de Filosofía, xa que se abrirá no ano 2006

(**) Os fondos que estaban na biblioteca do ICE, temporalmente en obras como de libre acceso, trasladáronse a depósitos da Biblioteca Xeral

Servizos BUSC	2004	2005
Préstamos (incluído a domicilio)	386.221	354.874
Días de apertura	258	258
Horas semanais de apertura	69	69

No ano 2005 a BUSC elaborou un programa de formación de usuarios, preparouse un tutorial común a todas as bibliotecas e fixéronse o tipo e os contidos dos cursos a impartir (cursos introductorios, especialización e a demanda), comezando co programa no último trimestre do 2005.

No ano 2005 a Biblioteca Universitaria puxo á disposición dos usuarios a sección de “Bibliografías recomendadas”, unha nova utilidade da súa páxina web. A nova sección permite acceder, mediante busca por referencia ou polo nome do profesor, a bibliografía establecida nas diferentes materias impartidas na universidade. O enlace da mesma ao catálogo da BUSC permite tamén comprobar no momento a localización das obras e a súa dispoñibilidade de cara ao préstamo.

Por outra banda, os membros da USC tiveron acceso a preto de 10.000 revistas electrónicas, así como a 75 bases de datos e 102 libros electrónicos.

07.4 B / TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

07.4 B 1 / AULAS DE INFORMÁTICA E REDE WI-FI

A USC conta cun total de 87 aulas de informática e 1.818 ordenadores, o que supón unha ratio de 16,5 alumnos por ordenador. No curso 2004-05 fíxose un importante esforzo na renovación do parque informático e dotación de novos equipos. O 86% dos estudantes que se conectan á rede na USC fano a través das aulas de informática e preto de 5.000 acceden á rede sen fíos da USC, a primeira rede wi-fi de Galicia por número de usuarios e unha das primeiras do ámbito estatal.

No relativo á telefonía móbil, 21.000 universitarios reciben as cualificacións no seu móbil sen custo algún para eles.

Formación a usuarios	Estacións de traballo tramitadas
Cursos introductorios	17
Cursos de especialización	12
Cursos a demanda	11
Total cursos	40
Asistentes (estudantes 1º,2º,4º ciclo)	2.001
Asistentes (estudantes 3º ciclo, profesores, investigadores)	131
Total asistentes	2.132

Aulas de informática	2004	2005
Total aulas de informática	84	87
Novas aulas informática	5	3
Número de centros nos que están distribuídos	28	28
Postos de traballo conectados a internet	1.621	1.818
Incremento con respecto ao ano anterior (porcentaxe)	7,3%	12,2%
Incremento con respecto ao ano anterior (numérico)	110	197
Renovación do parque informático	37,6%	44,8%
Dotación de novos equipos	245	308
Porcentaxe de postos de traballo con ordenadores novos	15,1%	16,9%

07.4 B 2 / PROGRAMA UNIPORTA

O programa Uniporta facilita a adquisición de ordenadores portátiles aos membros das tres universidades galegas. Máis de 3.249 estudantes da Universidade de Santiago de Compostela (11%) se beneficiaron das condicións de compra ou financiamento do programa Uniporta nas campañas promovidas desde o inicio do ano 2004. Esta cifra coloca á USC na primeira posición entre as universidades do Estado que están a desenvolver programas específicos que faciliten a adquisición de ordenadores portátiles con conectividade sen fíos aos membros das súas respectivas comunidades universitarias. A USC xestionou a metade dos ordenadores que se distribuíron na Comunidade Autónoma e o 16% do Estado español.

07.4 B 3 / CAMPUS VIRTUAL

O campus virtual, no curso 2004-05, incrementa un 50% o número de usuarios de primeiro e segundo ciclo. Tamén aumenta o número de materias vixentes no campus, alcanzando a cifra de 319 materias pertencentes a 52 das 63 titulacións de primeiro e segundo ciclo impartidas na USC .

07.4 B 4 / FORMACIÓN INFORMÁTICA

Na procura de ofertar unha formación integral aos estudantes en materia de novas tecnoloxías da información e das comunicacións, a USC impartiu 82 cursos de informática a máis de 1.130 universitarios.



Distribución de usuarios de 1º e 2º ciclo no Campus Virtual	2003/04	2004/05	Variación
Campus Santiago	3.803	5.524	45,2%
Campus Lugo	1.879	3.005	59,6%
Total	5.682	8.529	50,1%

Formación de informática	2003/04	2004/05
Cursos formativos impartidos	116	82
Participación de estudantes	1.684	1.130
Horas de docencia	2.320	1.320

07.4 C / APRENDIZAXE DE LINGUAS EXTRANXEIRAS

07.4 C 1 / CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM)

O CLM é unha ferramenta importante para a mellora da competencia lingüística dos estudantes. No curso 2004-05 deixa de impartirse árabe, mantendo a oferta do resto de linguas do CLM, e continúa tamén a súa labor na realización dos exames oficiais de inglés (TOEFL-Test of English as Foreign Language), alemán (Start Deutsch I e II, ZD e ZMP do Goethe-Institut) e español (DELE -Diplomas de Español como Lingua Estranxeira, do Instituto Cervantes).

Os bolseiros Sócrates-Erasmus poden recibir no CLM, antes da súa saída ao país de destino, preparación lingüística por medio de cursos anuais, módulos de autoaprendizaxe titorizada e cursos intensivos de verán. O Programa de cursos intensivos de verán do CLM para bolseiros Sócrates/Erasmus duplica neste ano o número de alumnos e incorpora o portugués. Continúa a colaboración coa Fundación Galicia Europa que concede 4 bolsas de 300 euros para os estudantes (bolseiros Sócrates-Erasmus) máis destacados dos cursos intensivos de verán.

07.4 C 2 / SOCIEDADE DE CURSOS INTERNACIONAIS

Rexístrase un forte crecemento do número de alumnos dos cursos de lingua e cultura española para estudantes estranxeiros, impartidos pola Sociedade de Cursos Internacionais.

CLM ASISTENTES por lingua	Curso 03-04	Curso 04-05	Cursos de Verán 2004	Cursos de Verán 2005
Alemán	197	144	5	16
Árabe	52	---		16
Checo	27	12		
Danés	4	0		
Español	784	919		
Francés	229	175		
Inglés	772	576		
Italiano	100	83		
Xaponés	41	36	10	8
Ruso	24	14	5	8
Curso de preparación exame DELE	13	17		
Total	2.243	1.976	20	48

Cursos intensivos de verán do CLM para bolseiros Sócrates/Erasmus

	Alemán	Italiano	Francés	Inglés	Portugués
Verán 2005	0	20	15	38	10
Verán 2004	8	12	7	22	0

Sociedade de Cursos Internacionais	2004	2005
Estudantes matriculados	967	1.072

07.5 Mobilidade de estudantes

07.5 A / BOLSAS E AXUDAS PARA A MOBILIDADE

Incrementábase sensiblemente o número de estudantes recibidos. Así o reflicte o crecemento do 18% na convocatoria Sócrates-Erasmus, do 22% no SICUE e do 7% nas convocatorias ao abeiro de convenios interuniversitarios.

Para o curso 2004-05 a USC convocou bolsas Sócrates-Erasmus para estadias en facultades e universidades de 22 países europeos. Os bolseiros elixiron o destino entre as universidades de: Portugal, Holanda, Italia, Alemaña, Francia, Hungría, Noruega, Austria, Reino Unido, Irlanda, Dinamarca, Bélxica, Grecia, República Checa, Islandia, Malta, Suecia, Lituania, Estonia, Finlandia, Polonia e Romanía. Neste curso diminúe o número de estudantes que a USC envía a outras universidades, aínda que no campus de Lugo se dá un forte incremento na demanda de bolsas Sócrates-Erasmus.

Programa Sócrates/Erasmus					
Ano académico	Acordos de intercambio asinados	Número de universidades	Países europeos	Estudantes enviados	Estudantes recibidos
2003-04	1.034	324	25	418	552
2004-05	1.184	275	22	390	652

Programa SICUE/Séneca		
Ano académico	Estudantes enviados	Estudantes recibidos
2003-04	81	63
2004-05	92	77



O Sistema de Intercambio entre Universidades Españolas (SICUE) permite que os estudantes poidan realizar unha parte dos seus estudos noutra universidade distinta á súa.

PROGRAMA ISEP

É un programa de intercambio con universidades de EEUU para estudantes de pre e posgrao. No curso 2004-05 a USC intensificou os esforzos por recibir máis estudantes, mudando a súa posición respecto ao ano anterior.

PROGRAMAS BILATERAIS

A Universidade de Santiago de Compostela convocou para os seus alumnos bolsas de intercambio para estudar en 160 universidades de América, Asia e Oceanía. As universidades coas que a USC ten acordos pertencen a Arxentina, Australia, Brasil, Canadá, Chile, Colombia, Corea, Costa Rica, Cuba, Estados Unidos, México, Perú, Porto Rico, Uruguai e Xapón. Neste mesmo apartado hai que incluír as 14 prazas de intercambio para estudantes das universidades suízas de Neuchâtel, Zürich, a Escola Politécnica de Lausanne, a Universität Basel e a Université de Genève.

BOLSAS PRE E POSTDOUTORAMENTO

Mantéñense as liñas de apoio ao estudo para estudantes iberoamericanos a través do programa de bolsas de pre e posdoutoramento.

Programa ISEP		
Ano académico	Estudantes enviados	Estudantes recibidos
2003-04	14	7
2004-05	4	10

Programas bilaterais				
Ano académico	Estudantes enviados	Países destino	Estudantes recibidos	Países orixe
2003-04	30	10	218	29
2004-05	23	14	233	19

Bolsas pre e posdoutoramento		
Ano académico	Bolsas novas e renovacións	Partida orzamentaria (euros)
2003-04	50	240.400
2004-05	42	252.420

07.6

Medidas de apoio á aprendizaxe

07.6 A / MATERIAS PONTE 2004/05

Por cuarto curso consecutivo, a USC ofertou unha serie de materias destinadas a todos aqueles estudantes que acceden por primeira vez á universidade e queren reforzar as súas aptitudes para cursar de forma satisfactoria as materias do primeiro curso.

Con respecto ao ano anterior, convén salientar a forte mellora dos resultados, como amosan o crecemento das porcentaxes de aptos e a forte diminución dos non presentados, que pasan de ser o 58% a representar un 32%.

07.6 B / PROGRAMA DE APOIO TITORIAL EXTRAORDINARIO

A USC continúa con esta iniciativa dirixida aos estudantes cun máximo de dúas materias pendentes e catro convocatorias esgotadas en cada unha. No curso 2004-05 solicitaron este programa 29 estudantes, dos que 12 aprobaron en convocatoria fin de carreira, 15 en xuño e 1 en setembro.

07.6 C / MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

Desde a USC entendemos que a construción do Espazo Europeo de Educación Superior precisa de actividades formativas de carácter transversal que facilitan o coñecemento de realidades e actividades que fomentan a posta en práctica dos coñecementos adquiridos. Por iso continuouse na liña de fomentar a formación integral dos alumnos incorporando ao catálogo de materias de libre configuración a participación en actividades e iniciativas de tipo cultural, social ou ambiental.

Curso 2003 - 04				
Materias ponte	Matrícula	Aptos	Non aptos	Non presentados
Total Santiago	839	32%	6%	62%
Total Lugo	297	45%	4%	49%
Total USC	1.136	35%	6%	58%

Curso 2004 - 05				
Materias ponte	Matrícula	Aptos	Non aptos	Non presentados
Total Santiago	654	55%	9%	35%
Total Lugo	208	79%	-	21%
Total USC	862	61%	7%	32%

Distribución de aprobados sobre o total (%) - Programa de apoio tutorial extraordinario				
Curso académico	Aprobados na convocatoria fin de carreira	Aprobados en xuño	Aprobados en setembro	Aprobados en total
2003-04	69%	30%	1%	67
2004-05	43%	54%	4%	28

07.6 C 1 / VOLUNTARIADO E COMPROMISO SOCIAL

Co obxectivo de conseguir que a sustentabilidade e a responsabilidade social sexan pautas e principios de acción no ámbito profesional, desde a USC potenciáronse actividades de formación recoñecidas con créditos de libre configuración, a través de diferentes xornadas formativas en varios dos ámbitos relacionados co voluntariado e a participación social.

Voluntariado e compromiso social	Asistentes
Xornadas sobre voluntariado e interculturalidade	67
Xornadas sobre voluntariado, infancia e menores	105
Axuda humanitaria en estratexia e desastres	105
III curso de formación básica en voluntariado	214 (49 no campus de Lugo; 165 no campus de Santiago)
Xornadas de medio ambiente, participación social e voluntariado	174
Educación e valores: o cine como recurso educativo	88
Emprendemento social: unha proposta desde a USC	45
Xornadas: medio ambiente, participación social e voluntariado	174

	Consideras que os contidos destas xornadas son interesantes para a túa formación académica e persoal? Si	Consideras que a túa colaboración como voluntario podería incrementar as túas expectativas profesionais? Si
Voluntariado, infancia e menores	96,4%	78,7%
Xornadas de medio ambiente, participación social e voluntariado	94,1%	94,1%
Voluntariado e interculturalidade	90,2%	70,4%
Axuda humanitaria en emerxencias e desastres	96,7%	83,4%
III Curso de Formación Básica en Voluntariado	89,1%	88,1%

07.6 C 2 / ACTIVIDADES DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

Continuando a liña de combinar ocio e calidade pedagóxica incrementábase o catálogo de actividades con valor formativo recoñecido academicamente.

Un ano máis continúa a actividade docente do observatorio astronómico Ramón M^a Aller, no que é salientable o Programa de Extensión Cultural de Astronomía PECAS (dotado dun crédito de libre configuración) que conta con 400 alumnos.

07.6 C 3 / ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN ASPECTOS AMBIENTAIS

Incrementábase a oferta de cursos e xornadas de temática ambiental na liña da ambientalización curricular contemplada no plan de desenvolvemento sostible da USC.

07.6 C 4 / MELLORA DA EMPREGABILIDADE E ESPECIALIZACIÓN PROFESIONAL

Co obxectivo de mellorar a empregabilidade dos titulados ofértanse unha serie de actividades formativas dirixidas a traballar aptitudes e capacidades.

Materias de libre configuración no curso 2004-05 vinculadas a actividades de extensión universitaria

CULTURA E DEPORTE

Coro universitario

Ópera aberta

Tribos ibéricas: inmigración e desenvolvemento social

VI liga nacional de debate universitario

Xornadas conmemorativas do IV centenario de *Don Quijote de La Mancha*

III ciclo de cine e conferencias: cultura de paz para un novo milenio.

O cinema en feminino

III curso de arte galega no Museo Provincial de Lugo: O románico

Ciclo de conferencias: *El deporte gallego en el Siglo XXI*

O deporte ao servizo da paz e a concordia

OBSERVATORIO ASTRONÓMICO RAMÓN MARÍA ALLER

Programa de Extensión Cultural de Astronomía PECAS

Materias de libre configuración no curso 2004-05 vinculadas ao medio

Curso de educación ambiental. 2005/2006

Curso de conferencias: impactos ambientais

X congreso de medio ambiente do Arco Atlántico

Xornadas sobre avances cara ao desenvolvemento sostible. Experiencias en Galicia e no Norte de Portugal

Materias de libre configuración no curso 2004-05: mellora da empregabilidade e especialización profesional

Curso de mellora da empregabilidade e especialización profesional: Autocad 2D e 3D

Curso de mellora da empregabilidade e especialización profesional: tratamento da imaxe por ordenador. Photoshop 7. o

Seminario sobre entrevistas de traballo

Seminario de difusión da cultura emprendedora seminario de xeración e maduración de ideas.

Seminario de planificación empresarial

Curso de técnicas de comunicación oral

Habilidades para mandos intermedios

Taller de busca de emprego

Claves para falar en público e convencer

A estratexia da negociación exitosa. 2005

07.7

Introdución á práctica profesional

No curso 2004-05 incrementábase o número de estudantes que realizan prácticas en empresas.

A USC continúa impulsando as prácticas en empresas e institucións para facilitar a futura inserción laboral dos universitarios. A experiencia dun estudante que viviu unha situación real de esixencia e responsabilidade nunha empresa é unha bagaxe moi útil para o desempeño da actividade profesional en calquera organización.

Os estudantes universitarios que superaran o 50% dos créditos correspondentes á súa titulación poden realizar prácticas en empresas ou institucións cunha duración máxima de cinco meses ou 500 horas por curso académico. Deste xeito, un estudante que cumpra estes requirimentos pode facer prácticas os dous últimos anos de carreira, e así poden finalizar os seus estudos con, aproximadamente, 10 meses de experiencia pre-profesional.

O PROXECTO EUROPRÁCTICUM: PRÁCTICAS NA UNIÓN EUROPEA

A través deste programa a USC oferta prácticas remuneradas aos seus titulados en empresas e institucións da Unión Europea, co que se pretende:

- Reforzar as aptitudes e as competencias dos individuos -sobre todo os mozos- que seguen unha primeira formación profesional.
- Mellorar a calidade da formación profesional continua e da adquisición de aptitudes e competencias ao longo da vida.
- Promover e reforzar a contribución da formación profesional ao proceso de innovación, para mellorar a competitividade e o espírito da empresa co fin de crear novas posibilidades de emprego.

Estudantes que realizaron prácticas en empresa validadas como créditos

Curso académico	Nº de estudantes que realizaron prácticas en empresa	Créditos validados ou superados
2003-04	1.820	19.505,50
2004-05	1.889	20.312,00

Convenios con empresas para prácticas de cursos de posgrao e formación continua

2003-04	130
2004-05	111

Titulados da USC que realizaron prácticas profesionais a través de FEUGA

2003-04	301
2004-05	341

O 40% dos beneficiarios do programa Europrácticum da convocatoria 2004-06 acadaron un posto de traballo

Programas de prácticas profesionais a través do Programa Europrácticum

	Convocatoria 2002 / 04	Convocatoria 2004 / 06
Inscritos/as	654	660
Aptas/os	185	431
Bolseiros/as	66	93

Europrácticum: o programa Europrácticum é de duración bianual

07.8 Outros programas de apoio

07.8 A / SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS (SUR)

No curso 2004-05 a USC ofertou 1.400 prazas no SUR, o que supón unha redución respecto ao ano anterior, aínda que esta cifra é suficiente para non mudar a segunda posición que ostenta a USC por número de prazas en residencias dentro do Sistema Universitario Español.

Neste ano resérvanse 28 prazas para membros da comunidade universitaria con discapacidade, cifra que mellora a ratio do ano anterior, xa que neste curso unha de cada 50 prazas está reservada a persoas con discapacidade fronte a unha de cada 60 do curso anterior.

Os prezos dos cuartos son iguais en todos os centros do SUR, en razón do tipo de cuarto (individual ou dobre). Para o acceso téñense en conta os resultados académicos establecéndose subveccións no prezo da habitación en función do nivel de renda.

07.8 B / SERVIZO DE COMEDORES E CAFETERÍAS UNIVERSITARIAS

Existen 25 comedores e cafetarías universitarias nos campus de Santiago de Compostela e Lugo, con prezos taxados por contrato.

07.8 C / SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO

A USC subvenciona unha parte do prezo do billete do transporte urbano para os membros da comunidade universitaria.



Transporte urbano: importe subvencionado

2003-04	75.200 euros
2004-05	35.000 euros

07.8 D / BOLSAS E AXUDAS A ESTUDANTES

07.8 D 1 / BOLSAS E AXUDAS DO MEC

O 33% do alumnado da USC solicita unha bolsa, porcentaxe de dez puntos superior á media do Sistema Universitario Español. Destes, case un 60% acada unha axuda que, de media, supón 3.005 euros. Así, aínda que o estudantado matriculado en primeiro e segundo ciclo na USC representa o 3% do total das universidades públicas españolas, acada o 4% das bolsas concedidas polo MEC.

Por tipo de axuda, a evolución respecto ao ano anterior reflicte un aumento das bolsas compensatorias destinadas aos estudantes de menor nivel de renda.

En canto á distribución por sexos, a presenza maioritaria das mulleres no estudantado da USC reflíctese tamén neste apartado, xa que a porcentaxe de bolsas solicitadas, concedidas e denegadas a mulleres supera a media nacional.

Bolsas MEC: indicadores

	USC	Universidades públicas españolas
% estudantes solicitantes de bolsa sobre o total de matriculados	33%	23%
Bolsas concedidas	6.305	175.493
% concesións sobre o total de solicitudes	59,92%	57,57%
Importe total	18.946.295	424.045.917
Importe medio por bolseiro	3.005	2.416
Solicitudes denegadas	3.072	126.146
% denegacións sobre o total de solicitudes	29,19%	41,38%

Distribución das bolsas do MEC por tipo de axuda

Convocatoria	Libros	Residencia	Desprazamento	Mobilidade	Compensatoria
2003-04	5.782	4.265	967	226	1.762
2004-05	5.670	4.178	954	236	2.084

Distribución Bolsas MEC por sexos

Universidade de Santiago de Compostela	Estudantes solicitantes	Bolsas concedidas	Bolsas denegadas
Mulleres	73%	74%	83%
Homes	27%	26%	17%
Media universidades publicas			
Mulleres	54%	54%	53%
Homes	46%	46%	47%

07.8 D 2 / AXUDAS PROPIAS AO ESTUDO

As axudas ao estudo “Doutor Nicolás Peña Martínez” están dirixidas a estudantes que naceran en Vigo, ou nos concellos da bisbarra, para a realización de estudos universitarios de primeiro e segundo ciclo, que teñan unha proxección técnica que inflúa no nivel sanitario e condicións de vida dos cidadáns.

Bolsa “Ana Cortizo”, destinada a mulleres que realicen estudos de licenciatura na Facultade de Veterinaria de Lugo.

Axudas “Doutor Nicolás Peña Martínez”		
Convocatoria	Nº de bolsas concedidas	Importe en euros
2003-04	10	23.705
2004-05	10	19.820

Axudas teses doutoramento		
Convocatoria	Nº de bolsas concedidas	Importe en euros
2003-04	19	213.000
2004-05	20	264.000

07.8 E / COLECTIVOS CON NECESIDADES ESPECIAIS

Entendemos que os dereitos das persoas con discapacidade son os dereitos de todos, por iso promovemos a integración de todas as persoas na comunidade universitaria, con independencia das súas capacidades. A USC establece programas de apoio, combinando profesionais e voluntarios, que permiten aos estudantes con necesidades especiais integrarse dunha maneira activa na vida universitaria. Ademais estase potenciando a comunicación cos centros de ensino secundario para así poder ter cubertas as necesidades dos novos estudantes antes do seu acceso á universidade.

En relación con este tema, debemos salienta o apoio que se lle está prestando a estudantes Erasmus con alta discapacidade.

	2004	2005
Estudantes atendidos pola oficina do voluntariado	32	15
Estudantes con necesidades especiais aloxados no SUR	20	9

07.9 Orientación e inserción laboral

A USC, a través das actividades das áreas de orientación laboral e autoemprego, presta atención personalizada aos estudantes, asumindo responsabilidades de atención cos egresados, tanto nos primeiros momentos de inserción laboral, como no desenvolvemento do seu proxecto de vida profesional.

07.9 A / ÁREA DE ORIENTACIÓN LABORAL

Na área de orientación laboral asesórase aos universitarios en todos os aspectos relativos ao acceso ao mundo profesional, técnicas de busca de emprego, información sobre saídas profesionais e recursos de interese.

No ano 2005 refórzanse as actividades de orientación e intermediación laboral, titorízanse 1.171 currículos, dos cales preséntanse máis de 1.050 a distintas ofertas de traballo. Desde a propia área xestiónanse directamente 142 ofertas que dan como resultado a contratación de 93 titulados da USC.

07.9 B/ ÁREA DE AUTOEMPREGO

A área de autoemprego ten por obxectivo a divulgación da cultura emprendedora e o fomento do emprego. No ano 2005 é salientable o incremento da actividades nesta área no campus de Lugo, intensificando as accións de información, divulgación e fomento do emprego.

Á súa vez, esta área intégrase dentro do plan para a creación de empresas da USC, Uniemprende, co que se pretende fomentar a vocación empresarial, prestando especial atención aos procesos de investigación científico- tecnolóxica xurdidos na USC e con potencialidade suficiente para transformar unha idea incipiente nunha empresa con expectativas de futuro.



Área de autoemprego	Campus de Santiago				Campus de Lugo				Total 2003-05	
	Curso 2003-04		Curso 2004-05		Curso 2003-04		Curso 2004-05		Santiago e Lugo	
	Actuacións	Beneficiarios	Actuacións	Beneficiarios	Actuacións	Beneficiarios	Actuacións	Beneficiarios	Actuacións	Beneficiarios
Actividades de sensibilización	13	644	14	152	28	334	32	548	87	1.678
Difusión, información e comunicación	46	30.657	83	9.726	63	7.643	44	8.303	236	56.329
Fomento do emprego	247	269	225	185	230	244	401	560	1.103	1.258
Xestión interna	13	3	7	3	1	-	-	-	21	6
TOTAL	319	31.573	329	10.066	322	8.221	477	9.411	1.447	59.271

07.9 C / EMPRENDIMENTO SOCIAL

A Universidade de Santiago puxo en marcha, coa colaboración do Concello de Santiago de Compostela o proxecto ACTÚA, que ten como obxectivo fomentar o emprego e o autoemprego dos estudantes e titulados da Universidade. ACTUA é un proxecto de axuda a emprendedores para o desenvolvemento do autoemprego no ámbito social, potenciando aspectos tan fundamentais como o ambiente, a inclusión social, a cooperación internacional e a difusión e promoción da cultura emprendedora

07.9 D / CURSOS DE APTITUDE PEDAGÓXICA

Un ano máis a USC organiza os Cursos de Aptitude Pedagóxica, dirixido á capacitación dos futuros docentes de ensino medio. No curso 2004-05 increméntase a matrícula un 12% debido ao crecemento da modalidade semipresencial.

Cursos de Aptitude Pedagóxica (CAP)	2003/04	2004/05
Estudantes matriculados	910	1.030
Matrícula ordinaria	62,1%	61,2%
Matrícula semipresencial	34,1%	36,3%
Matrícula virtual	3,8%	2,5%

07.10 Aprendizaxe permanente

07.10 A / MASTERS, CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN E FORMACIÓN CONTINUA

Consólidase a oferta de Posgrao da USC, que medra en termos cuantitativos (alumnos e número de cursos), e incrementa o número de cursos impartidos (con matrícula) sobre os ofertados, o cal implica un maior grao de axuste ás necesidades e demandas sociais.

Posgrao e formación continua		2003/04	2004/05
Másteres	Ofertados	37	41
	Con matrícula	26	29
	Estudantes matriculados	825	739
Cursos de especialización	Ofertados	43	40
	Con matrícula	32	32
	Estudantes matriculados	613	551
Cursos de formación continua	Ofertados	76	78
	Con matrícula	47	50
	Estudantes matriculados	649	1.123
Total posgrao	Ofertados	156	159
	Con matrícula	105	111
	Estudantes matriculados	2.087	2.413

07.10 B / IV CICLO UNIVERSITARIO

A USC oferta desde o curso 1997-98 o “IV Ciclo Universitario. Formación de Maiores”. O programa impártese nos dous campus da USC, Lugo e Compostela, co obxectivo de promover a incorporación de alumnos maiores de 50 anos aos estudos universitarios, favorecendo a súa integración e participación en procesos formativos que respondan ás necesidades e expectativas deste colectivo social.

No curso 2004-05 incrementáronse os estudantes, cun crecemento do 7% respecto ao ano anterior e tamén se ampliou o número de materias impartidas, que pasa de 26 a 35.

07.10 C / DATOS AEPUM (fonte <http://www.aepumayores.org>)

Ao longo de 2005, a USC participou en diversas actividades da Asociación Estatal de Programas Universitarios para Maiores (AEPUM), da que é socio fundador. Esta asociación ten como obxectivo fomentar os programas educativos de carácter universitario contribuíndo ao desenvolvemento formativo e cultural do colectivo de maiores.

IV ciclo universitario	2003/04	2004/05
Materias impartidas	35	26
Estudantes matriculados	185	158
Estudantes cursando materias do 1º curso	99	85
Estudantes cursando materias do 2º curso	86	50
Estudantes cursando o Excelsor	21	23
Estudantes que acadaron o título de Graduado Sênior	23	18
Estudantes que acadaron o título de Graduado Superior Sênior	14	20



Actividades organizadas pola AEPUM no ano 2005 con representación da USC:

- 2 reunións da xunta directiva de AEPUM (Murcia 19/04/2005 e Alacante 16/12/2005)
- Xornadas técnicas “Los retos de los Programas Universitarios para Mayores ante la reforma de la LOU” (Alacante 15/12/2005).
- IV Asemblea da Asociación Estatal de Programas Universitarios para Persoas Maiores (Murcia 19/04/2005).

08

Rendemento da nosa xestión económica





Rendemento da nosa xestión económica

A xestión económica da USC no ano 2005 enmárcase dentro das perspectivas económico-financieiras establecidas no novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2005-2010, no marco do Plan de Equilibrio Económico e Financeiro da institución para o período 2004-2006 e na Programación Plurianual da Universidade para o mesmo período.

O ano 2005 marca un punto de inflexión, xa que abre un escenario financeiro certo definido polo novo Plan de Financiamento do SUG e polo Plan de Equilibrio Económico e Financeiro. Agora é posible acometer unha panificación de recursos artellando as achegas orzamentarias en torno ás liñas consideradas estratéxicas para a consecución dos obxectivos da Programación plurianual da USC coa finalidade de obter maior eficiencia.

DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Para as funcións básicas da docencia e investigación os recursos artéllanse en torno a catro grandes liñas: calidade, persoal, Espazo Europeo de Educación Superior e tecnoloxías da información e as comunicacións.

Calidade

Incrementáanse os recursos para a docencia e a investigación distribuíndose en función dos obxectivos de calidade que introduzan as unidades estruturais -centros, departamentos e institutos-. De ahí que unha parte importante dos recursos se destinen ao financiamento das accións previstas no Plan de Calidade e a financiar os acordos de interese mutuo que se deriven da planificación estratéxica de departamentos e institutos.

Persoal

Aténdense os compromisos derivados do cadro de persoal e da evolución acordada nos órganos de goberno, das súas derivas retributivas, así como dos procesos de estabilización e promoción do persoal docente e investigador (PDI) derivados dos estatutos e a execución da oferta de emprego do persoal de administración e servizos actualmente en curso.

Espazo europeo de educación superior

Dotáronse os recursos específicos para avanzar nunha progresiva integración no dito espazo naquelo que respecta á análise e desenvolvemento de experiencias e de accións de formación do profesorado en relación ao mesmo.

Tecnoloxías da información e da comunicación

No eido das TIC, intensifícase o esforzo financeiro para o desenvolvemento do Plan Estratéxico das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións.

INFRAESTRUTURAS

Nesta liña de planificar o esforzo financeiro vinculando recursos a obxectivos hai que situar o Plan trienal de reparacións, ampliacións e mellora dos edificios (RAM) e o financiamento para a redacción dun Plan xeral de ordenación dos campus.

O Plan trienal elabórase para facer fronte ás necesidades que os centros teñen neste ámbito, sobre todo no que atinxe á súa adaptación á futura realidade docente e investigadora vinculada ao EESS e ás materias de seguridade e saúde laboral. Establece unha acción a tres anos e a súa primeira achega orzaméntase no 2005.



O plan xeral de ordenación dos campus redáctase para que, no cadro dos procesos de revisión do planeamento urbanístico dos concellos de Santiago e Lugo, se planifiquen as necesidades da USC nesta materia para os vindeiros anos, tanto no que se refire ás novas necesidades derivadas da reorganización de ensinos de grao e posgrao e novas titulacións - Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas, Enxeñaría Técnica de Obras Públicas e Enxeñaría Técnica en Topografía-, como da ampliación e mellora das infraestruturas específicas de investigación, así como para a redacción dos proxectos das accións priorizadas no referido Plan.

Ademais inclúense os recursos necesarios para a execución dos proxectos de infraestruturas que a USC ten en marcha durante o 2005: traslado de Filosofía a Mazarelos; comezo da reestruturación de Ciencias da Educación; concreción dos proxectos da Facultade de Medicina e Odontoloxía, Escola de Enfermaría, e demais edificios do denominado Campus de Ciencias da Saúde; edificio de apoio á investigación de Lugo (CACTUS) e proxectar a súa segunda fase; executar o edificio para o Centro de Investigacións Biolóxicas (CIBUS); e a construción do edificio NEXUS.

SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Os recursos asignados van dirixidos a afondar nunha mellor calidade de vida nos campus e a fomentar a participación e a integración da comunidade universitaria en xeral e a estudantil en particular.

PROCESOS DE TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO

No ano 2005 a USC incrementa o apoio financeiro aos procesos de transferencia de coñecemento, aos resultados do desenvolvemento tecnolóxico, así como á cultura emprendedora.

PROXECCIÓN INTERNACIONAL DA USC

Un ano mais prevénse recursos para actuacións que intensifiquen a proxección internacional da USC e das súas actividades.

Todas estas liñas estratéxicas deben ser impulsadas pola USC dentro do proceso de axuste dos gastos contemplado no Plan de Equilibrio, exercendo a nosa responsabilidade perante a sociedade ao administrar con eficacia e eficiencia os recursos públicos que recibimos e sendo transparentes na rendición de contas da nosa actividade.



O novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia

Nos últimos 20 anos vimos como os sistemas de financiamento das universidades públicas españolas pasaron de aplicar principios incrementalistas a apostar por modelos financeiros que, para o reparto dos recursos, teñen en conta os obxectivos educativos, garantindo unha planificación financeira a medio e longo prazo. O Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia (PFSUG) inscríbese nesta corrente, persigue a mellora da calidade da educación e a investigación universitaria, a interrelación entre as universidades e a realidade socioeconómica galega, a transferencia de resultados ao sector productivo e o desenvolvemento dunha oferta complementaria de servizos de calidade.

O novo Plan de Financiamento terá unha vixencia de seis anos, do 2005 ao 2010, ambos os dous inclusive, o que pode considerarse un horizonte razoable e un bo escenario temporal para acadar os obxectivos previstos no mesmo. Este prazo é coincidente co programa de converxencia ao sistema europeo de educación superior, aínda que non se indica como se realizará o paso do SUG ao EEES.

O total do financiamento que a comunidade autónoma galega prevé achegar ao SUG representa o 0,65% do PIB galego a prezos de 2005, o que supón unha diminución respecto a anos anteriores. Se ben é certo que se incrementan lixeiramente os recursos por estudante, aínda están por debaixo da media das universidades públicas españolas. A chegada da Comunidade Autónoma prevista no Plan, concrétase en dous tipos de achegas, por unha banda os fondos do plan e por outra os fondos a través de convenios.

OS FONDOS DO PLAN

1 . Fondo de financiamento incondicionado:

Destinado ao financiamento do gasto corrente, en particular os custos de persoal. A súa contía para o ano 2005, establécese aplicando un incremento do 7,77% á transferencia incondicionada que cada unha das universidades percibiron durante o exercicio 2004. Establécese unha cláusula de revisión aplicando unha taxa de variación anual equivalente á taxa de variación dos ingresos non financeiros do orzamento consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia para cada exercicio, que se estima nunha media dun 6,5% anual.

2. Fondo de calidade:

Destinado á mellora da calidade e da excelencia na investigación. Divídese nos seguintes bloques:

- Financiamento da calidade da docencia e investigación. Destinado a cubrir o custo dos sexenios de investigación e dos complementos autonómicos do persoal docente e investigador, en función do custo que cada universidade ten que asumir por estes conceptos. A estimación inicial deste bloque para o ano 2005 é de 10.640.000 euros para o conxunto do SUG.

- Fondos para contratos-programas. Cunha dotación inicial global de 2.429.000 euros, trata de impulsar a utilización dos contratos-programa para estimular o compromiso das universidades coa mellora da calidade na docencia e na investigación, a internacionalización e a resposta ás demandas sociais de Galicia. Os criterios de reparto para o ano 2005 establecen que se distribuirá nun 25% para cada universidade e un 25% adicional para a USC. Para o resto do período a Consellaría de Educación

e Ordenación Universitaria e as tres universidades deberán fixar os criterios de reparto.

- Fondo incondicionado de apoio á investigación e ao desenvolvemento universitario. Cunha dotación inicial de 5.250.254 euros, busca mellorar a competitividade investigadora das universidades e reforzar a súa proxección internacional. Distribúese nun 50% para a Universidade de Santiago de Compostela, un 30% para a Universidade de Vigo e un 20% para a Universidade de A Coruña. A partir do ano 2006, plantéxase unha modificación deste criterio de reparto en función doutros indicadores non explicitados no novo plan.

- Fondo de participación no Plan Galego de I+D+i. A súa dotación global é de 21 millóns de euros. Cubre a participación das tres universidades no Plan Galego de I+D+i xestionado pola Consellaría de Innovación e Industria, a través de un reparto competitivo dos fondos.

A taxa de crecemento de todas estas partidas integradas neste Fondo de calidade será do 10% no 2006, o 13% en cada un dos anos 2007 e 2008, e do 16% en cada un dos exercicios 2009 e 2010, respectivamente. Ademais, se algunha non esgotase o seu orzamento, permitirase a transferencia do remanente ao resto.

3. Fondo para investimentos:

Cubre investimento novo e reposición, ampliación e mellora, cunha contía fixa anual de 17.429.352 euros, para cada un dos 5 anos de vixencia. No 2005 os recursos deste fondo repartiranse entre as tres universidades en igual forma que no ano 2004, e en posteriores exercicios conforme aos criterios que se acorden entre a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades.

4. Fondo de nivelación:

O seu obxectivo é favorecer a converxencia interna dentro do SUG,

destinándose exclusivamente á UDC e á UVI o 57,3% e o 42,7%, respectivamente, proporcións que se manterán constantes. A súa contía é de 5 millóns de euros, cun crecemento anual similar ao dos ingresos non financeiros dos orzamentos liquidados da Xunta de Galicia máis un punto.



08.1 As contas anuais das administracións públicas

O Plan xeral de contabilidade pública (PXCP) prevé a presentación de catro estados de fluxos de fondos: o resultado orzamentario, o cadro de financiamento, o estado de fluxos de tesouraría e o estado de remanente de tesouraría que, xunto coa conta do resultado económico-patrimonial, facilitan unha información máis completa para coñecer a situación económico-financeira da entidade que a ofrecida polas empresas.

Neste apartado centrarémonos nos tres elementos básicos da rendición de contas desde a perspectiva da contabilidade pública: o resultado orzamentario, a conta de resultados ou resultado económico-patrimonial e o balance.

A Universidade, como administración pública, está sometida ás normas de contabilidade pública que deberá observar á hora de elaborar e presentar as súas contas anuais co obxecto final de facilitar o control e a rendición de contas sobre o uso dos fondos públicos. En aplicación destas normas, o artigo 179 dos Estatutos da USC, dispón:

“A memoria económica anual conterá necesariamente:

- a). A liquidación definitiva do orzamento, a conta de resultados e o balance de situación.
- b). A información dos expedientes de contratación administrativa xestionados no exercicio.
- c). Un informe sobre a valoración e a evolución do inventario de bens mobles e inmobles.
- d). Un informe polo miúdo sobre a xestión dos recursos económicos.”

Así, as contas anuais conteñen información abundante dos aspectos relacionados coas operacións financeiras da universidade, pero pouco ou nada achegan sobre os resultados das actividades no ámbito económico e de xestión, sobre todo no que respecta ao establecemento de obxectivos e o seu seguemento posterior. Na USC entendemos que é tan importante a información financeira como a non financeira e, por iso, no noso Modelo de rendición de contas, introducemos a Memoria de responsabilidade social. Consideramos que, para que a sociedade poida valorar a actividade universitaria, é preciso que á información de carácter orzamentario e financeiro, se engada a información económica e de xestión, imprescindible para valorar a eficacia e eficiencia con que se prestan os servizos, e ademais todo iso se presente atendendo a unha triple vertente económica, social e ambiental.

O detalle destas contas anuais da USC pódese consultar na páxina web da Universidade: <http://www.usc.es>



08.1 A / O RESULTADO DA ACTIVIDADE

08.1 A 1 / ESTADO OPERATIVO

O orzamento é o eixe da actividade económico-financieira das entidades públicas. Por iso o resultado orzamentario facilita información relevante para a avaliación da viabilidade financeira e o control de legalidade.

O resultado orzamentario é o indicador que nos permite coñecer o equilibrio entre gastos e ingresos orzamentarios. A súa finalidade é comparar o emprego de recursos realizado con respecto ao financiamento dispoñible. Un resultado orzamentario positivo indica que os ingresos orzamentarios do exercicio foron suficientes para financiar o gasto orzamentario. A diferenza entre o resultado e o saldo orzamentario final virá explicada pola variación neta de pasivos financeiros.

No ano 2003 o resultado orzamentario da USC foi positivo. No ano 2004 o resultado negativo de 11.728.542,34 € foi compensado cunha variación neta de pasivos financeiros de 22.992.748,78 € para obter un resultado positivo definitivo de 11.264.206,44 €. No exercicio 2005 o saldo é de 4.333.335,02 € negativos, compensado cunha variación neta de pasivos financeiros de 8.398.545,52 €, para obter un resultado final positivo de 4.065.210,50 €.

O resultado orzamentario non constitúe un indicador de éxito ou fracaso na xestión do orzamento, senón unicamente de equilibrio entre gastos e ingresos

ESTADO OPERATIVO	2003	2004	2005
Gastos orzamentarios			
Docencia Universitaria	4.845.220,94	5.202.770,51	4.460.381,90
Investigación	28.737.369,20	37.675.865,65	35.417.328,39
Produción de infraestruturas e servizos á docencia e á investigación	144.174.615,74	158.659.501,49	151.129.848,33
Asistencia exterior e promoción á comunidade universitaria	6.063.763,14	6.047.080,79	5.367.254,32
Pasivos financeiros. Devolución de empréstitos e xuros	1.156.424,93	1.210.755,32	1.231.169,49
Variación de activos financeiros	0,00	1.071,43	0,00
TOTAL	184.977.393,95	208.797.045,19	197.605.982,43

Ingresos orzamentarios

Prezos públicos e outros ingresos	40.874.043,88	40.909.752,12	40.579.477,34
Transferencias correntes	104.500.700,09	113.043.560,93	120.222.502,54
Ingresos patrimoniais	577.739,18	502.986,10	533.399,38
Alleamento de investimentos reais	15.000.000,00	7.330.000,00	0,00
Transferencias de capital	23.781.155,36	34.502.089,98	31.783.183,67
Variación de activos financeiros	0,00	0,00	0,00
Variación de pasivos financeiros	12.688.114,74	23.772.862,50	8.552.630,00
TOTAL	197.421.753,25	220.061.251,63	201.671.192,93

Saldo orzamentario

Resultado orzamentario do exercicio (operacións non financeiras + operacións con activos financeiros)	536.358,28	(11.728.542,34)	(4.333.335,02)
Variación neta de pasivos financeiros	11.908.001,02	22.992.748,78	8.398.545,52
TOTAL	12.444.359,30	11.264.206,44	4.065.210,50

orçamentarios. Para valorar a capacidade para xestionar recursos e prestar servizos dunha administración existen outros elementos fundamentais, como son o grao de execución do orzamento de gastos e ingresos ou o ritmo temporal das actuacións.

08.1 A 2 / CONTA DE RESULTADOS

A conta do resultado económico-patrimonial comprende os ingresos e beneficios do exercicio, os gastos e perdas

do mesmo e, por diferenza, o resultado (aforro ou desaforro).

O obxectivo último dunha administración pública é prestar servizos á comunidade, polo que o resultado de aforro ou desaforro é pouco relevante tanto para o xestor- o seu traballo será valorado polo que acade, non polo que aforre- como para a sociedade que atende a aspectos como o cumprimento de legalidade, eficiencia e os resultados da Universidade.



CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO - PATRIMONIAL (EXERCICIO 2005)

Conta	DEBE	Exercicio corrente	Exercicio anterior
	A) GASTOS	200.277.648,49	197.545.682,87
	1.Gastos de funcionamento de servizos e prestacións sociais	192.221.258,70	188.181.657,94
	Gastos de persoal	120.389.496,12	120.491.982,55
640,641	Soldos, salarios e asimilados	110.587.093,85	108.801.263,35
642,644	Cargas sociais	9.802.402,27	11.690.719,20
	Dotacións para amortizacións de inmovilizado	46.179.000,02	40.324.510,49
	Variación de provisións de tráfico	875.737,90	848.925,00
694	Provisión para insolvencias	875.737,90	848.925,00
(794)	Provisión para insolvencias aplicada	0,00	0,00
	Outros gastos de xestión	23.757.201,43	26.032.250,68
62	Servizos exteriores	23.436.968,89	25.974.522,49
63	Tributos	320.232,54	57.728,19
	69 Gastos financeiros e asimilables	1.056.232,10	497.022,01
662,666,669	Por débedas	1.056.232,10	497.022,01
666	Perdas de investimentos financeiros	0,00	0,00
696,698,(796)	Variacións provisións investimentos financeiros	(36.408,87)	(13.032,79)
	2. Transferencias e subvencións	4.002.302,20	4.323.651,23
651	Subvencións correntes	3.919.122,12	4.240.471,15
656	Subvencións de capital	83.180,08	83.180,08
	3. Perdas e gastos extraordinarios	4.054.087,59	5.040.373,70
671	a) Perdas procedentes de inmovilizado	13.424,85	7.482,58
679	b) Gastos e perdas de outros exercicios	4.040.662,74	5.032.891,12
	AFORRO		

Conta	HABER	Exercicio corrente	Exercicio anterior
	B) INGRESOS	190.340.228,13	186.855.864,66
	1.Vendas e prestación de servizos	37.183.946,22	36.232.139,29
701	Vendas	124.252,14	166.597,60
	Prestación de servizos	37.059.694,08	36.065.541,69
705	En réxime de dereito privado	12.996.295,12	12.179.477,44
741	Prezos públicos por servizos	23.906.561,02	23.665.641,68
742	Prezos públicos por utilización privativa	156.837,94	220.422,57
	2. Outros ingresos de xestión ordinaria	1.914.875,79	1.568.198,97
773	Reintegros	395.910,71	406.263,78
	Outros ingresos de xestión	1.390.374,94	1.080.431,48
775,777	Ingresos accesorios de xestión corrente	1.390.374,94	1.080.431,48
760	Ingresos de participación en capital	0,00	6.716,65
761	Ingresos doutros valores negociables	0,00	0,00
769	Outros xuros	128.584,38	74.709,71
768	Diferenzas positivas de cambio	5,76	77,35
756	3. Transferencias e subvencións	151.241.406,12	149.055.526,40
750	Transferencias correntes	100.481.982,00	95.249.415,08
751	Subvencións correntes	19.800.324,22	18.541.819,44
755	Transferencias de capital	1.971.320,00	1.971.324,00
756	Subvencións de capital	28.987.779,90	33.292.967,88
	DESAFORRO	9.937.420,36	10.689.818,21

08.1 B / BALANCE DE SITUACIÓN

O balance é un estado de fondos que reflicte a situación do patrimonio, referida ao peche do exercicio. Estrutúrase a través de dúas masas, activo e pasivo, que agrupan elementos patrimoniais homoxéneos:

- O activo inclúe os bens e dereitos, así como os gastos amortizables.
- O pasivo o constitúen o esixible a longo prazo e o patrimonio neto.

Nas administracións públicas o balance presenta unha utilidade menor que nas empresas, xa que os recursos que se obtiveron única e exclusivamente da explotación do investimento realizado e do inmovilizado, non supón garantía dos empréstitos recibidos. A composición do balance facilita, sobre todo, información de carácter financeiro relacionada coa avaliación da solvencia a curto e longo prazo.

BALANCE DE SITUACIÓN

ACTIVO	2003	2004	2005
INMOBILIZADO	439.733.296,35	440.748.381,64	436.050.104,13
Inmovilizacións inmateriais	2.785.724,32	3.379.288,63	2.343.026,37
Inmovilizacións materiais	435.781.920,49	436.202.370,04	432.534.453,85
Investimentos financeiros permanentes	1.165.651,54	1.166.722,97	1.172.623,91
ACTIVO CIRCULANTE	56.946.182,88	49.587.983,37	49.992.094,54
Debedores	47.987.018,26	36.841.751,79	37.295.906,67
Investimentos financeiros temporais	710.557,99	402.093,16	400.336,38
Tesouraría	8.248.606,63	12.344.138,42	12.295.851,49
TOTAL XERAL	496.679.479,23	490.336.365,01	486.042.198,67

PASIVO	2003	2004	2005
FONDOS PROPIOS	396.938.392,42	386.248.574,21	376.311.153,85
Patrimonio	407.153.148,96	407.153.148,96	407.153.148,96
Resultados de exercicios anteriores	49.950.773,32	(10.214.756,54)	(20.904.574,75)
Resultados do exercicio	(60.165.529,86)	(10.689.818,21)	(9.937.420,36)
PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS	510.860,29	510.860,29	510.860,29
Provisións	510.860,29	510.860,29	510.860,29
ACREDORES A LONGO PRAZO	20.163.503,29	43.782.281,29	52.026.165,20
Outras débedas a longo prazo	20.163.503,29	43.782.281,29	52.026.165,20
ACREDORES A CURTO PRAZO	79.066.723,23	59.794.649,22	57.194.019,33
Débedas con entidades de creto	780.113,71	0,00	0,00
Acredores	35.334.033,83	17.838.977,24	14.768.376,81
Axustes por periodificación	42.952.575,69	41.955.671,98	42.425.642,52
TOTAL XERAL	496.679.479,23	490.336.365,01	486.042.198,67

09

A USC como creadora de valor socioeconómico



A USC como creadora de valor socioeconómico

O papel das universidades é cada vez máis relevante á hora de satisfacer as novas necesidades do sistema socioeconómico dos países industrializados. Asumir esta responsabilidade implica enfrentar o dobre desafío que nos presenta a chamada “sociedade do coñecemento e da información”, colaborar na transferencia ao sistema produtivo do coñecemento científico e tecnolóxico xenerado nas universidades, pero sen esquecer a non menos importante apropiación de tal coñecemento, por parte da sociedade. O retorno que a universidade ten que dar á sociedade, hai que analízalo, non só no relacionado coa formación e a investigación, que constitúen as súas actividades tradicionais, senón na súa relación co sistema produtivo do seu contorno e, en síntese, a súa contribución ao desenvolvemento. O impacto territorial da universidade, ten que ser abordado desde unha triple perspectiva: o efecto multiplicador do gasto que xenera como un sector económico, o que se deriva dos efectos da súa interacción co seu contorno e, por último, a contribución que as universidades prestan ao desenvolvemento social, cultural e comunitario do contorno rexional.

Desde a perspectiva do gasto, o output xerado pola Universidade supón o 0,61% do output total da economía galega. Esta cifra revela o impacto directo derivado do investimento e o consumo asociado á actividade da USC. Esta porcentaxe habería que incrementala agregando o efecto que a actividade universitaria ten sobre os sectores aos que se dirixe, na medida en que estes necesitan aumentar os seus aprovisionamentos para satisfacer as necesidades da USC. Por último, hai que considerar o efecto sobre o emprego, que a nivel estatal no ano 2002 supuxo o 0,7% do emprego total.

A contribución da Universidade de Santiago ao desenvolvemento comunitario ten múltiples vertentes que abranguen desde a conservación e protección do patrimonio cultural ata a asunción dun papel activo na conformación dunha cidadanía democrática. O patrimonio cultural da USC, non só está integrado por bens materiais, como edificios históricos, obras de arte, manuscritos, coleccións científicas, etc., senón que inclúe tamén os bens inmateriais e non se esgota no puramente histórico ou artístico.

O ano 2005 foi proclamado polo Consello de Ministros da Unión Europea “ano europeo da cidadanía a través da educación”. Trátase de “por de releve como a educación xoga un papel crucial no desenvolvemento da cidadanía e a calidade da participación nunha sociedade democrática”. Os destinatarios desta mensaxe, segundo o Consello de Ministros da Unión Europea, serían, sobre todo, “os responsables da política educativa, colexios, universidades,...”. Na USC entendemos que o exercicio desta función esixe asumir un liderado social asumindo un papel activo, non só naqueles temas que preocupan á cidadanía, senón tamén sendo capaces de propor as nosas iniciativas á sociedade. Por iso, ao longo do ano 2005, desenvolvimos diversas actividades relacionadas coa mellora do sistema educativo e a promoción da igualdade de xénero. Nesta mesma liña hai que situar os premios que a USC instituíu para incentivar o recoñecemento e a promoción de valores vinculados á responsabilidade social.

O papel da universidade, como axente e motor de desenvolvemento económico, esixe que os coñecementos e resultados de investigación e desenvolvemento xerados se trasladen á sociedade, contribuíndo así á mellora da calidade de vida e da produtividade empresarial. Na Universidade de Santiago implicámonos de maneira decidida en xerar riqueza e emprego promovendo a creación de empresas e estruturas de apoio para desenvolver esta función. Así desenvolvemos iniciativas como Uniemprende, que ten como metas finais a difusión da cultura emprendedora no seo da comunidade universitaria, a detección de proxectos empresariais, o desenvolvemento de estruturas e servizos de

apoio ao emprendedor e o asesoramento para a creación de empresas. Douscentos dous emprendedores, na súa maior parte de idades comprendidas entre 30 e 40 anos (un 38% mulleres) impulsaron as empresas nacidas ao abeiro deste proxecto, das que un 34% son de base tecnolóxica, cun investimento total de 3 millóns de euros. Uniemprende pasou dun orzamento inicial de 99.787 euros en 2001 aos 1.100.000 euros xestionados no ano 2005.

ENQUISA CYD: A UNIVERSIDADE E A EMPRESA ESPAÑOLA


Un dos temas máis recorrentes ao falar da interacción da universidade co seu contorno é o da relación entre a empresa e a universidade, considerada unha peza fundamental do desenvolvemento económico. Co obxectivo de coñecer a opinión das empresas sobre a relación coas universidades, a Fundación CYD, realizou unha enquisa a 400 empresas españolas que mostraran o seu interese pola relación universidade-empresa. O cuestionario dividiuse en tres apartados:

- O primeiro intenta establecer a opinión das empresas respecto ao papel da universidade como motor de desenvolvemento económico
- O segundo preguntábase sobre a inserción laboral e a formación de posgrao e a continua
- O terceiro apartado estaba dedicado á transferencia de tecnoloxía

Universidade como motor de desenvolvemento económico

A opinión maioritaria das empresas é que a universidade non exerce este papel suficientemente e que non está preparada para facelo. As empresas opinan que nin a universidade, nin elas mesmas están comprometidas conxuntamente nun modelo de cooperación que impulse o desenvolvemento do seu ámbito xeográfico de influencia.

Importancia dos ámbitos para os que as empresas cren que a universidade realiza unha contribución ao desenvolvemento económico



1. Facendo posible o acceso á formación superior
2. Retendo aos estudantes no seu ámbito territorial de influencia.
3. Adecuando as súas situacións ás necesidades de formación do seu ámbito territorial de influencia
4. Atraendo ao ámbito territorial de influencia a estudantes de outros ámbitos xeográficos
5. Apoiando ás pequenas e medianas empresas
6. Actuando como motor de innovación grazas ás actividades de transferencia de tecnoloxía
7. Actuando como socio de proxectos de investigación coas empresas
8. Sendo un elemento que favorece as decisións de investimento externas na rexión
9. Considerándoa axente importante nas orientacións estratéxicas do seu ámbito territorial de influencia

As empresas consideran que a maior contribución ao desenvolvemento das universidades é a de facer posible o acceso á formación superior, para despois mencionar o seu papel como motor de innovación a través das actividades de transferencia de tecnoloxía e finalmente, a súa actividade como socio en proxectos de investigación.

Inserción laboral e a formación de posgrao e formación continua

As empresas consideran, de forma practicamente unánime, que a universidade debe promover as actitudes emprendedoras dos estudantes e que, en xeral, hai unha adecuación da formación dos titulados aos requirimentos dos postos de traballo.

Porén, as empresas manifestan que hai desaxustes importantes entre as competencias adquiridas durante o período de estudo e as necesarias para ocupar un posto de traballo. Consideran que os coñecementos en informática e novas tecnoloxías, os coñecementos teóricos e a capacidade de análise son suficientes, pero que a formación práctica, actitude para traballar en equipo e os idiomas non están suficientemente garantidos pola formación que reciben os estudantes na universidade. A valoración outorgada é maioritariamente satisfactoria ou moi satisfactoria.

O 70% das empresas investiu recursos en formación. Só un 18% das empresas recorreu á universidade para cursos de formación non deseñados exclusivamente para os seus empregados, un 8% para cursos de formación deseñados a medida e un 5% das empresas acudiron á universidade para desenvolver actividades de consultaría no ámbito dos recursos humanos.

É importante destacar que, unha vez a empresa recorreu á universidade para desenvolver programas de formación xeral, aumente notablemente a porcentaxe das que contratan programas a medida.



Transferencia de tecnoloxía

No relativo á creación de empresas froito da actividade universitaria dunha maneira practicamente unánime, estas consideran que a universidade debe favorecer mediante a achega de recursos humanos, físicos e financeiros, a creación de empresas de base tecnolóxica e, ademais, cren que é conveniente potenciar a mobilidade de profesores e persoal técnico entre as empresas e as universidades.

Só un 15% das empresas afirma que recorreu á universidade para desenvolver proxectos de investigación, un 12% contratoulle servizos científico-técnicos de análise e medida e un 10% afirma que contratou análises ou ditames á universidade ou a persoal vinculado con ela. Por outro lado, como en casos anteriores, aínda que en menor porcentaxe, as empresas valoran satisfactoriamente ou moi satisfactoriamente a prestación deste tipo de servizos por parte da universidade nun 69%.

Finalmente, en relación aos factores que moven ás empresas a establecer relacións de colaboración tecnolóxica coa universidade, as que foran entrevistadas destacan, por esta orde:

- A insuficiente capacidade das empresas para desenvolver actividades de I+D
- A falta de especialistas nas empresas
- A obtención de axudas públicas de fomento de I+D+i
- E a resolución de determinados problemas científicos ou técnicos




CONCLUSIÓNS

As empresas reparten as responsabilidades equitativamente. Por unha banda non cren que a universidade actúe como motor de desenvolvemento económico nin que se dispoña da organización adecuada para facelo posible, pero por outra, tampouco cren que as propias empresas estean nin comprometidas, e no caso de I+D, nin suficientemente preparadas. De todos os xeitos, o nivel de satisfacción da relación é correcto.

En definitiva, os resultados resaltan a insuficiencia das relacións entre a universidade e a empresa, tanto no ámbito da inserción laboral e a formación continua, como no ámbito da transferencia de tecnoloxía, a pesar de que cando se establece a devandita relación é valorada, en xeral, satisfactoriamente ou moi satisfactoriamente.

09.0 Valor económico xerado pola actividade da USC no seu contorno



09.1

Redes, cooperación e proxección internacional da USC

09.1 A / PRESENTACIÓN DA DECLARACIÓN DE COMPOSTELA NA XV CONFERENCIA IBEROAMERICANA DE EDUCACIÓN.

Con esta iniciativa a USC consolida a súa posición de liderado a prol do desenvolvemento dun Espazo Común de Educación Superior da Unión Europea, América Latina e o Caribe (UEALC).

A Conferencia Iberoamericana, á que asisten os ministros de Educación de países de América Latina, España e Portugal, réunese anualmente como foro de reflexión sectorial previo á celebración de cada Cume Iberoamericano de presidentes e xefes de Estado.

09.1 B / O Grupo Compostela de Universidades creouse en 1994 a partir dunha iniciativa da USC que pretendía agrupar nunha rede ás universidades e institucións de educación superior emprazadas ao longo do antigo Camiño de Santiago. Na actualidade son 78 as universidades e institucións de ensino superior que o compoñen.

No ano 2005 esta rede universitaria ten en marcha os seguintes proxectos:

- Compostela Media Universitas: co que, a través da produción de documentais, pretende divulgar e dar a coñecer as principais liñas investigadoras das universidades membros
- Unha iniciativa internacional de formación de técnicos especialistas en relacións internacionais universitarias no ámbito do programa Tempus MEDA
- Programas de mobilidade non académica
- Programas do voluntariado internacional



09.1 C / No ano 2005 a USC intégrase na Xunta Directiva da Rede de Universidades Columbus ca responsabilidade de crear un Forum Euro-Latinoamericano de promoción do desenvolvemento rexional baseado na innovación. A Rede Columbus foi creada en 1987. Agrupa a máis de 60 universidades europeas e de América Latina.

09.1 D / Constitución da rede Universale (Universidades e Responsabilidade Social en América Latina e Europa) promovida pola USC coa misión estratéxica de impulsar a cooperación interuniversitaria entre institucións de América Latina e Europa, mediante o intercambio de experiencias para o desenvolvemento conxunto dos fundamentos metodolóxicos necesarios para a definición dun modelo de responsabilidade social recollendo os compromisos adquiridos no *Global Compact* e de acordo cos criterios do *Global Reporting Initiative (GRI)*.

09.1 E / No ano 2005 a colaboración da BUSC co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (BuGalicia) permitiu a mellora dos sistemas de xestión, adquisición e actualización dos recursos electrónicos propios e consorciados. Tamén se desenvolveron estudos para a adquisición e mellora de bases de datos e revistas electrónicas para o ano 2006.

09.1 F / A Biblioteca Universitaria continuou a súa cooperación como membro da *Red de Bibliotecas Universitarias Españolas (REBIUN)* no grupo de traballo do patrimonio, do que forma parte. Tamén colaborou no grupo de traballo *Línea 1* para a elaboración do Plan estratéxico de REBIUN.

09.1 G / A USC adheriuse á iniciativa DIALNET, proxecto cooperativo para a elaboración dunha base de datos que permita aumentar a difusión e accesibilidade da literatura científica hispana, potenciando o acceso libre á mesma a través de internet.



09. 2

A USC como conservadora e defensora do patrimonio cultural

O patrimonio cultural da USC, trazo esencial da identidade da universidade, está formado polas obras materiais (conxuntos históricos, monumentos, bibliotecas, coleccións, etc.) e inmateriais (patrimonio ético, intelectual e científico) que albergan as universidades nos seus espazos. O patrimonio cultural universitario é un legado, non só á sociedade galega, senón á humanidade, e a súa proxección, difusión e enriquecemento depende de todos. As universidades teñen unha misión irrenunciable de sensibilizar e concienciar á comunidade universitaria e ao resto da sociedade na protección do seu patrimonio cultural.

09.2 A / OS EDIFICIOS HISTÓRICOS

A USC ten un número importante de edificios históricos que acollen a actividade universitaria. Estes edificios teñen actualmente catro usos superpostos e, con frecuencia, contraditorios: o universitario propiamente dito, o congresual, que supón a celebración de congresos e seminarios de todo tipo, o uso turístico e por último, o uso científico, que afecta principalmente á Facultade de Medicina, á Biblioteca Xeral e ao Arquivo Histórico.

A universidade non dispón de recursos orzamentarios para a restauración dos edificios históricos, polo que ten que priorizar as súas actuacións en base a criterios técnicos que permiten distinguir entre obras de extrema urxencia ao fin de deter



No ano 2005 iniciáronse os traballos para a redacción do Plan Director da Facultade de Xeografía e Historia que, xunto con accións de rehabilitación e adecuación de espazos, inclúe outras para o cumprimento das condicións de accesibilidade, prevención de riscos e protección e detección de incendios establecidas na normativa vixente. Tamén se iniciou a remodelación do edificio de Mazarelos, que acollerá á Facultade de Filosofía

deterioros de rápida progresión, obras urxentes de dotacións imprescindibles para o funcionamento básico, e obras de restauración.

Entre as obras consideradas urxentes atópanse aquelas necesarias para garantir o cumprimento da normativa vixente, xa que en moitos destes edificios é complicada a accesibilidade, pero tamén a protección contra incendios, obsoleta e insuficiente nas necesidades de detección. O mesmo ocorre cos sistemas que evitan a intrusión.

09.2 B / FONDOS HISTÓRICOS

Desde o ano 2002 a USC asinou acordos con distintas entidades para a dixitalización dos fondos da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC).

No ano 2005 realizouse a dixitalización do fondo galego de monografías do século XIX (ata o ano 1870), 29 títulos de monografías e 13 publicacións periódicas da Biblioteca América.

09.2 C / No ano 2005 realizouse a restauración da obra de 1590 “*Commentariorum ac disputatorium in tertiam partem divi thomae*”, do teólogo Francisco Suárez, exemplar único nas bibliotecas españolas. O custo da intervención foi sufragado na súa totalidade polos patrocinadores da exposición “*Las Universidades Hispánicas en tiempos del Quijote*”.



Dixitalización do fondo antigo. Convenio coa Fundación Cidade da Cultura: Os traballos realizados ao abeiro do mesmo nestes tres anos permitiron a dixitalización dos fondos ata 1870, co que quedan pendentes 1.400 volumes, que comprenden o período 1870-1900.

Fase	Data dixitalización	Data public. libros	Páxinas	Volumes	CD
1º	06-2002 / 01-2003	Anterior a 1800	125.615	403	1.351
2º	01-2003 / 06-2003		88.412	589	1.469
3º	09-2003 / 12-2003	Prensa galega S.XIX	41.405	111	578
4º	02-2004 / 04-2005	1800-1850	72.151	669	926
5º	04-2005 / 12-2005	1851-1870	123.299	835	1.474
TOTALS:			450.882	2.607	5.798

Dixitalización dos fondos da Biblioteca América. Convenio de colaboración entre a USC e o Banco Santander Central Hispano (BSCH)

	Totais
	Títulos 151
Anos 2004-05	Páxinas 138.236
	Volumes 298

09.3 USC e a divulgación do coñecemento

A centralidade da ciencia e a tecnoloxía no mundo actual, así como a súa estreita vinculación ao desenvolvemento, fan imprescindible a promoción das actividades científicas a través de distintas vías.

Os obxectivos da divulgación científica son:

- Fortalecer a imaxe externa da universidade explicando como os seus investigadores contribúen ao avance do coñecemento
- Contribuír coa educación na formación dos cidadáns
- Estimular a participación dos investigadores na difusión do coñecemento, a través de mecanismos de divulgación
- Contribuír coa discusión pública de temas de gran actualidade nos cales os investigadores teñen moito que achegar desde unha perspectiva local ou nacional



09.3 A / A SEMANA DA CIENCIA E DA TECNOLOXÍA

A Semana da Ciencia é unha iniciativa que se desenvolve simultaneamente en toda Europa, acadando en Galicia, no 2005, a súa cuarta edición. O obxectivo da Semana da Ciencia é achegar os resultados da investigación científica e do desenvolvemento tecnolóxico que se realiza en Galicia á sociedade en xeral e, deste xeito, sensibilizar aos cidadáns da importancia da ciencia e da tecnoloxía como motor do progreso económico e social de Galicia. O tema central desta edición da Semana da Ciencia foi a física. Este feito tivo unha especial relevancia para a USC, xa que é a única universidade do SUG que imparte esta titulación.

09.3 B / PROGRAMA DE CONFERENCIAS DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

09.3 B 1 / CONFERENCIAS ‘OSIXÉNATE’

Dentro deste apartado desenvóléronse sete conferencias sobre os seguintes temas: o cambio climático, deseño de experimentos, química verde, a astrobioloxía, fármacos antitumorais de orixe mariña, biocombustibles e nanoquímica.

Actividades da Semana da Ciencia

“Minerais industriais de Galicia: orixe, transformación e uso”

“A fronteira entre a Arte e as Matemáticas”

“A través das enerxías renovables”

“O río animado”

Exposición sobre a biodiversidade dos ecosistemas acuáticos continentais galegos

“Fondos históricos de física da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago”

“Einstein, fotóns e luz”

Visita guiada pola Facultade de Xeografía e Historia.

Sección de ciencia do programa “as tardes da Galega”



09.3 B 2 / TERCEIRA EDICIÓN DO CICLO DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA “INNOVACIÓN NAS AULAS”

Organizado pola Facultade de Bioloxía co obxecto de divulgar a investigación biolóxica e biomédica que se fai na USC. O ciclo INNA naceu na Facultade de Bioloxía no curso 2002-2003 co obxecto de facilitar a divulgación da investigación que se facía neste centro aos seus alumnos. Xa no curso seguinte, e á vista dos resultados da primeira edición, os responsables do ciclo decidiron abrir a experiencia a científicos doutras facultades da USC (Farmacia, Medicina e Veterinaria) e do CSIC para que traballasen en temas relacionados coa bioloxía.

09.3 B 3 / CICLO DE CONFERENCIAS “UNHA ANDAINA POLA MATEMÁTICA”

Organizado pola Facultade de Matemáticas con carácter anual.

No curso 2004-05 abordouse unha temática que vai desde os algoritmos xenéticos ou modelos matemáticos e predicibilidade ata as matemáticas nas enxeñarías ou o Espazo Europeo de Educación Superior como reto para os profesores de matemáticas.

09.3 B 4 / DÍA MUNDIAL DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICOS (GIS DAY)

Celebrado na Escola Politécnica Superior de Lugo. O seu obxectivo é o de promover o uso dunhas ferramentas de xestión que contan con múltiples aplicacións empresariais en campos como a loxística, o trazado de rutas, o control de distribución, ou a realización de mapas de infraestruturas, entre outros.



09.4

A participación da USC na conformación dunha sociedade democrática

A Unión Europea outorgou á educación un papel relevante na conformación dunha cidadanía democrática para promover unha sociedade libre, tolerante e xusta, que contribúa a defender os valores e principios da liberdade, o pluralismo, os dereitos humanos e o imperio da lei, que son os fundamentos da democracia. Por iso declarou o ano 2005 como “Ano europeo da cidadanía a través da educación”. Na USC somos conscientes dese papel que se estende alén da formación dos estudantes e implica a participación activa da universidade naqueles temas de interese para a sociedade.

09.4 A / ESPAZO PARA O DEBATE

09.4 A 1 / Presentación na Escola de Maxisterio de Lugo das “bases para un novo Estatuto de Galiza”

09.4 A 2 / Foro da cidadanía e da comunicación: debate sobre o terceiro sector audiovisual e da comunicación.



09.4 B / PARTICIPACIÓN NA MELLORA DO SISTEMA EDUCATIVO

09.4 B 1 / Proxecto de investigación sobre as causas e o alcance do estrés laboral e o *burnout* (síndrome de “estar queimado”), que no mundo da educación sofren principalmente os profesionais do ensino secundario.

09.4 B 2 / Adecuación do mapa integrado de recursos de formación profesional ao novo sistema de información estatística de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (SICAS).

09.4 B 3 / VII Congreso internacional de Galicia e Norte de Portugal de formación para o traballo baixo o lema “a formación profesional no horizonte da interculturalidade e da integración sociolaboral”.

09.4 B 4 / Xornadas sobre “a escola, ¿punto de encontro entre o profesorado e educadores/as sociais?” nas que profesionais e docentes universitarios e de ensino medio analizaron a función da escola como punto de encontro entre docentes e educadores sociais.

09.4 C / PARTICIPACIÓN EN INICIATIVAS DE INTERESE SOCIAL

09.4 C 1 / Colaboración entre a USC e a Garda Civil de Tráfico para a mellora na detección de drogas no tráfico rodado a través da posta en marcha dun dispositivo mellorado.

09.4 C 2 / Colaboración na formación do persoal laboral municipal no eido da mediación e intervención familiar en casos de ruptura de parella e maltrato.



09.4 C 3 / Asesoramento e asistencia técnica ao Concello de Lugo na formulación dun Plan de emerxencia municipal (PEMU).

09.4 C 4 / A USC ten instituídos diversos premios destinados á promoción de valores vinculados á responsabilidade social.

- Premio internacional Grupo Compostela- Xunta de Galicia en recoñecemento á súa implicación persoal e profesional na defensa dos dereitos humanos.
- Premio Aresa de Desenvolvemento Rural que promove a Universidade de Santiago e o grupo empresarial Aresa. O obxectivo deste galardón é recoñecer e incentivar a investigación e o desenvolvemento, así como aquelas traxectorias persoais, empresariais ou institucionais innovadoras nos eidos agrícola e gandeiro, como elementos fundamentais para mellorar a calidade de vida e o benestar das persoas que traballan no medio rural galego.
- Premio Humanitas, co que o Consello Social e a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC recoñecen aquela actividade universitaria que se distinga polas súas calidades humanas na dedicación e implicación en actividades solidarias, sociais e humanitarias.



09.5 Igualdade de Xénero

09.5 A / INICIATIVAS

As iniciativas desenvolvidas pola USC para contribuír á implantación da igualdade real entre homes e mulleres, son as seguintes.

09.5 A 1 / A Universidade de Santiago de Compostela, no Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, reafirmou o seu compromiso para contribuír á realización deste obxectivo, participando activamente na procura dunha maior concienciación sobre o problema, especialmente na comunidade universitaria, convencida de que unha maior equidade contribuirá ao fortalecemento dunha sociedade máis democrática e máis xusta.

09.5 A 2 / O Seminario Muller-Universidade é un grupo de observación e estudo formado por profesoras da USC, que ten por obxectivo promover a igualdade entre homes e mulleres en todos os niveis de actuación da USC “instando á creación de políticas universitarias que fomenten unha igual participación e representación en todos os ámbitos de toma de decisións”. Ademais, pretende contribuír á reflexión e debate de propostas das diferentes accións que sobre investigación e docencia están abertas no seo da Universidade, nun momento no que está en marcha unha serie de iniciativas encamiñadas a definir o papel da Universidade na Europa do Coñecemento.



09.5.B FORMACIÓN E DIVULGACIÓN

- Xornadas sobre “Muller, institucións e política en España”
- Xornadas sobre cambios legislativos e perspectiva de xénero.
- 3ª edición do Máster en Educación, Xénero e Igualdade.
- “II Xornadas de Formación: educación, xénero e igualdade”
- Conferencia “A discriminación salarial por razón de xénero en Galicia”
- Encontro “Mulleres e matemáticas”
- Proxecto Diana.
- Mostra fotográfica “O voto feminino en España”



09.6

A USC dinamizadora do territorio e activadora do tecido empresarial

09.6 A / A USC, coa creación de Uniemprende, foi pioneira en España no desenvolvemento de programas de detección e captación de emprendedores, así como na creación da infraestrutura necesaria para converter unha idea nunha empresa de futuro, que inclúe a detección e maduración da idea, o asesoramento, o financiamento e a incubación.

Os proxectos empresariais que son apoiados a través de Uniemprende están clasificados en dúas categorías:

- Spin-Off científico-tecnolóxico. Para investigadores e estudantes de terceiro ciclo. Está dirixido a atender a demanda de creación de empresas innovadoras e de base tecnolóxica dos investigadores e grupos de investigación da USC.
- Empresa Xove. Para novos titulados e estudantes. Pensada para a creación de empresas nas que o compoñente tecnolóxico e innovador perde peso, fronte ao de creación de emprego de calidade para novos titulados, dentro dos seus campos de especialización. Este é o programa de maior impacto social, xa que prima nos criterios de selección a creación de emprego de calidade, valorándose no emprego xerado o número de doutores, enxeñeiros e outros titulados universitarios.

09.6 B / No bienio 2003-05 producíronse o 40% das solicitudes de patentes dos últimos 15 anos. As 48 solicitudes deste período colocan á USC no sexto posto entre as universidades españolas en solicitude de patentes á oficina española e no sétimo se se trata de solicitudes á oficina europea.

Uniemprende. Balance 2001-05


Ámbito de actividade	
Emprendedores atendidos	732
Proxectos empresariais asesorados (278)	106 Empresas <i>Start-up</i> 19 Empresas de base tecnolóxica
Número de empregos promovidos	
Proxectos financiados	253
Proxectos financiados	16
Actividades formativas de dinamización de emprendedores	Seminarios de planificación empresarial Talleres de xeración e maduración de ideas
Difusión da cultura emprendedora	Formación para emprendedores Cursos de xestión empresarial (marketing, calidade, organización, etc.)

PATENTES	Solicitadas	Licenzas/venda
1991-93	11	
1994-96	17	
1997-99	19	5
2000-02	30	1
2003-05	48	9
TOTAL	125	15


PATENTES 2005	
Patentes solicitadas	14
Patentes aprobadas	16
Patentes en carteira	82
Patentes licenciadas	2 (ZEU Inmunotec SL e CZ Veterinaria)
2003-05	489
TOTAL	566



Programa Uniemprende:
distribución de empresas por áreas de coñecemento



Uniemprende:
distribución porcentual de empresas por sectores de actividade



10

A aposta polas persoas: A USC e as súas traballadoras e traballadores



10.0

A aposta polas persoas: A USC e as súas Traballadoras e Traballadores

As persoas son o noso activo máis valioso. Os profesionais da docencia e os da xestión teñen unha importancia capital para o funcionamento e a mellora permanente de todas as parcelas de responsabilidade da universidade. Na Universidade de Santiago de Compostela entendemos que un valor fundamental no desenvolvemento das políticas de persoal, como garante de obxectividade e independencia, é a profesionalización da función pública a través da formación. Esta permite obter os niveis de cualificación precisos para responder ao desempeño de novas funcións nunha estrutura organizativa multifuncional que garanta a continuidade dos servizos en función das necesidades da institución e da demanda dos usuarios.



No ano 2005 preto do 43% do persoal asistiu a algunha das accións formativas previstas no Plan de Formación de Persoal de Administración e Servizos (PAS), ou no Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) que se impartiu este ano por primeira vez. Estas accións teñen un dobre obxectivo, por unha banda, o desenvolvemento da persoa, capacitándoa para realizar ben o seu traballo e respondendo aos seus intereses profesionais, e por outra, o desenvolvemento da institución, entendido como unha contribución para poder afrontar con éxito os retos que a Universidade de Santiago de Compostela (USC) ten formulados. No que atinxe ao PFID, as actividades que nel se inclúen recolleron as achegas dos/as decanos/as e directores/as dos centros da USC, fundamentais para acadar o nivel de éxito desta primeira edición. Neste novo ámbito de mellora continua, converxencia europea e profesionalización da función pública, a Universidade de Santiago considerou imprescindible abordar as peculiaridades dunha administración,

como a universitaria. Esta circunstancia levou á USC a promover a creación dun Consello de Participación Sindical integrado por membros do Consello de Goberno e das organizacións sindicais. O obxectivo final é garantir a homoxeneidade no proceso de planificación, organización e distribución dos recursos humanos, simplificar a negociación e reforzar a identidade colectiva.




No ano 2005, no seo do Consello de Participación Sindical, chegouse a un acordo para a elaboración da Relación de Postos de Traballo do PDI, en cumprimento das previsións establecidas na LOU e nos propios Estatutos da USC. Tamén neste ano, se acadou un acordo para regular os procedementos de dotación, contratación e selección do persoal contratado con cargo a recursos de I+D, en función das necesidades investigadoras da USC, colectivo que, a pesar da súa importancia, carecía dunha regulación específica e un marco que establecese de maneira clara as súas condicións de traballo na universidade.

Na USC consideramos a prevención de riscos como un requisito imprescindible para acadar a calidade na actividade universitaria. De aí a necesidade de garantir un nivel elevado de seguridade, saúde e benestar de todos promovendo a mellora das condicións nas que se desenvolven as actividades laborais, docentes, discentes e de investigación. Esta perspectiva global implica unha xestión interdisciplinar e coparticipada de todos os procesos desde a planificación ata a implantación. A actividade preventiva comeza polo estudo das condicións nas que se desenvolve o traballo para establecer as medidas correctivas oportunas. Unha vez detectadas as condicións xerais de risco é posible identificar aqueles

derivados das condicións individuais do traballador. No ano 2005 rematáronse as avaliacións iniciais de riscos de todos os centros da USC.









PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR



Distribución do PDI por grandes áreas	2004		2005	
	% da área sobre o total da USC	% mulleres na área	% da área sobre o total da USC	% mulleres na área
Ciencias da Saúde	22,8%	33,7%	22,7%	33,1%
Ciencias Experimentais	27,2%	38,3%	26,8%	38,2%
Humanidades	19,8%	46,9%	19,8%	46,5%
Ciencias Xurídicas e Sociais	21,6%	37,4%	21,4%	38,0%
Ensinanzas Técnicas	8,6%	21,0%	9,3%	21,0%

Distribución do PDI por categorías	2004		2005	
	% sobre o total de PDI	% mulleres na área	% sobre o total de PDI	% mulleres na área
Catedráticos/as de universidade	14,0%	12,1%	14,5%	12,3%
Titulares de universidade	45,0%	43,7%	45,2%	44,1%
Catedráticos/as de escola universitaria	1,8%	40,0%	1,8%	39,5%
Titulares escola universitaria	6,3%	46,7%	6,3%	47,0%
Axudantes/as	1,7%	56,8%	1,2%	57,7%
Asociados/as	25,6%	34,8%	25,6%	34,8%
Eméritos/as	0,8%	16,6%	0,8%	11,1%
Interinos/as	3,7%	46,9%	3,7%	43,0%
Outros/as	1,0%	42,1%	0,9%	38,5%

Distribución do PDI por categorías. Achega da cada universidade ao total do SUG



Outros/as



33 % Universidade de Santiago

31 % Universidade da Coruña

36 % Universidade de Vigo



Distribución do PDI funcionario por categorías e áreas de coñecemento	Ciencias da Saúde		Ciencias Experimentais		Ciencias Xurídicas e Sociais		Ensinanzas Técnicas		Humanidades		Total	
		% mulleres		% mulleres		% mulleres		% mulleres		% mulleres		% mulleres
Catedrático/a de universidade	51	16%	120	8%	66	14%	14	7%	58	19%	309	12%
Profesor/a titular de universidade	165	39%	327	47%	202	44%	68	26%	200	49%	962	44%
Catedrático/a de escola universitaria	9	22%	5	40%	4	25%	2	0%	18	56%	38	39%
Profesor/a titular de escola universitaria	19	63%	29	45%	24	42%	21	10%	41	63%	134	47%

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS)

Persoal de administración e servizos (PAS)	2004		2005	
	Total	% mulleres	Total	% mulleres
PAS	1.151	55,7%	1.162	56,2%
Funcionarios/as	397	70,8%	470	67,9%
Laboral fixo	454	40,3%	372	37,9%
Laboral eventual	300	59,0%	320	60,3%

PERSOAL CON CARGO A ACTIVIDADES I+D

Persoal con cargo a actividades I+D	2004		2005	
	Total	% mulleres	Total	% mulleres
Bolseiros/as	453	57,6%	428	61,2%
Contratados/as	828	53,4%	826	52,8%

10.1 Actuacións laborais

10.1 A / CONSELLO DE PARTICIPACIÓN SINDICAL

O 7 de marzo de 2005 a USC asinou cos sindicatos CIG, CCOO, UGT e CSI-CSIF un pacto para constituir o Consello de Participación Sindical da USC. O Consello é un órgano superior colexiado de coordinación e consulta da política de recursos humanos que desenvolva a Universidade, así como de participación do persoal ao seu servizo.

10.1 B / ACORDOS DO CONSELLO DE PARTICIPACIÓN SINDICAL

10.1 B 1 / REGULACIÓN DA CONTRATACIÓN DE PERSOAL CON CARGO A RECURSOS CAPTADOS DE I+D

A USC asinou un acordo coas organizacións sindicais CIG, CCOO e UGT para a regulación dos procedementos de dotación, contratación e selección de persoal con cargo a recursos captados de I+D en función das necesidades investigadoras da USC. No acordo defínense os programas ou proxectos con cargo aos que se poderá contratar persoal por obra ou servizo determinado, as categorías de contratación, as condicións laborais e o procedemento de selección.




10.1 B 2 / ACORDO PARA O ESTABLECEMENTO DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI).

As relacións de postos de traballo configúranse como un instrumento fundamental, tanto para a Administración, como para o persoal ao servizo da mesma. A través delas realízase a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto de traballo. Este é un instrumento moi consolidado no ámbito do persoal de administración e servizos, pero inexistente no caso do PDI.

10.2 Formación

No ano 2005, 1.404 traballadores participaron en accións formativas promovidas pola USC. Esta cifra supón o 42,3% do persoal total da Universidade.



10.2 A / PLAN DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN DOCENTE

Este programa impartíuse por primeira vez no curso 2004-05, dirixido a todos os docentes da USC. Durante o curso 2004-2005, os esforzos concentráronse no desenvolvemento de cursos e talleres, dada a alta demanda existente por parte do profesorado da USC nesta primeira convocatoria.



Plan de formación e innovación docente	
Actividades realizadas	
Campus de Santiago	67
Campus de Lugo	36
Número de intervencións	
Campus de Santiago	151
Campus de Lugo	79
Número de relatores	
Campus de Santiago	93
Campus de Lugo	45
Asistentes totais	
Campus de Santiago	1.195
Campus de Lugo	641
Persoal en formación	81
Asistentes distintos	
Campus de Santiago	505
Campus de Lugo	237
Persoal en formación	63

Plan de formación e innovación docente (asistentes por tipo de actividades)

Temática	Asistentes
Guías docentes (1ª Fase)	362
Guías docentes (2ª Fase)	241
Metodoloxía e avaliación	162
Orientación e tutoría universitaria	12
TIC aplicadas á docencia	362
EEES. Rol docente	281
EEES. Xornadas	124
Prácticas docentes innovadoras na USC	139
Prácticas docentes innovadoras- grupos de mellora	80
Habilidades docentes. Educación da voz	83
Habilidades docentes. Expresión oral e escrita	33
Habilidades docentes. Falar en público	38

10.2.B / No ano 2005, 5 de cada 10 traballadores do PAS participaron nas actividades de formación previstas no Plan de Formación e nos acordos de promoción vixentes.



10.2.C / As accións formativas dirixidas ao PAS desenvólvense a través de 61 cursos, deseñados ao abeiro do Plan de Formación e dos acordos de promoción vixentes, aos que se admitiron 599 traballadores (51,5% do PAS) que asistiron a 1,7 accións formativas de media cada un.

Formación PAS (asistentes por tipo de actividades)

Área	Asistentes
Bibliotecas	164
Informática	77
Lingua estranxeira	109
Lingua galega	179
Iniciación directiva	64
Xestión académica e EESS	39
Técnicas administrativas	39
Outros	34
Cursos promoción	317

Accións formativas para o PAS	Nº de cursos	% sobre o total	Nº de participantes
Acordo de promoción 2003-06	9	14,8	317
Plan de formación	52	85,2	705

10.3 Seguridade e saúde laboral


Dentro da actividade preventiva xeral, cómpre salientar que no ano 2005 se completaron as avaliacións iniciais de risco dos centros en funcionamento, o que permitiu intensificar as actuacións relativas a mantemento e implantación de Plans de Emerxencia dos centros e abordar a posta en conformidade de 295 máquinas correspondentes a 5 centros.



A actividade preventiva xeral en cifras	
Avaliacións de risco	
Avaliacións iniciais de risco	4
Actualización das avaliacións iniciais	6
Avaliacións específicas	
Área de Hixiene	10
Área de Ergonomía e Psicosocioloxía	12
Posta en conformidade de equipos de traballo	
Escola Universitaria de Óptica e Optometría	76
Escola Politécnica Superior	215
Escola Técnica Superior de Enxeñaría	1
Facultade de Ciencias	1
Área de deportes	2
Plans de autoprotección	
Implantación de plans de autoprotección (centros nos que se realizaron)	3
Mantemento e actualización dos plans de autoprotección (centros nos que se realizaron)	16

10.3 A / A FORMACIÓN


No ano 2005, ademais dos cursos do Plan Xeral, fíxose un especial esforzo na formación dos equipos de emerxencia dos centros, formando a 698 traballadores de 31 centros da USC.



10.3 B / SINISTRABILIDADE LABORAL

A sinistralidade laboral amosa un comportamento máis favorable có do ano pasado, cunha diminución significativa dos accidentes laborais en centros de traballo, o que se reflicte tamén na redución dos días de baixa e a duración media das mesmas. Todos os accidentes son estudados polo Servizo de Vixilancia da Saúde, co obxectivo de determinar as súas causas e propoñer as medidas correctoras oportunas.

Formación en prevención de riscos



Formación dos equipos de emerxencia

	Traballadores asistentes	Duración total (horas)	Centros
Curso de primeiros auxilios para equipos de emerxencia	131	42	31
Cursos de situacións de emerxencia para equipos de emerxencia	498	89,5	22

Sinistralidade laboral

	2004	2005
Accidentes laborais "in itinere"	6	6
Accidentes laborais no centro de traballo	10	6
En circulación	0	1
Días de baixa	729	405
Duración media	45,56	31,15

10.3 C / No 2005 obtívose a certificación do Sistema de Xestión Medioambiental, implantado no ano anterior segundo a Norma UNE-EN ISO 14001:2004.

A certificación UNE-EN ISO 14001: 2004 comprende a todas as áreas do Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPR)

- Área de Seguridade
- Servizo de Vixilancia da Saúde
- Servizo de Protección Radiolóxica
- Unidade de Xestión de Residuos
- Oficina de Xestión

10.3 D / No ano 2005 iniciáronse os traballos para implantar e certificar un Sistema de Xestión da Prevención de Riscos Laborais conforme á OHSAS 18001 nas residencias e colexios maiores, Escola Infantil e Instituto de cerámica.

10.3 E / RECOÑECEMENTOS MÉDICOS

A vixilancia da saúde realízase en función dos riscos laborais aos que o persoal está exposto para permitir a identificación de riscos laborais ou inadecuacións das medidas de control aplicadas, así como a detección de persoas especialmente sensibles a determinados riscos. Por esta razón, os recoñecementos médicos practicados son personalizados. Isto implica a análise específica dos riscos e, cando se precise, a realización de análíticas específicas (control biolóxico) a todo o persoal exposto a axentes contaminantes físicos, químicos ou biolóxicos.

Recoñecementos médicos	2004	2005
Iniciais: cando se incorpora un novo traballador	74	11
Periódicos ordinarios: para a detección de riscos pola exposición a materiais ou produtos químicos e biolóxicos co fin de incorporalos á súa ficha	417	738
Petición propia: cando o traballador pensa que o posto de traballo ten ou pode ter algunha repercusión sobre a súa saúde, ou ben cando presenta algunha patoloxía que poida afectar á seguridade do traballo	22	60
Petición empresa: naqueles casos nos que se vexa algunha anomalía importante, ben sexa no comportamento, ben no rendemento laboral ou no estado de saúde, e se considere necesaria a intervención do Servizo de Vixilancia da Saúde	15	1
Especiais: cando as circunstancias do posto así o requiran	258	125

10.3 F / PROMOCIÓN DA SAÚDE DO PERSOAL

10.3 F 1 / CAMPAÑAS DE VACINACIÓN

O Servizo de Vixilancia da Saúde está considerado como punto oficial de vacinación. A través del realízanse as distintas campañas, que este ano supuxeron 732 vacinacións.

10.3 F 2 / CAMPAÑAS DE DETECCIÓN

Entre a actividade preventiva hai que salientar actividades de detección de distintas enfermidades, que se desenvolven ordinariamente con ocasión dos recoñecementos médicos, cando o traballador presenta un perfil de risco, ou ben que son obxecto de actuacións específicas.

Vacinacións (tétano-diftérica, hepatitis, gripe, pneumocócica)	2004	2005
Número de vacinacións	590	732

Campaña	Actuacións
Cancro de colon	Determinación de sangue en feces: 639
Glaucoma	Probas de tensión ocular: 744
Riscos cardiovasculares	Con ocasión dos recoñecementos médicos
Cancro de mama	Con ocasión dos recoñecementos ou consultas
Lesións neoplásticas e preneoplásticas de boca	Con ocasión dos recoñecementos médicos
Cancro de próstata	Con ocasión de recoñecementos médicos ao persoal de máis de 50 anos




10.4 Beneficios sociais

10.4 A / No ano 2005 mantéñense as subvencións aos traballadores da USC de prezos públicos de matrícula nos centros universitarios dependentes das universidades públicas galegas ou doutras comunidades, sempre e cando a titulación non se imparta en Galicia.

10.4 B / ESCOLA INFANTIL BREGÁN


A USC conta, desde hai 25 anos, cunha escola infantil para os fillos dos membros da comunidade universitaria. Para poder facer uso da escola é requisito obrigatorio que o pai ou a nai sexa traballador/a a tempo completo da Universidade ou ben, no caso de ser estudante, que estea matriculado/a dun curso completo e cumprir os requisitos académicos esixidos pola convocatoria xeral de bolsas e axudas ao estudo realizada polo Ministerio de Educación e Ciencia. No caso de que a estudante fose a nai e dese a luz durante o curso teránse en conta as cualificacións obtidas no curso anterior.

10.4 C / Co obxectivo de que os traballadores que causan baixa por enfermidade ou accidente laboral manteñan o seu nivel salarial, a USC establece unha retribución complementaria que permite percibir o 100% dos salarios durante o período de incapacidade transitoria.



Escola Infantil Bregán

	2004	2005
Prazas escola	90	90
Prazas comedor	50	45




10.4 D / No ano 2005 aplícanse as modificacións derivadas da reforma do Regulamento do Plan de Pensións, acordada en decembro do 2004. Amplíanse os beneficiarios, incluíndo a todas as figuras de profesores asociados. Tamén se regulan as achegas da USC, igualando as dos dous colectivos dentro do PAS (o funcionario e o laboral), e establecendo unha contía fixa para o PDI.

10.4 E / A USC ten concertada unha póliza de vida para todo o persoal de administración e servizos , co obxectivo de dar cobertura fronte aos riscos de falecemento ou incapacidade permanente total, incluída a da profesión habitual declarada polo INSS con carácter definitivo ou revisable, derivada tanto de continxencias comúns como profesionais. A diferenza de achega entre os dous anos obedece ao funcionamento da prima, que ten en conta o número de sinistros producidos no ano anterior.

10.4 F / No ano 2005 a USC incrementou o número de prazas ofertadas para o Programa de intercambio de vacacións de PAS, ao abeiro dun acordo coa Universidade de Cantabria e a Universidade de Valencia “Estudi General”, pola que cada universidade oferta 50 prazas dirixidas exclusivamente ao PAS destas tres universidades.

10.4 G / No ano 2005, 85 traballadores utilizaron o sistema de anticipos reintegrables, que permite ao persoal percibir anticipadamente ata dúas mensualidades líquidas a reintegrar antes de finalizar o ano natural sen aboar xuros de ningún tipo.

Plan de pensións



Póliza de vida

	2004	2005
Custo para a USC	53.421,13	142.546,91
Nº de veces que se fixo uso da póliza	9	3

Programa de intercambio de vacacións PAS

	2004	2005
Prazas ofertadas	410	460
Gasto (euros)	51.835	65.590
PAS enviados da USC a outras universidades	465	490
PAS recibidos na USC de outras universidades	395	460

Anticipos reintegrables

	2004	2005
Total perceptores	96	85

10.5 Dereitos e garantías da comunidade universitaria: O valedor

O artigo 11 dos Estatutos da USC establece que o valedor da comunidade universitaria é o órgano designado polo Claustro para a defensa e garantía dos dereitos dos membros da comunidade universitaria. Poderá ademais instar e promover, ante os órganos correspondentes, actuacións e iniciativas para mellorar os dereitos e liberdades da comunidade universitaria, así como a calidade en calquera ámbito da Universidade.

O valedor é unha institución independente dentro da Universidade, non está sometido a mandato imperativo ningún nin recibe instrucións de ningunha autoridade ou órgano de goberno. As súas actuacións virán rexidas polos principios de independencia e autonomía.

10.5 A / En cumprimento do mandato do artigo 11 “o valedor ten que presentar un informe anual ao Claustro, no que dará conta das súas actividades e incorporará as propostas de mellora que estime oportunas”.

Informe do valedor ao Claustro	2004	2005
Distribución das queixas por sectores		
Estudantes	64	57
Persoal docente e investigador (PDI)	0	6
Persoal de administración e servizos (PAS)	4	7
Total	68	70
Tempo medio de tramitación das queixas		
1 mes	51%	31%
2 meses	15%	16%
3 meses	12%	24%
4 meses ou máis	22%	20%
Distribución das queixas por temas		
Bolsas e axudas a membros da comunidade universitaria	10%	14%
Plans de estudo e validacións	21%	13%
Matriculación e outros procedementos	12%	19%
Avaliación académica	9%	10%
Dereitos e discriminacións	6%	3%
Docencia	10%	3%
Servizo Universitario de Residencias	1%	3%
Terceiro ciclo, posgrao e formación continua	6%	4%
Servizos á comunidade universitaria	7%	10%
Procedementos de selección de persoal	-	6%
Programas de intercambio	4%	1%
Condicións- funcións laborais	-	4%
Uso da lingua galega	1%	3%
Relacións interpersoais	-	1%
ICE	-	6%
Procesos electorais	1%	-
Acceso a estudos	4%	-
Prácticas en empresas	1%	-
Convocatoria fin de carreira	4%	-

No ano 2005 diminúen as queixas do estudiantado, aínda que segue a ter un peso moi importante, xa que o 81% das queixas atendidas corresponde aos estudantes. Con respecto ao ano anterior, baixan significativamente as queixas referidas á docencia e validacións e plans de estudos, e medran lixeiramente as relativas á matrícula e bolsas. Tamén acada unha mellora significativa o tempo de tramitación, xa que pasa do 51% ao 31% as queixas que teñen un prazo de tramitación dun mes.



11

Unha USC aberta e sensible ás necesidades sociais



Unha USC aberta e sensible ás necesidades sociais

As universidades son axentes moi activos na prestación de servizos valiosos para o desenvolvemento social e cultural da sociedade. Así, a creación e difusión da cultura, a promoción deportiva e a participación social ou o voluntariado, son actividades que responden a unha demanda social explícita ou que, en todo caso, reciben o aplauso da sociedade.

A USC potenciou unha actividade cultural ampla e diversificada nos campus de Santiago e Lugo ofertando música, teatro, cine, danza e exposicións. Unha vez máis, consciente do poder dinamizador da súa actividade, tamén estableceu canles de colaboración moi estreitas co tecido cultural local e fixo un esforzo por levar a súa oferta alén do espazo xeográfico onde se atopan os campus. No ano 2005 máis da metade dos cursos de verán se celebraron fóra de Santiago e Lugo, en vilas das provincias de A Coruña, Pontevedra e Lugo. Da capacidade de convocatoria das actividades da USC dan fe os 24.757 visitantes que recibiu a exposición “os talleres de Zuloaga”, aberta do 5 de agosto ao 18 de setembro do 2005, ou a exhibición da produción “Rostros” que mostrou obras de artistas tan relevantes como Cindy Sherman, Thomas Ruff ou Thomas Schütte – considerados dentro dos cen artistas máis importantes a nivel internacional pola revista alemá Capital- ou Alberto García Álix, Carmela García e Cristina García Rodero.

A vertente universitaria da actividade cultural da USC tamén se reflicte na programación de actividades que combinen ocio formativo e calidade pedagóxica. A este obxectivo responden programas como Ópera Aberta ou Tribos Ibéricas dotados con 1 crédito de libre configuración. Porén, a dimensión da Universidade como preservadora e difusora da cultura ten a súa máxima expresión na conservación e difusión das tradicións e valores da cultura propia. Neste senso é imprescindible citar a conmemoración do centenario do nacemento do compositor e musicólogo

lucense Bal y Gay. Este evento, no que colaboraron a Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales do Ministerio de Cultura (SECC), José García Velasco e a Residencia de Estudiantes, supuxo unha reivindicación da súa traxectoria vital. Nesta mesma liña hai que citar o apoio dado pola Universidade á candidatura do patrimonio inmaterial galego-portugués a Patrimonio da Humanidade ou á dixitalización de fondos da Biblioteca universitaria.

No curso 2004-05, 12.678 persoas participaron na actividade tanto deportiva como de lecer que a USC puxo a disposición, non só da comunidade universitaria dos campus de Santiago e Lugo, senón do conxunto da sociedade. Este ano, ademais do deporte universitario, escolas deportivas e deporte federado, púxose en marcha o programa “participación libre e usuarios de instalacións” que deu a oportunidade á cidadanía de empregar as instalacións universitarias, cunha participación de 2.707 persoas nos Campus de Santiago e de Lugo.

A USC leva nove anos apostando pola participación da comunidade universitaria en proxectos de solidariedade. No ano 1996 creou a Oficina de Voluntariado, primeiro en Santiago e un ano despois en Lugo. A oficina traballa na programación, deseño e comunicación de actividades de voluntariado e participación social, así como no desenvolvemento da integración universitaria e coordina, ao longo deste período, as actividades de máis de 3.000 voluntarios. O perfil do voluntario universitario da USC identifícase no 2005 cunha muller (88 %) con idades comprendidas entre os 20 e os 22 anos; tres de cada dez proceden da Facultade de Psicoloxía, seguida de Ciencias da Educación (13,8 %) e Medicina (8,6%). Xunto ás accións de voluntariado a Universidade organiza un máster sobre Cooperación Internacional e Voluntariado que acadou a súa oitava edición e potencia actividades de formación nos ámbitos do voluntariado e a participación social recoñecidas con créditos de libre configuración. Neste curso hai que salientar a creación da Cátedra para a Paz, a Solidariedade e o Desenvolvemento, patrocinada pola Fundación Pastora Campos Goldner. Con esta cátedra preténdese contribuír á cultura da paz mediante

o emprendemento de accións solidarias en favor dos máis necesitados e, en especial, dos estudantes con limitacións físicas e sensoriais así como a incentivación de programas de investigación para o desenvolvemento das persoas e dos pobos.

O compromiso social das universidades implica o deber de achegar ao cidadán a realidade tecnolóxica na que vive. De aí a necesidade das actividades de difusión da ciencia. Na USC existen dous centros cunha importante tradición neste campo: o Observatorio Astronómico Ramón M^a Aller e o Museo de Historia Natural “Luis Iglesias”, ambos os dous viñeron facendo unha importante labor social contribuindo á mellora do coñecemento científico e da percepción pública da ciencia. O Museo e o Observatorio cumpren tamén unha función de apoio e complemento á educación formal, e así son visitados cada ano por numerosos escolares. Neles preséntanse aspectos da ciencia que difiren, en contido e forma, dos propios dos centros docentes e que están máis relacionados coa actualidade e a interdisciplinabilidade. No ano 2005 é imprescindible destacar a participación destes centros nos actos da Semana da Ciencia en Galicia e a organización da exposición da colección malacolóxica Rolán, unha das máis importantes do mundo no seu campo, doada ao Museo Luis Iglesias polo seu propietario.



11.1

A actividade cultural da USC

11.1 A / A ACTIVIDADE CULTURAL DA USC

A Universidade de Santiago é un dos principais axentes dinamizadores da vida cultural das cidades nas que está presente.

O compromiso coa sociedade e a conciencia deste papel impregna a oferta cultural da USC que abarca a promoción, produción, formación e difusión da cultura en todas as súas manifestacións, dirixida non só aos membros da Comunidade Universitaria, senón a toda a sociedade.

11.1 A 1 / Actividades de promoción cultural co obxectivo de fomentar a realización de actividades culturais e estimular a creación cultural.

Estas actividades dirixidas, inicialmente á comunidade universitaria, logran estenderse alén cando supoñen a implicación de distintos axentes públicos e privados.

A PROGRAMACIÓN CULTURAL EN CIFRAS	2004	2005
Concertos de música e danza	44	61
Exposicións	26	20
Ciclos de cine	4	4
Filmes proxectados	70	83
Cursos de verán	20	21
Matriculados en cursos de verán	1.100	1.111

- Maratón fotográfico do Campus de Lugo. No ano 2005 acadou a súa edición número XI coa participación de 50 estudantes.
- Convocatoria de axudas a proxectos culturais para a comunidade universitaria.
- Cuarta edición do Certame de Curtametraxes. Organizado polos bolseiros de actividades socioculturais do Colexio Maior Rodríguez Cadarso.
- Certame Campusons de rock en galego para artistas universitarios noveis. Acadou no 2005 a súa 2ª edición. Está promovido pola casa discográfica Sons Galiza, coa participación das tres universidades (a da Coruña incorporouse nesta edición) e os sete concellos das cidades que teñen campus universitarios (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo).

11.1 A 2 / Actividades de formación destinadas a ampliar os coñecementos en distintas disciplinas e actividades artísticas.

En todas elas a Universidade procura establecer e consolidar lazos cos axentes implicados na promoción da cultura e a arte, por iso moitos dos cursos e talleres impartidos están dirixidos por profesionais vinculados a Lugo e Santiago.

Neste apartado hai que destacar a oferta de Cursos de Verán nos que a USC fixo un esforzo especial por estendelos a outras cidades distintas de Santiago e Lugo.

No ano 2005 máis da metade dos cursos tiveron a súa sede en vilas das provincias da Coruña, Pontevedra e Lugo.

CURSOS DE VERÁN 2004-05

Nº Cursos	Cidades
8	Santiago de Compostela
4	Lugo
Provincia da Coruña	
1	Noia
Provincia de Lugo	
1	Foz
1	Sarria
1	Seoane do Caurel
Provincia de Pontevedra	
1	Caldas
1	Catoira
1	Lalín
2	Vilagarcía de Arousa

11.1 A .3 / Organización de concertos, exposicións, representacións de teatro, proxeccións cinematográficas e outras actividades culturais

Neste ano a USC, ademais da celebración do centenario do nacemento do musicólogo lucense Bal y Gay, a USC se sumou á conmemoración dos 200 anos do nacemento de Luigi Boccherini.

Dentro das actividades musicais é importante salientar o mantemento do programa Ópera Aberta e a sexta edición do ciclo Tribos Ibéricas. Iniciativas coas que a USC consolida o seu obxectivo de ofrecer ocio formativo e calidade pedagóxica, ofrecendo conferencias lúdicas pero con vocación formativa.

No ámbito teatral cómpre destacar a consolidación das actividades promovidas pola USC, tanto en Santiago como en Lugo, en particular o Festival Internacional de Teatro Universitario que, no ano 2005, acadou a súa edición número 11.

No apartado de exposicións é importante salientar que, xunto á actividade promovida pola Vicerreitoría de Extensión Cultural con éxitos de público tan notables como os 24.757 visitantes que recibiu a exposición “os talleres de Zuloaga”, existen iniciativas promovidas polos centros e residencias universitarias.



MÚSICA

- **Ciclo de música de Cámara “Luigi Boccherini e a música do seu tempo, a música na corte de Madrid no século XVII”** (Campus de Compostela e Campus de Lugo).
- **“VI edición do ciclo Tribos Ibéricas: mulleres que chegaron de lonxe”** (Campus de Compostela e Campus de Lugo).
- **“Ópera Aberta”**, (Campus de Compostela e Campus de Lugo).
- **Terceira edición do Festival Internacional de Música Antiga de Santiago de Compostela.** (Campus de Compostela).
- **Colaboración coa Asociación Galega da Lírica Teresa Berganza no VII Ciclo Novos Intérpretes** (Campus de Compostela).
- **Convenio de colaboración coa Sociedade Filharmónica Lucense** (Campus de Lugo).

TEATRO

- **Undécima edición do Festival Internacional de Teatro Universitario** (Campus de Compostela e Lugo).
- **Terceira Edición Mostra de Teatro Cidade de Lugo.**
- **Sexta edición da Mostra de Teatro Universitario da USC.**

DANZA

- **Terceira edición do Encontro Europeo de Danza Universitaria** celebrado en Santiago e Lugo.

CINE AUDIOVISUAL E IMAXE

- **Máis de 30 sesións de cine** en colaboración co Cineclub Compostela (Campus de Compostela).
- **Ciclo de cine cubano na literatura** en colaboración coa Cátedra Alejo Carpentier (Campus de Lugo).
- **Rede de curtametraxes ON.**

EXPOSICIÓNS

- Mostra fotográfica “O Voto feminino en España”
- “A vertixe na mirada”
- “Rostros. O retrato no limiar do século XXI”
- “Cinematógrafos de Galicia [1896-2002]”
- “Carteis dos xogos da Olimpíada”
- “E-2x Desastres Estruturados”
- Fotografías de François Méchain
- Asia nas coleccións do Museo Nacional de Artes Decorativas
- “Galicia en cartel. A imaxe de Galicia na cartellaría turística”
- “Os talleres de Zuloaga”
- “Deseñadores para un mito. Homenaxe a Toulouse-Lautrec”
- “Incursións. Fernando Páez”
- Mostra fotográfica “Yuyanapaq. Para lembrar”
- Lugares de Culto



11.1 A 4 / A difusión da cultura tamén abarca a recuperación daqueles intelectuais que, a pesar de contribuír decisivamente ao panorama científico ou cultural do seu tempo, foron esquecidos ou non gozan de recoñecemento. No ano 2005 a USC conmemorou o centenario da morte de Bal y Gay, do compositor e musicólogo lucense. Nesta mesma liña hai que citar o apoio dado pola Universidade á candidatura do patrimonio inmaterial galego-portugués ao Patrimonio da Humanidade.



Actividades de conmemoración do centenario do nacemento do músico Jesús Bal y Gay.

Foron organizadas pola USC, conxuntamente coa Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, a Consellaría de Cultura, a Residencia de Estudiantes e Lugo Cultural:

- Exposición "Tientos e silencios. Jesús Bal y Gay (1905-1993)" que se exhibiu en Lugo, Santiago de Compostela e Madrid.
- Ciclo de concertos itinerantes polas tres sedes da exposición con obras de Bal y Gay, de Rosita García Ascot, do Grupo de los Ocho, Igor Stravinski, Rodolfo Halffter, Manuel de Falla, Francis Poulenc e Maurice Ravel, entre outros.

O Consello de Goberno da USC acordou secundar e promover a iniciativa da asociación cultural e pedagóxica "Ponte... nas ondas!" de candidatar ao patrimonio inmaterial galego-portugués diante da UNESCO a Obra Mestra do Patrimonio da Humanidade. A Universidade de Santiago súmase deste xeito á declaración institucional do Parlamento de Galicia do 26 de outubro de 2005.

11.1 A 5 / A fonoteca é unha instalación universitaria que está aberta ao público en xeral, realizando unha importante labor no eido da promoción e da divulgación da música. Ademais das actividades de préstamo, audición e proxeccións, a fonoteca pon a disposición dos membros da USC a súa sala de audicións colectivas para ensaios musicais de grupos instrumentais, de coros, ou individuais. Tamén, e desde 2004, subscribiuse á Naxos Music Library, e pódese acceder a todo o seu catálogo, que consta de 5500 rexistros musicais (85.000 pistas).

Un ano máis a fonoteca continuou ofrecendo o programa Música en Imaxes ca proxección todos os xoves de documentos audiovisuais relacionados co mundo da música.

FONDOS DA FONOTECA

Gravacións sonoras	6683
Discos analóxicos	3533
Casetes	217
Discos compactos	2933

A FONOTECA EN CIFRAS

	03-04	04-05
Usuarios	431	330
Audicións	1.028	610
Préstamo de CD	4.866	4.148
Proxeccións musicais	33	34



11.1 B / A DIFUSIÓN DA CIENCIA

11.1 B 1 / O MUSEO DE HISTORIA NATURAL “LUÍS IGLESIAS”

A actividade do museo e o valor das coleccións nel depositadas foron as razóns polas que o doutor Emilio Rolán Mosquera, considerado internacionalmente como un dos máis importantes especialistas en malacoloxía, decidiu no ano 2004 doar ao museo a súa colección malacolóxica. O doutor Rolán, é investigador *ad honorem* da USC, médico pediatra, profesor da Universidade de Vigo.

O museo ten nunha importante actividade no eido da divulgación científica, organizando diversas exposicións e cedendo en préstamo pezas dos seus fondos para iniciativas de divulgación científica organizadas por diversas institucións.

Exposicións:

- “Un mundo de formas e cores: A colección Rolán”
- “Os minerais industriais de Galicia: orixe, transformación e uso”

Convenios de colaboración para actividades de difusión da ciencia:

- Convenio de cooperación entre a Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a III fase da dixitalización de imaxes da catalogación dos fondos depositados no Museo de Historia Natural “Luis Iglesias” da Universidade, asinado o 21 de febreiro de 2005 por un valor de 36.000 ¤.
- Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago para o financiamento de actividades do Museo de Historia Natural no período que abrangue desde o 1 de xaneiro de 2005 ata o 31 de decembro de 2005, asinado o 17 de decembro de 2004 por un importe de 24 000 euros.





Divulgación en ensinos medios: programas de visita de estudantes de ensinos medios ao Museo Luis Iglesias.

	2004	2005
Centros que visitaron o museo	177	168
Número total de estudantes visitantes	8.026	7.258

Publicacións e elaboración de material didáctico

- Publicación do catálogo da exposición: “Un mundo de formas e cores: A colección Rolán”.
- Elaboración de material didáctico para a exposición “Os minerais industriais de Galicia: orixe, uso e transformación”.

11.1 C / Actividades da BUSC

A biblioteca da Universidade de Santiago ten unha longa traxectoria, non só no eido da conservación dos fondos dos que é depositaria, senón tamén na divulgación da súa riqueza. As actuacións dirixidas á dixitalización de fondos, á organización e colaboración en exposicións e ao funcionamento do Servizo de préstamo a domicilio (28.949 préstamos no 2005) ou o préstamo interbibliotecario son boa mostra diso.

	2004	2005
Préstamos a terceiros	28.949	18.516(*)

* só se dispón de datos correspondentes ao período abril-décembro 2004

Colaboracións con exposicións :

- “A Galicia Moderna”, sedes Centro Galego de Arte Contemporánea e *Círculo de Bellas Artes de Madrid*.
- “30 anos de exilio Saharaui”, Asociación Enxeñaría sen Fronteiras, Biblioteca Intercentros Campus de Lugo.
- “Para o deus Breo Brero. Aras do Facho de Donón”, Museo Municipal de Quiñones de León, Vigo.
- “*El Quijote en las Bibliotecas Universitarias Españolas*”, *Universidad de Castilla-La Mancha*, (sedes de Ciudad Real e Albacete).
- “A Galicia Industrial (1750-2005)”, Fundación Barrié de la Maza, A Coruña.
- “Os artistas de Anxel Casal”, Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela.
- “*Las Universidades Hispánicas en tiempos del Quijote*”, *Universidad de Alcalá, Consejería de Cultura y Deportes de la Comunidad de Madrid, Comisión IV Centenario de El Quijote*, Madrid.
- “*España Medieval y el Legado de Occidente*”, *Sociedad Estatal para la Acción Cultural Exterior en Museo Nacional de Antropología (México)*, e Museo de Historia Castillo de Chapultepec.

Producción propia:

- Día das Letras Galegas: exposición dedicada a Lorenzo Varela.
- “Fondos Históricos de Física da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago”. Semana da Ciencia e da Tecnoloxía de Galicia.

11 1 D / OBSERVATORIO ASTRONÓMICO "RAMÓN M^a ALLER"

Fundado en 1943 como continuación do observatorio particular que posuía en Lalín (Pontevedra) o Dr. D. Ramón M^a Aller, ademais de desenvolver diversos programas de investigación e dun intenso labor docente nos últimos anos, ven facendo tamén, un amplo número de actividades de divulgación.



- **Eclipse anular de Sol:** especial seguimento do mesmo con xornadas públicas na Praza do Obradoiro e no Campus Sur. Instaláronse dous telescopios en Santiago para observar, a través da proxección nunha pantalla, a eclipse de Sol anular que tivo lugar o día 3 de outubro. **2.000 participantes.**
- **Novena edición do Programa de Extensión Cultural de Astronomía (PECAS)** que ten por obxecto dar a coñecer o mundo da astronomía, así como as funcións do observatorio, fundamentalmente a aquelas persoas que non teñen un contacto directo co ensino oficial desta disciplina. **400 participantes.**
- **Actividades da Semana da Ciencia e da Tecnoloxía de Galicia,** para o que recibiu financiamento do Ministerio de Educación e Ciencia e da Dirección Xeral de I+D+i da Xunta de Galicia. O programa incluíu conferencias, cursiños de astronomía, xornadas de portas abertas e actividades para nenos no propio observatorio. **800 asistentes.**
- **Recepción de numerosos grupos** de escolares, asociacións e colectivos cidadáns con observacións nocturnas no observatorio. **400 asistentes.**
- **Dirección das xornadas de astronomía** organizadas en agosto polo Concello de Ames. **200 asistentes.**

11.1 E / Universidade Viva

O proxecto “Universidade Viva”, que promoven conxuntamente a USC e o Concello de Santiago, pretende amosar o máis representativo do patrimonio histórico universitario, abrilo á cidadanía e poñelo en valor. O programa iniciouse como experiencia piloto en 2003 cun total de 160 visitantes. Desde o ano 2004 visitaron o patrimonio histórico da universidade 5.352 persoas, das que 5 de cada 10 proceden de congresos e reunións científicas, mentres que o 25% foron visitas institucionais e o resto de asociacións e iniciativas individuais. As sucesivas enquisas de satisfacción realizadas polos responsables do programa aos visitantes outorgan unha cualificación de 8 sobre 10 aos percorridos polo patrimonio. Tamén é altamente valorado o traballo dos guías, persoal elixido entre doutorandos de Xeografía e Historia da Arte.

Número de visitantes: 1987

	Idioma visitas:	Porcentaxes visitantes:
DATOS 2005	12% inglés	55% congresos e visitas institucionais
	75% castelán	15% asociacións sen ánimo de lucro (veciños, amas de casa..)
	12% galego	10% programa A Ponte
	2% outros	20% visitantes e turistas



11.1 F / Cátedras propias

As cátedras propias da USC teñen como finalidade desenvolver actividades complementarias ás propiamente académicas, tanto no ámbito da docencia como no da investigación. No curso 2004-05 creáronse tres novas cátedras:

- **A Cátedra de Empresa Familiar**, patrocinada por Caixanova, INDITEX, Asociación Galega de Empresa Familiar, e Instituto da Empresa Familiar comezará a funcionar no curso académico 2005-2006 e terá como obxectivo a análise, a investigación e a docencia da realidade, problemática e perspectivas da empresa familiar.
- **Cátedra para a Paz, a Solidariedade e o Desenvolvemento**, patrocinada pola Fundación Pastora Campos Goldner con sede nos Estados Unidos. Con esta cátedra preténdese contribuír á cultura da paz mediante o emprendemento de accións solidarias en favor dos máis necesitados e, en especial, dos estudantes con limitacións físicas e sensoriais así como a incentivación de programas de investigación para o desenvolvemento das persoas e dos pobos.
- **Cátedra “Juana de Vega” de Formación e Investigación**. Patrocinada pola Fundación Juana de Vega. Ten por obxectivos promover o debate, a reflexión, a investigación e o desenvolvemento de actividades que conduzan á realización de proxectos de investigación sobre a presenza do pensamento ilustrado e liberal na Galicia contemporánea, atendendo á achega das mulleres, e especificamente á vida e obra de Juana de Vega, así como ao estudo das iniciativas e os procesos modernizadores do agro galego desde o século XIX.

Cátedras vivas no ano 2005:

Cátedra de cultura cubana “Alejo Carpentier”
 Cátedra “Bolívar”
 Cátedra “Jose Angel Valente”
 Cátedra UNESCO de cultura Luso-Brasileira
 Cátedra UNESCO 226 sobre Migracións
 Cátedra “Valle-Inclán”
 Cátedra “Jean Monnet” de dereito constitucional europeo
 Cátedra “Jean Monnet” de dereito de integración europea
 Cátedra de Telemedicina de Telefónica
 Cátedra “Astrazeneca” de calidade asistencial en patoloxía cardiovascular
 Cátedra de nutrición clínica pediátrica “USC-Novartis”
 Cátedra de Empresa Familiar
 Cátedra para a Paz, a Solidariedade e o Desenvolvemento
 Cátedra “Juana de Vega” de Formación e Investigación

11.2 / Actividade deportiva

Durante o pasado curso un total de 12.678 persoas tomaron parte da oferta tanto deportiva como de lecer que a USC puxo a disposición do conxunto da sociedade a través das súas escolas universitarias e de deporte federado.



DEPORTE UNIVERSITARIO	2003-04	2004-05
Actividades deportivas	27	27
Participacións en ligas universitarias	4.086	3.541
Partidos disputados	1.513	1.336
Participantes en campionatos universitarios (*)	412	568

* unicamente se contan participantes en deportes individuais, os deportes en equipo xa se contabilizan en ligas universitarias

PARTICIPANTES POR TIPO DE CAMPIONATO (*)	2003-04	2004-05
Campionatos galegos universitarios	231	245
Xogos "Galaico-Durienses"	48	44
Campionatos de España Universitarios	144	108

*contabilízanse participantes en deportes colectivos e individuais

RESULTADOS CAMPIONATOS DE ESPAÑA UNIVERSITARIOS	2003-04	2004-05
Medallas de ouro	1	2
Medallas de prata	2	2
Medallas de bronce	2	1

DEPORTE FEDERADO E ESCOLAS DEPORTIVAS	2003-04	2004-05
Usuarios de instalacións	2.276	2.825
Matriculados en actividades deportivas	5.220	5.243
Deportistas federados	606	602

11.3

Compromiso Social e Voluntariado

A Oficina de Voluntariado traballa, desde o ano 1996, na programación, deseño e comunicación de actividades de voluntariado e participación social así como no desenvolvemento da integración universitaria.

Para a formación dos voluntarios a USC organiza o Curso de Formación Básica en Voluntariado (que no ano 2005 acadou a súa terceira edición con 214 inscritos) co obxectivo de familiarizar aos inscritos coa participación social e acción voluntaria no ámbito da saúde, da integración, dos maiores, da infancia ou do medio. O curso integra tamén un módulo práctico de habilidades sociais e está recoñecido con dous créditos de libre configuración.

A acción voluntaria impulsada desde a USC inscríbese nos seguintes ámbitos:

- Integración e sensibilización
- Educación
- Saúde
- Terceira idade
- Cultura e deporte
- Ecoloxía e medio natural

No curso 2004-05 rexistráronse 208 persoas como voluntarios, sendo maioritariamente mulleres así como das titulacións de Psicoloxía, Ciencias da Educación, Medicina e Ciencias da Comunicación.

RESUMO DE ACTIVIDADE	Santiago de Compostela		Lugo		TOTAL	
	03-04	04-05	03-04	04-05	03-04	04-05
Programas desenvolvidos	39	39	12	10	51	49
Participantes	631	222	55	32	686	254

PERSOAS ATENDIDAS POR PROGRAMA	03-04	04-05
Programas de apoio a persoas con necesidades especiais	300	350
Programas de apoio a nenos menores de 18 anos	193	186
Actuacións no ámbito da saúde	214	376
Asistencia de persoas maiores	86	63
Minorías étnicas	-	292
TOTAL	793	1.267

11.3 A / PROGRAMAS DE INTEGRACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

A USC aposta plenamente pola plena integración e a completa equiparación dos estudantes, persoal docente e persoal de administración e servizos que teñan algún tipo de necesidade especial, mediante a conxunción dos apoios dos voluntarios e profesionais, como é o caso de estudantes Erasmus con alto grao de discapacidade que están a ser acollidos nos campus de Santiago e Lugo.

No ámbito das minorías étnicas iniciouse no curso 2005 a colaboración con Galicia Acolle e a *Fundación Secretariado General Gitano*. En Galicia Acolle os voluntarios asisten aos emigrantes no servizo de “Primeira acollida”. Na *Fundación Secretariado General Gitano* o equipo de voluntariado desenvolve actividades enmarcadas no programa Kamelamos Guinar: prevención de drogas, SIDA e enfermidades de transmisión sexual dirixido a persoas do colectivo xitano, en colaboración coa Unidade municipal de drogodependencias (UMAD) do Concello de Santiago de Compostela.

A USC desenvolve programas encamiñados á denuncia de desigualdades existentes na sociedade. Estes son proxectos concibidos para a mellora, non só á comunidade universitaria, senón de toda a sociedade. Realízanse actividades para promover a adquisición de novos hábitos na comunidade universitaria, promovendo o consumo responsable, dando a coñecer os principios do comercio xusto e favorecendo o consumo de produtos ecolóxicos. Tamén se realizan campañas de recollida de axuda ou de promoción da acción solidaria.

PROGRAMAS DE APOIO A PERSOAS CON NECESIDADES ESPECIAIS

	03-04	04-05
Voluntarios/as	13	11
Persoas asistidas	300	350

MINORÍAS ÉTNICAS

	04-05
Voluntarios/as	14
Persoas asistidas	292

XORNADAS

- Xornada para dar a coñecer o comercio xusto: “Comercio xusto, economía e impacto na vida das persoas”
- Exposición itinerante: “Nas túas mans está un comercio responsable” organizada pola ONG Enxeñaría Sen Fronteiras.
- Xornadas “Voluntariado, infancia e menores”
- Xornadas “Voluntariado e interculturalidade”

PARTICIPACIÓN EN CAMPAÑAS

- III olimpíada solidaria de estudo “agora tes máis cousas construtivas que facer cos teus libros”, baixo o lema: “Se estudas cooperas”. Con esta iniciativa cada hora de estudo converteuse nun euro doado por diversas entidades colaboradoras que se destinou ao desenvolvemento de diversos proxectos, como a construción dunha escola en Kiryama (Burundi), dun centro de reforzamento de capacidades en Niere (Costa do Marfil), e dunha escola fogar para nenos orfos do Tsunami en Sri Lanka. A Universidade de Santiago recadou un total de 12.620 euros dos 757.174 minutos totais que os universitarios de Santiago e Lugo dedicaron ao estudo nos quince centros que participaban na olimpíada.

11.3 B / PROGRAMAS NO ÁMBITO EDUCATIVO

Ao longo destes anos as colaboracións neste ámbito foron das máis solicitadas polo voluntariado rexistrado na oficina. As actividades desenvolvidas englobábanse nos epígrafes seguintes:

- Educación e atención da infancia, no que ao longo do ano 2005 os 53 voluntarios da USC atenderon a 193 nenos menores de 18 anos
- Centros de mediación social
- Campañas de educación



EDUCACIÓN E ATENCIÓN DA INFANCIA: PROGRAMAS DE APOIO A NENOS MENORES DE 18 ANOS

	Santiago de Compostela		Lugo		TOTAL	
	03-04	04-05	03-04	04-05	03-04	04-05
Voluntarios	50	38	12	15	62	53
Menores atendidos	178	167	15	19	193	186

11.3 C / ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA SAÚDE

Son basicamente programas de apoio tanto aos a enfermos como as súas familias. Máis de 200 voluntarios e voluntarias colaboraron cos equipos terapéuticos das diferentes unidades e departamentos. No curso 2004-05 se asina un convenio de colaboración co SERGAS que estabiliza a colaboración con servizos e unidades do CHUS para favorecer a integración social, laboral e a vida autónoma das persoas con determinadas minusvalías ou problemas psíquicos.

A Universidade de Santiago contribuíu dunha maneira moi importante a que o índice de doazóns de sangue en Galicia se situara en 45 doazóns por cada 1.000 habitantes, por riba do que recomenda a Organización Mundial da Saúde (40 doazóns por cada 1.000).

11.3 D / ASISTENCIA A PERSOAS MAIORES

Os programas desenvolvidos consisten en accións de acompañamento domiciliario: con programas de respiro e programas de apoio aos familiares ou iniciativas que se realizan en residencias de maiores con actividades de ocio e tempo libre ou colaboración en talleres.

11.3 E / VOLUNTARIADO CULTURAL E DEPORTIVO

Os programas desenvolvidos realízanse en colaboración con entidades como museos ou fundacións, manténdose as cifras de participación respecto o curso anterior .

ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA SAÚDE	Santiago de Compostela		Lugo		TOTAL		
	03-04	04-05	03-04	04-05	03-04	04-05	
Voluntarios	84	110	3	5	87	115	
Persoas asistidas	120	190	7	12	127	202	
Día Mundial contra a SIDA (voluntarios/as)						35	
Día Mundial contra o cancro (voluntarios/as)						24	

- Campañas de doazón de sangue: durante o primeiro trimestre do curso 2004-2005 na USC realizáronse 1.495 doazóns de sangue, cun incremento do 5 por cento respecto ao mesmo período do curso anterior, se ben no conxunto das universidades galegas tivo lugar un descenso do 1,5 por cento.

ASISTENCIA A PERSOAS MAIORES	Santiago de Compostela		Lugo		TOTAL	
	03-04	04-05	03-04	04-05	03-04	04-05
Voluntarios	39	20	5	-	44	20
Persoas maiores asistidas	80	63	6	-	86	63

11.3 F / VOLUNTARIADO AMBIENTAL

O plan de desenvolvemento sostible da USC, dentro do eixe estratéxico de divulgación, participación e sensibilización, considera o voluntariado como unha actividade fundamental, polo que se crea a figura do voluntariado ambiental. Ademais das actuacións desenvolvidas ao abeiro de iniciativas contempladas no propio plan, hai que destacar a segunda edición do Programa “deixa a túa pegada” e a celebración do día mundial da auga.

Segunda edición do Programa “deixa a túa pegada 04-05” con voluntarios e voluntarias de distintas universidades que colaboraron no desenvolvemento de accións de carácter ambiental ou social en diferentes zonas ou vilas polas que pasan os camiños de Santiago. Neste programa están a colaborar estudantes universitarios de Italia, Alemaña, Bélxica e do resto do Estado español, así como membros da Asociación Itinera, de voluntariado en saúde mental.

11.3 G / OUTRAS ACCIÓNS

Ao longo do ano 2005 23 voluntarios participaron en diversas actividades promovidas pola USC.



12

O compromiso co desenvolvemento sostible e o noso comportamento ambiental



O compromiso co desenvolvemento sostible e o noso comportamento ambiental

Para a posta en marcha do Plan de Desenvolvemento Sostible priorizouse a creación dunha estrutura estable para asegurar a participación continuada de toda a comunidade universitaria en actuacións relacionadas co mesmo.

A estrutura comezou coa creación dunha coordinadora do plan. Esta comezou fomentando a participación dos centros docentes a través do nomeamento de coordinadores do plan nos centros. A colaboración dos estudantes foméntase a través da existencia de bolseiros de sostibilidade, participación e integración universitaria (un por centro docente). O Plan aprobouse en novembro de 2003, establecéndose a estrutura de coordinación en febreiro de 2004. Comezaron entón a desenvolverse as distintas actividades que foron seleccionadas como prioritarias, ben pola súa demanda no seo da USC ou no contexto das universidades españolas, ou ben por estar xa dalgún xeito iniciadas. Todas as actividades desenvolvidas organízanse en torno aos tres eixes do Plan:

- Eixe 1: Xeración de coñecemento e educación ambiental
- Eixe 2: Planificación, xestión e avaliación medio ambiental
- Eixe 3: Divulgación, participación e sensibilización

Faremos pois, unha breve referencia a cada un dos eixes e das actividades e proxectos que se desenvolveron no 2005. O máis salientable dos informes está dispoñible a través da web do Plan: <http://www.usc.es/plands>



12.1

Eixe 1: xeración de coñecemento e educación medio ambiental

Os obxectivos deste eixe son incrementar a oferta académica con contidos de desenvolvemento sostible (ambientalización curricular) e, no campo da investigación, impulsar alternativas para resolver a interrelación entre a actividade humana e o medio.

12.1 A / Aprobación do documento “Directrices de sostenibilización curricular de los estudios universitarios”, polo grupo de traballo da Conferencia de Reitores de Universidades Españolas (CRUE), sobre calidade ambiental e desenvolvemento sostible, ao que pertence a USC.

Neste documento realízanse recomendacións para incorporar a sostibilidade á docencia e investigacións nas universidades. Faise referencia á necesidade de revisar o xeito en que se imparte docencia e os contidos da mesma para introducir coñecementos ambientais e sociais e proporcionar tamén unha educación en valores e actitudes que se require para o correcto exercicio da actividade profesional.

12.1 B / Creouse a Aula de enerxías renovables, a través dun convenio asinado coa ETSE, que se compromete a impulsar a consolidación, mantemento e funcionamento da Aula e a liderar a súa dirección.

Os obxectivos da Aula son dar a coñecer as enerxías renovables dentro e fóra da USC e fomentar a docencia e a investigación nesta materia. No convenio establécese, entre outras actividades, que se organizarán visitas á exposición permanente da Aula e ás instalacións de enerxías renovables na ETSE, así como a organización periódica de cursos.



12.2

Eixe 2: Planificación, xeración e avaliación ambiental

O obxectivo deste eixo é promover e desenvolver prácticas destinadas a maximizar os beneficios e diminuír os riscos ambientais da actividade universitaria.

12.2 A / Estudo de contaminación lumínica e elaboración de medidas correctoras

Comezouse a desenvolver un estudo da situación dos campus da USC en materia de contaminación lumínica.

Como consecuencia deste estudo, inventariáronse 919 focos de luz nos campus de Santiago e 242 no campus de Lugo, polo que se propuxeron unhas medidas correctoras indicando que luminarias deberían ser substituídas por outras, en caso de ser posible, así como unha serie de medidas correctoras urxentes para as inmediacións do Observatorio Astronómico Ramón María Aller.

12.2 B / Xestión ambiental en contratas e servizos.

No eido da Xestión Ambiental, establecida como liña de actuación no Plan de Desenvolvemento Sostible, preténdese promocionar a introdución de criterios ambientais nas contratas e nas compras que realice a USC, de xeito que se fomenten os principios de responsabilidade social e protección do ambiente. Analizáronse as propostas en relación cos produtos de limpeza empregados e se dispoñían certificacións ambientais.



Tipo de contrata ou servizo	Liña de actuación
Vending (máquinas expendedoras)	Posta á venda de snacks e café de comercio xusto
Unitenda	Comercialización de produtos de comercio xusto proporcionados por ONG (camisetas, libros de contos)
Cafetarías	Cafetarías “verdes”: colaboración no reciclado de aceites usados, recollida de vidro e envases lixeiros, utilización prioritaria de envases de vidro fronte aos de plástico,...

12.2 C / Xestión de residuos

Mediante a información e realización de campañas de sensibilización, facendo aos centros partícipes activos nelas, preténdese concienciar á comunidade universitaria do uso dos distintos contedores de recollida selectiva do lixo, poñéndoos á súa disposición e establecendo puntos limpos en cada centro para a súa localización centralizada. Asemade, preténdese establecer un diálogo cos Concellos onde están situados os campus, así como coas empresas coas que teñen establecidas contratas para que tamén tomen parte do interese da USC pola recollida e xestión de residuos.

12.2 C 1 / Xestión de residuos non perigosos

Neste apartado a USC céntrase na xestión do papel e do aceite de cociña usado.



Registro de contedores distribuídos polo PDS	
	03.04 / 10.05
Papeleiras	771
Papel	72
Pilas	38
Tóner	39
Móviles	8

Tipo de residuo non perigoso	Accións
Papel	Colocación de bandexas para o depósito de papeis usados por unha soa cara en bibliotecas e salas de lectura
	Campaña para a redución do consumo
	Reciclado
	Sobres de varios usos
Aceite de cociña usado	Material en papel e cartón reciclables dispoñibles na imprenta universitaria
	Carteis para a correcta impresión de documentos nas Aulas de Informática
	Convenio coa Plataforma polo Emprego para a recollida e tratamento dos aceites no campus de Santiago
	Busca de empresas para recollida no campus de Lugo
	Recollida destes aceites en todas as cafeterías, comedores e cociñas de todos os colexios maiores e residencias universitarias
Carteis divulgativos sobre o proceso de transformación de aceites en biodiesel	

12.2 C 2 / Xestión de residuos tóxicos e perigosos

Hai unha diminución do 3,95% na produción de residuos perigosos da USC. Continúa o plan de minimización de residuos tóxicos e perigosos nos centros da USC que máis producen dentro de cada categoría. A implantación progresiva do mesmo fai que afloren residuos que non aparecían en anos anteriores, do mesmo xeito que outros diminúen sensiblemente, xa que os datos do ano pasado reflexaban primeiras recollidas que deron saída a produtos almacenados, como é o caso da recollida de equipos electrónicos.

A USC dispón dun procedemento específico para a recollida de equipos electrónicos que cumpre os requirimentos previstos no Real Decreto aprobado en febreiro de 2005 sobre aparatos eléctricos e a xestión dos seus refugallos.

Para a recollida de teléfonos móbiles a USC participou na campaña “Doa o teu móbil”, promovida por Cruz Vermella e Entreculturas- Alboán. Desde a coordinación do Plan de Desenvolvemento Sostible xestionouse a distribución de contedores e promoveuse unha campaña de sensibilización dirixida a toda a comunidade universitaria, incidindo nos beneficios sociais que se acadan, ao tempo que se impide que os residuos perigosos destes elementos rematen depositados no contorno.

Residuo	2004	2005
Residuo de laboratorio en pequenos envases	3.745	3.735
Disolventes haloxenados	4.565	8.000
Disolvente non haloxenado	4.840	4.720
Disolucións inorgánicas alcalinas	250	305
Disolucións inorgánicas ácidas	365	910
Disolucións con materiais pesados	2.570	3.370
Disolucións acuosas de compostos orgánicos	1.545	3.305
Auga residual con materia orgánica	570	125
Silicaxel contaminado	460	830
Absorbentes contaminados	0	10
Líquidos de revelado	1.610	1.540
Mercurio metálico	25	60
Baterías salinas	220	0
Baterías de chumbo	180	900
Placas radiográficas	200	0
Filtros de cabina	0	0
Halón	0	0
Filtros-resinas de intercambio iónico	15	105
Cerámica con mercurio	10	0
Aceites usados	1.150	275
Equipos electrónicos	20.350	12.000
Residuos de envases metálicos	350	900
Residuos de envases plásticos	0	220
Residuos de envases de vidro baleiros e vidro laboratorio	2.700	4.650
Envases baleiros contaminados	1.272	700
Gasóleo con auga	0	0
Material contaminado con fuel óleo	0	90
Filtros de aceite	0	0
Tubos fluorescentes	1.375	1.580
Residuo biosanitario especial	2.310	2.160
Residuo citolóxico	5.515	3.450
Tóner e tintas de impresión	380	400

Datos de xeración de residuos perigosos: quilos por tipo de residuo

12.2 D / Divulgación e fomento da docencia e da investigación baseadas nos principios da *química verde* ou *química sostible*:

Este proxecto xurde en colaboración cos coordinadores do Plan de Desenvolvemento Sostible da Facultade de Química e da Facultade de Ciencias.

Elaborouse un cartel cos principios básicos da *química verde* (respectuosa co medio e que se ocupa do deseño de produtos ou procesos químicos que reduzan ou eliminen o uso e produción de substancias perigosas, para así prever a contaminación) para distribuír nos laboratorios en que se realicen prácticas susceptibles de incorporar estes principios.

12.2 E / Xestión enerxética: Plan de optimización enerxética

No ano 2005 desenvolveuse unha campaña de sensibilización co obxecto de que a comunidade universitaria adquira e perciba hábitos de racionalización de consumo de enerxía na súa actividade cotiá.



12.2 E 1 / Diminúe o consumo de enerxía eléctrica respecto a anos anteriores. O descenso na xeración de electricidade foi debido a problemas técnicos que impediron o funcionamento dos motores de coxeración durante algúns períodos do ano, de xeito que a porcentaxe de dispoñibilidade baixou ata o 29,4% nalgúns módulos.

Ampliouse a dotación do sistema de coxeración coa instalación dun módulo no Instituto de Cerámica para alimentar este edificio e a Escola Técnica Superior de Enxeñaría.



	2004	2005
Autoxeración de enerxía eléctrica (Kwh)	8.484.584	5.232.681
Porcentaxe sobre o total de consumo eléctrico	43,88%	27,63%
Aproveitamento da coxeración en enerxía calorífica (Gasóleo-litros)	628.559	676.705
Porcentaxe sobre o total de consumo de enerxía calorífica	34,87%	36,14%

	2004	2005
Total consumo electricidade (Kwh)	19.335.334	18.939.877
Contribución por parte da compañía distribuidora (Kwh)	10.850.750	13.707.196
Contribución sobre o total	56,12%	72,37%
Contribución da pranta de coxeración	8.484.584	5.232.681
% sobre o total	43,88%	27,63%
Xeración de electricidade (Kwh)*	10.492.373	6.746.864
Venda de enerxía excedente (Kwh)	2.007.789	1.514.183

* Cae a xeración de electricidade respecto ao ano 2004 debido a avarías nos motores das prantas de coxeración



Edificios con subministro enerxético a través do sistema de coxeración (Campus de Santiago)




Campus norte	Facultade de Filoloxía
	Facultade de Ciencias da Comunicación
	Residencia Burgo das Nacións
Campus sur	Colexio maior Fonseca
	Colexio maior Rodríguez Cadarso
	Colexio maior San Clemente
	Residencia universitaria Monte da Condosa
	Edificio multiusos Monte da Condosa
	Facultade de Física (inclúe ampliación)
	Escola Universitaria de Óptica
	Facultade de Psicoloxía, Facultade de Ciencias da Educación, Facultade de Filosofía- servizos comúns, aulario da Facultade de Psicoloxía
	Facultade de Bioloxía
	Facultade de Matemáticas
	Escola Técnica Superior de Enxeñaría
	Pavillón de estudantes
	Instituto de Cerámica
	Facultade de Farmacia
	Facultade de Ciencias Políticas (inclúe ampliación)
Facultade de Dereito	
Escola infantil Breogán	
Estadio de atletismo	
Piscina universitaria	

12.2 E 2 / O baixo funcionamento dos motores de xeración impediu o aproveitamento da enerxía calorífica que producen e obrigou a recorrer a gasóleo para calefacción, de aí que se incrementara o seu consumo respecto ao ano 2004.

12.2 E 3 / Continúa a tendencia do ano pasado cunha diminución no consumo total de gas.

12.2 E 4 / Diminúe un 10% o consumo de auga no campus de Santiago e un 40% no de Lugo debido á reparación e mellora do subministro a algún centro.

	2004	2005
Consumo de gasóleo		
Litros gasóleo necesarios para satisfacer a demanda de enerxía calorífica na USC	2.380.223	2.531.521
Total consumo gasóleo (litros)	1.751.664	1.854.816
Redución do consumo de gasóleo por aproveitamento da coxeración (litros)	628.559	676.705



12.2 E 5 / Un ano máis, a aplicación das novas tecnoloxías baseadas na telesupervisión e telexestión das instalacións da USC, permitiu a monitorización da enerxía eléctrica, iluminación, forza, calefacción e caldeiras.



Edifícios/ instalacións telesupervisadas

Campus norte	Facultade de Filoxía Residencia Burgo das Nacións Facultade de Ciencias da Comunicación Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Campus histórico	Pazo de Fonseca Colexio San Xerome Casa López Ferreiro Casa da Balconada Facultade de Medicina e Odontoloxía Igrexa da Compañía Arquivo histórico Facultade de Xeografía e Historia Edificio Mazarelos (ICE)
Campus sur	Colexio maior Fonseca Colexio maior Rodríguez Cadarso Colexio maior San Clemente Residencia universitaria Monte da Condesa Edificio multiusos Monte da Condesa Facultade de Física (inclúe ampliación) Escola universitaria de Óptica Facultade de Psicoloxía, Facultade de Ciencias da Educación, Facultade de Filosofía- servizos comúns, aulario Facultade de Psicoloxía Escola Técnica Superior de Enxeñaría Facultade de Matemáticas Facultade de Bioloxía Instituto de Acuicultura Instituto de Investigacións e Análises Alimentarias Facultade de Farmacia Facultade de Ciencias Políticas Pavillón de estudantes Pavillón de servizos Instituto de Investigacións Tecnolóxicas Centro de Apoio Científico e Técnico da USC (CACTUS) Facultade de Dereito Escola infantil Breogán Casa de vivendas funcionarios Facultade de Química Pistas ao aire libre Pavillón polideportivo

12.3

Eixe 3: sensibilización ambiental e participación

As actividades desenvolvidas dentro deste eixe teñen como obxectivo a creación de conciencia ecolóxica que impulse a participación da comunidade universitaria en actividades ligadas á mellora ambiental da universidade en particular, e da sociedade en xeral.

12.3 1 / CONSOLIDACIÓN DO MODELO PARTICIPATIVO NA COORDINACIÓN DE TAREFAS ASOCIADAS AO PDS

Mediante a creación de bolsas de sostibilidade, participación e integración universitaria (SPIU), en colaboración coa Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Institucionais, que están dirixidas ao alumnado da Universidade para a posta en marcha e divulgación de actividades en cada un dos centros docentes da USC, así como o correcto desenvolvemento destas. Estas bolsas fomentan a participación e facilitan a planificación e a dinamización das actividades nos centros e fomentan o traballo en grupo.

Mantense unha rede de coordinadores do PDS nos centros docentes. Na actualidade, 26 coordinadores supervisan o traballo dos bolseiros SPIU e establecen un nexu entre a coordinación do Plan e os centros docentes.

Establécense colaboracións con unidades como a Oficina de Urbanismo, o Servizo de Prevención de Riscos, a Área de Deportes e o Observatorio Astronómico “Ramón María Aller” e con docentes e investigadores da USC para o desenvolvemento de actividades conxuntas e de proxectos xestionados a través de convenios.



No Curso 2004/05 concedéronse un total 25 bolsas Para desenvolver as actividades constituíronse 5 grupos de traballo, integrados por varios bolseiros e os seus respectivos coordinadores, nos que participan ata un máximo de 5 centros. A cada grupo se lle asigna unha temática diferente relacionada cun apartado do Plan:

- Calidade ambiental
- Deseño e ordenación urbana
- Xestión enerxética
- Difusión interna
- Difusión externa

12.3 2 / Participación en redes de traballo

A USC está integrada no grupo de traballo da Conferencia de Reitores de Universidades Españolas (CRUE) sobre calidade ambiental e desenvolvemento sostible, que está a traballar na elaboración dun documento con recomendacións xerais para a ambientalización curricular, tomando como referencia os principios da *Carta Copernicus* adaptados á realidade da universidade española.

A Universidade de Santiago está integrada na Rede Copernicus (*Cooperation Program in Europe for Research on Nature and Industry through Coordinated University Studies*), que é unha rede europea de universidades pola sostibilidade.

Aprobación do documento “Directrices de sostibilización curricular dos estudos universitarios” para o seu debate no seo da CRUE. Este documento recolle as achegas das diferentes universidades membro do grupo, tratando de establecer unhas pautas comúns en canto á introdución da sostibilidade nos planos de estudos que se elaboren cara a converxencia europea.

12.3 3 / Actividades de divulgación, sensibilización e participación

Elaboración da páxina web do PDS, na que se pode consultar o Plan específico que nesta materia ten aprobado a USC. Tenta divulgar o contido deste Plan e as accións relacionadas co mesmo que están en marcha. Tamén recolle novas e actividades relacionadas co ámbito do desenvolvemento sostible en xeral. A páxina establecerá unha canle de comunicación para todos aqueles membros da USC que queiran realizar suxestións neste ámbito.

Presentación do Plan de Desenvolvemento Sostible en diferentes cursos e xornadas:

- Xornadas de Voluntariado Ecolóxico e do Medio Natural (Santiago, Facultade de Ciencias Políticas, 1-3 de abril de 2005).
- III Curso de Formación do Voluntariado (Santiago e Lugo, 4-13 de novembro de 2005).
- Fomento e organización do voluntariado ambiental
- Convocatoria de 2 bolsas anuais polo Servizo de Residencias Universitarias: “bolseiros verdes”
- Elaboración de dípticos: “consellos para unha vida sostible”, “guía para a separación selectiva” e “guía de consumo enerxético responsable”.

12.3 4 / Avaliación da percepción dos problemas ambientais.

En xuño de 2005 realizouse unha enquisa nos centros docentes, coa intención de avaliar o grao de coñecemento do Plan un ano e medio despois da súa aprobación, así como adiviñar cales eran os problemas ambientais que no seo da USC se consideraban máis importantes e, polo tanto, prioritarios para ser acometidos no marco do Plan.

No informe que se derivou desta enquisa concluíuse que, sobre un 45% de persoas (PAS, PDI e estudantes) na USC coñecía o Plan de xeito superficial, pero só unha porcentaxe moi pequena podía citar campañas concretas desenvolvidas ao abeiro do Plan. Os problemas ambientais que máis preocupaban foron os derivados de usos e consumos enerxéticos e a xestión de residuos.

Grao de coñecemento dos problemas ambientais na USC e da existencia do Plan de Desenvolvemento Sostible			
	PDI	PAS	ESTUDANTES
Coñeces a existencia do PDS da USC? Si	47,9%	45,3%	23,7%
Valora, desde 1 (coñezo o básico) ata 5 (coñezoo moi ben) o grao de información que tes respecto do PDS agora mesmo. 1	44,7%	46,5%	42,1%
Indica que opinión tes do PDS tendo en conta o que coñeces del. Boa	35,2%	29,4%	39,3%
Chegouche a información desde a USC ou desde fóra da USC? Desde a USC	93,2%	58,1%	58,1%
Indica a través de que medios da USC recibiches a información			
Paxina web	65,3%	56,3%	18%
Folletos informativos	21,8%	19,7%	12%
Paneis informativos e carteis nos centros	18,5%	19,7%	30%
Compañeiros/as	37,1%	31%	52%
Profesores/as	11,3%	8,5%	10%
Medios de información alleos ao ámbito universitario			
Prensa e medios de comunicación	22,2%	66,7%	47,2%
Persoas alleas á USC	33,3%	16,7%	19,4%
Outros medios	33,3%	8,3%	36,3%
Vías de difusión máis axeitadas para a difusión de actividades do PDS			
Propaganda	38%	38,5%	50,2%
Presentacións públicas nos centros	37,3%	36,5%	39,2%
Información por correo electrónico	36,7%	35,6%	17,7%
Web da USC	27,2%	22,1%	13,1%
Outros	5,1%	6,7%	3,9%
Campañas máis coñecidas			
Recollida de papel, pilas ou tóner	80,7%	76,7%	77,35%
Aforro enerxético nos centros	59,3%	65,1%	48,9%

12.3 5 / Campaña de fomento do consumo responsable na USC

Dentro das actividades que o Plan contempla, dirixidas a fomentar o consumo responsable, ocupa un lugar destacado a promoción do comercio xusto. No ano 2005 a USC desenvolveu un Programa de Xornadas, charlas informativas e exposicións.

A USC elaborou, a través da Oficina de coordinación do Plan de desenvolvemento sostible, diverso material destinado a promover o consumo responsable incidindo nos aspectos relacionados co aforro enerxético e o tratamento de residuos.

Charlas informativas sobre o comercio xusto:

Campus de Santiago

- “Comercio xusto, economía e impacto nas vidas das persoas”, José Luis Quintela (Director Territorial de Intermón Oxfam Galicia), Escola Técnica Superior de Enxeñaría, Santiago de Compostela.
- “Cooperación ao desenvolvemento e comercio xusto”, Pilar Expósito Díaz e M^a Carmen Guisán Seijas, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Santiago de Compostela.

Campus de Lugo

- “Comercio Xusto: nas túas mans está un consumo solidario e responsable”, Clara Raposo González (Responsable da Asociación Cova da Terra), Lugo.
 - “Comercio xusto dentro dun mundo globalizado”, Lugo.
- Exposición itinerante sobre comercio xusto organizada pola ONG Enxeñeiros Sen Fronteiras (ESF) e que percorreu diferentes centros universitarios de Santiago e Lugo.



CONSELLOS... para unha "vida sos+ible"

O DESBALDO DE ENERXÍA E AUGA PASA FACTURA

- A enerxía máis limpa é a que non se usa.
- Sállalle o máximo proveito á luz natural.
- Apágate e desconecta da rede os aparatos eléctricos que non precisen.
- Configura o teu ordenador para que ao levar inactivo 10 minutos entre o programa de aforro de enerxía.
- Se non o vas utilizar durante máis de 1 hora convéñen apagalo.

- Reveña os aparellos que funcionen únicamente con pilas.
- Se utilizas pilas con asiduidade, opta por pilas recargables.
- Non deixes luces acesas en habitacións baleiras.
- Utiliza as escaleras en troques dos ascensores.
- Emprega a auga imprescindible e pecha ben as tiliñas.
- Se detectas fugas de auga nos centros avisa ao responsable de mantemento.
- Non uses o inodoro como papelera.

Un monitor acendido que non se está usando consume tanto coma unha lámpada de 100 W

MERCA DUN XEITO RESPONSABLE

- Na compra de material prioriza aqueles que teñan un certificado ecolóxico.
- Cando merques papel asegúrate de que é reciclado 100% e totalmente libre de cloro (TCF).
- Evita a compra de produtos que utilicen gran cantidade de embalaxes.
- Escolle alimentos frescos e de produción local fronte a produtos conxelados de procedencias afastada.
- Solicita produtos procedentes da agricultura ecolóxica e de Comercio Xusto.
- Antes de adquirir un produto, asegúrate de que sexa realmente indispensable.
- Reveña materiais dun só uso e opta polas que garantan unha longa duración e sexan biodegradables.

Cando mercas un produto de Comercio Xusto sabes que os dereitos do produtor son respectados

O MELLOR RESIDUO É O QUE NON SE XERA

- Utiliza o correo electrónico e imprime só o imprescindible.
- Utiliza produtos reciclados, reciclables e reutilizables.
- Lembra que antes de recolar debes pensar en minimizar ou reutilizar.
- Aproveita as cousas ata o final sempre que poidas.
- Emprega materiais alternativos ao plástico cando sexa posible.
- Non tires nada no chan. Tés papeleras ou contedores.
- Unha vez que obtexas o máximo proveito dun material deposita o residuo de forma selectiva no sitio axeitado.
- Cada tipo de residuo ten un contedor específico.

Unha pila de mercurio pode contaminar ata 600.000 litros de auga

Papel 100% reciclable e libre de cloro

Anexo I

Resumo de indicadores GRI



Resumo de indicadores GRI

Seguindo os criterios da Guía GRI 2002 para a elaboración de Memorias de Sustentabilidade, detallamos na táboa que acompaña, as correspondencias dos indicadores desta Guía cos capítulos da Memoria de Responsabilidade Social 2005, onde se ven reflectidos de maneira directa o indirecta.

Capítulo	Ámbito	Aspecto	Indicador GRI	Apartado Memoria RSC
1 Visión e estratexia			1.1	2
			1.2	1 // 2
2 Perfil da empresa			2.1	4
			2.2	5 // 6
			2.3	4.4
			2.4	4
			2.5	1 // 2
			2.6	1 // 2
			2.7	3
			2.8	8 // 10
			2.9	3
			2.11	3
			2.12	3
			2.13	3
			2.14	3
			2.15	3
			2.16	3
			2.17	3
			2.18	8
			2.19	9
			2.20	8
			2.22	3

N/A: Non aplica á USC

Capítulo	Ámbito	Aspecto	Indicador GRI	Apartado Memoria RSC
3 Sistema de xestión			3.1	4.4
			3.2	N/A
			3.3	N/A
			3.4	N/A
			3.5	N/A
			3.6	4
			3.7	2
			3.8	N/A
			3.13	3
			3.14	1//2//10//11//12
			3.15	12
			3.16	12
			3.17	9
3.19	8			
3.20	8 //12			
5 Indicadores de actuación	Económico	Cientes	EC1	N/A
			EC2	N/A
		Provedores	EC3	8
		Empregados	EC5	8 //10
		Provedores de capital	EC7	8
		Sector Público	EC8	8
			EC9	8
			EC10	11
			EC12	11
		Impactos económicos indirectos	EC13	9

N/A: Non aplica á USC

Capítulo	Ámbito	Aspecto	Indicador GRI	Apartado Memoria RSC
5 Indicadores de actuación	Ambiental	Materias primas	EN1	12
			EN2	12
		Energía	EN3	12
			EN17	12
		Auga	EN18	12
			EN5	12
			EN20	N/ A
		Biodiversidade	EN21	N/ A
			EN6	N/ A
			EN7	N/ A
			EN23	4
			EN24	N/ A
			EN25	N/ A
	EN26		N/ A	
	EN27		N/ A	
	EN28	N/ A		
	Emisións, efluentes e residuos	EN29	N/ A	
EN8		12		
EN11		12		
Produtos e servizos	EN12	12		
	EN31	12		
Social	Emprego	EN14	12	
		EN15	N / A	
		LA1	10	
		LA2	10	
		LA12	10	
	Saúde e seguridade	LA4	10	
		LA13	4 // 10	
		LA5	10	
		LA6	10	
		LA7	10	
LA14	2 // 10			

N/A: Non aplica á USC

Capítulo	Ámbito	Aspecto	Indicador GRI	Apartado Memoria RSC
5 Indicadores de actuación	Social	Educación e formación	LA9	10
			LA16	10
			LA17	10
		Diversidade e oportunidade	LA10	10
			LA11	10
		Estratexia e xestión	HR1	2
			HR2	2
		Non-discriminación	HR4	2
		Traballo infantil	HR6	2 // 10
		Traballo forzoso e obrigatorio	HR7	2 // 10
		Dereitos indíxenas	HR12	N/A
			HR13	N/A
			HR14	N/A
		Comunidade	SO1	9
			SO4	9 // 11 // 12
			SO5	N/A
Competencia e prezos	SO6	N/A		
	SO7	N/A		
Seguridade e saúde clientes	PR1	10		
	PR4	10		
	PR5	N/A		
	PR6	N/A		
Produtos e servizos	PR2	N/A		
	PR7	N/A		
	PR8	5		
Publicidade	PR9	N/A		
	PR10	N/A		

N/A: Non aplica á USC



COMO PARTICIPAR NO DESENVOLVEMENTO DO COMPROMISO SOCIAL DA USC

A USC entende que a atención ás expectativas e necesidades dos seus grupos de interese esixe facilitarlles oportunidades de participación. Na Universidade de Santiago consideramos que a apertura ao diálogo, a novas ideas, comentarios e críticas é un importante factor de mellora, xa que transforman a forma na que USC cumpre os seus compromisos.

A participación pode canalizarse a través de diferentes xeitos:

ACHEGANDO propostas concretas.

Trátase de propoñer ideas dirixidas a poñer en marcha plans, programas ou proxectos para satisfacer os compromisos da USC cos seus grupos de interese.

ACTUANDO

Participando activamente das accións organizadas e promovidas pola USC e os seus Servizos.

COMPARTINDO impresións

Ao longo desta memoria expoñeranse moitas vías das que a USC conta para dar cabida aos seus grupos de interese. Lembraremos aquí a máis directa, a través da Vicerreitoría de Calidade e Planificación, que direcciona as comunicacións específicas ás áreas pertinentes.

Vicerreitoría de Calidade e Planificación

Casa da Balconada

Rúa nova 6

15705 Santiago de Compostela

e-mail: vr Kaplan@usc.es

Tel: 981.547.193/ 981.563.100. Extensión: 11289

Fax: 981.547.180

